

CINEUROPA



SANTIAGO DE COMPOSTELA
6-29 NOVIEMBRE 2015

29^{edición}

PREZO ENTRADAS

4 euros

- | Sección Oficial *
- | Panorama Internacional
- | Maiores con reparos
- | Docs-Cineuropa**
- | Fantastique Compostela
- | Arturo Ripstein: Tributo e Retrospectiva *

* excepto filmes gratuítos para os que cómpre retirar invitación:

- "Le Nouveau" (proxección inaugural, venres 6, Teatro Principal)
- "Mediterranea". (proxección simultánea Premios LUX, mércores 11, Teatro Principal)
- "As Mil e Uma Noites: Volume 1" (proxección da entrega do Premio Cineuropa a Miguel Gomes, venres 13, Teatro Principal)
- "Profundo Carmesí" (proxección da entrega do Premio Cineuropa a Arturo Ripstein, xoves 19, Teatro Principal)

** excepto "Trumbo" (sábado 7 no Teatro Principal)
e "None without sin" (xoves 19 na Sede Afundación)
que son con entrada libre ata completar aforo.

Bono 10 películas + catálogo: 30 euros

Catálogo: 2 euros

Maratón Cineuropa (venres 27, Teatro Principal): 6 euros

venda anticipada

entradas.abanca.com/ / 902 434 443

Teatro Principal (15.30-22.00 h)

venda inmediata

Teatro Principal (ata 5 minutos antes do inicio de cada sesión
para as proxeccións do Salón Teatro e do Teatro Principal)

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- | Retrospectiva Artur Brauner
- | Especial Dominik Graf
- | Lembranza de Manoel de Oliveira
- | Lembranza de Vicente Aranda
- | Lembranza de Chichi Campos e Toñito Blanco
- | Panorama Audiovisual Galego
- | Disidencias
- | Proxeccións Especiais
- | OFF CINEUROPA
 - | Roxos e Marcianos: A caza de bruxas en Hollywood *
 - | Arthur Miller Centenario
 - | Ciclo Amos Kollek
 - | Filmadas en 1965
 - | Cineuropa recomenda-Cine de Culto
 - | Docs Music

* excepto filmes para os que que compre retirar invitación:
Maratón "Roxos e Marcianos" (venres 20, Teatro Principal)

ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS,
PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA

compostelacapitalcultural.org |  CompostelaCapitalCultural |  @CCultura

cineuropa.gal |  CineuropaFestival |  @Cineuropa_SCQ

Aquel ou aquela que vive en Compostela seguro que atopa na súa memoria momentos inesquecibles vendo cinema. É gratificante volver dar a benvinda en novembro, guarecidos da choiva e co inverno ás portas, a esta cita que é Cineuropa, un festival que atopa a complicidade de composteláns e compostelás que acoden aos pases dos filmes, recuperando rituais como a compra do abono, a espera do catálogo, a escolla na oferta e para os máis entregados a súa participación no maratón. Case tres décadas dan para moito.

Atoparemos de novo co cinema autor, filmes realizados cunha visión particular e moi persoal, do mundo que nos rodea, da realidade. Un cinema feito de historias próximas, cribles, sen concesións cuxos protagonistas buscan o seu lugar e son capaces de apelar aos sentimentos, intentando sobreporse ás barreiras sociais de xénero, ou de nacionalidade. É ese cine diferente, lonxe dos grandes circuitos comerciais, a máis importante sinal de identidade de Cineuropa á que non renunciámos.

Non é tampouco allea a este festival a fascinación que exerce a posibilidade de compartir noites cos premiados de cada edición, eses grandes do cinema como Arturo Ripstein ou Miguel Gomes. Ripstein, o controvertido cineasta da soidade das almas que xunto a escritora Paz Alicia Garcíadiego consolidaron a súa filmografía no máis alto do panorama cinematográfico. E Miguel Gomes, representante da vangarda portuguesa, que achega a Compostela desde Cannes a súa inclasificable 'As mil e uma noites' un relato dramático pero cargado de humor e amor para contar entre ficción e documental a identidade de Portugal, a lousa do poder económico e político que somete ás nacións. Estarán en Compostela, e con eles seguiremos a facer cidade afondando na cultura cinematográfica.

Veremos filmes premiados en Cannes, Berlín, Venecia ou Locarno; filmes avalados pola crítica e polo público, cintas que lembrarán aos amigos que nalgún momento viviron o festival como Manoel de Oliveira, Vicente Aranda ou Chichi Campos e Toñito Blanco; retrospectivas, como a que baixo o título *Roxos e Marcianos*, homenaxeará o cinema da caza de bruxas no Hollywood de McCarthy e os famosos guionistas represaliados coñecidos como os "Dez de Hollywood" sen esquecer o cinema galego da man de Lois Patiño, Aitor Rei, Xacio Baño, Xurxo Chirro, Jaione Camborda ou Diana Toucedo.

Vinte e nove edicións teñen marcado o camiño de consolidación dos novos cinemas abrindo as pantallas a outras narracións, a Latinoamérica, Asia, ás cinematografías máis audaces, disidentes, aos inquedos traballos deses nomes que ocupan os primeiros postos no cinema aberto, transgresor de Sokurov, Moretti, Greenaway ou Zulawski.

Cineuropa é cita cultural imprescindible, cunha programación adiantada ás tendencias do panorama cinematográfico contemporáneo. Proba diso é que o festival foi escollido nunha rede europea conformada por París, Bruxelas, Sevilla, Bucarest, Bratislava e Cork para a proxección simultánea dun dos filmes nominados aos Premios LUX: 'Mediterranea' de Jonas Carpignano, e posterior debate interactivo sobre a crise migratoria co seu director que será retransmitido en directo polo Canal Arte desde o Centro de Arte Bozar en Bruxelas.

Convocámosvos un ano máis para que cando se apaguen as luces no Teatro Principal, no Salón Teatro, no CGAC, na Sede Afundación ou na sala Mozart do Auditorio de Galicia, todos e todas volvamos gozar do cine.

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela

ESAS “PINCHES” NOITES DE CHOIVA E PEDRA

Como un chilotito tierno fulgurando bajo el sol...

Parafraseo a Carlos Mejía Godoy, que facía enxeñaría xenética e poética do sandinismo alá polos anos 80 do século pasado. Así naceu Cineuropa, do que pronto se cumprirán tres décadas: como un chilotito tierno. E o sol foi máis de marmelo ca de raios uva, porque qué imos contar do noso clima en novembro. A choiva non é unha marabilla, mais acompañou o festival nestes 29 anos. Coa mesma teimosía que Ken Loach.

Ou que Arturo Ripstein, cuxo cine nos engaiolou dende a edición primeira, con El Imperio de la Fortuna daquela. E xa nunca nos abandonou. Esas longas «pinches» noites de pedra e de choiva de Ripstein e novembro na Rúa Nova, nas que salas do Principal dende a inmersión nos espazos oclusivos, ebrios, lóbregos e canallas de La reina de la noche ou de Principio y Fin. E case che semellaban os soportais luminosas avenidas ás que tomarlles as rendas.

Pois Ripstein estará este ano acompañando a súa nova película. E é coma se se presentase de súpeto en Cineuropa un cosmos. Ou o deus pai do festival, coa súa tropa de grande esperpento e evanxeo das marabillas. Non fagan rogativas. Chegará Ripstein e choverá tamén sobre el, para que comprobemos que é humano.

Este festival, o 30 menos un, abre as súas esclusas, e xa saben que choverá cine e, canda el, celebracións e dramas, soños e sustiños, grandes esperanzas, vidas de reis e viláns, dende Macbeth ata Saul, o último xudeu vivo de Auschwitz.

Haberá moitos excursos cara á memoria: cara á Polonia de Son of Saul ou de Demon, que furga no seu fascismo do século XX, tan mal enterrado que xa mesmo renace. Cara ao

bombardeo de Bush O Vello sobre o barrio do Chorrillo na Invasión de Panamá. E ninguén dixo nada. Cara á rapazada «alegre e combativa» da Baader Meinhoff, nese imprescindible docu que é Une Jeunesse Allemande. Cara aos armenios insurxentes fronte ao otomano, en Une histoire de Fou, de Robert Geduigian, outro dos vellos amigos da casa. Cara aos últimos indios nativos de Wounded Knee, ou os maias non santos pero inocentes de Ixcanul. Cara ao JFK israelí, o día en que o complot da ultradereita e o fanatismo executou a Rabin na picota e se abandonou toda esperanza de que en Palestina non acontecesse un novo holocausto.

Lebraremos os nosos amores. Agora que xa non vive Truffaut, gocen de Arnaud Desplechin evocando a ferida dos amores temperáns. Sexan voyeurs das paixóns alleas, como a camareira Lynn, agochada baixo as camas dos seus hóspedes. Viaxen a México con Eisenstein e Peter Greenaway, outro pai fundador de Cineuropa, e asistan á súa epifanía do homoerotismo. Déixense acariñar polas musas de José Luis Guerín, quen tamén nos visitará persoalmente. Gocen dos encontros amorosos, tolos e astrais da euforizante Cosmos. Non se inquieten polo onanista emocional, máis Fernando Vallejo ca Pasolini, do León de Ouro de Venecia: a soberbia Dende alá. Repousen co amor en tempos de cólera de Charlotte Rampling e Tom Courtenay en 45 anos. Mesmo haberá un grego que triunfou en Cannes e lles pintará un futuro no cal se vostedes non atopan a súa parella nun mes, como nun Grande Irmán animalista, han converterse en asnos, Cuélebres ou en calquera animal. Mesmo en Lagosta. Amen moito, daquela, aínda que non saiban moi ben a quen, como lles pasa sempre aos personaxes de Hong Sang-soon.

E soñen. Miguel Gomes, o noso outro invitado de honra desta edición, ha ensinarlles a entender o Mal de Europa contado por Sherezade. Mil e Uma Noites para que Matteo Garrone nos fale de princesas e polifemos; para que acompañemos no duelo a Nanni Moretti; para visitarmos o Louvre cun sarcástico Sokurov, que non lle perdoo unha a Angela Merkel; para escaparmos nun taxi por Teherán co oficialmente arrestado Jafar Panahi. Mil e Uma Noites para escoitar a Marguerite, a peor cantante de ópera da Historia. Somos moi fans de Marguerite.

Como, doutro xeito, doutras mulleres que non atopan motivos para cantar: as loitas de Paulina, de Nahid as vidas de mulleres incendiadas en Arxentina ou en Irán pola violencia e a opresión que fixeron vibrar a Cannes ou a San Sebastián.

Pero rían tamén: hai comedias que resarcen. A do último islandés vires; a da avoa reposteira de Naomi Kawase; a dos pequenos salvaxes de Le Nouveau. Ou a do autorretrato inesperado que sacou da manga Fernando Colomo, que virá presentar no Salón Teatro a súa Illa Bonita.

E móllense. A extensa retrospectiva sobre a caza de bruxas en Hollywood e a histeria que confundía comunistas con marceanos é máis ca unha brincadeira fronte a esa Lei Mordaza que antes de fin de ano será papel mollado. Sigán de preto ese ciclo cun crisol onde bate o Século: Elia Kazan, Arthur Miller, Nixon, Stalin, Batista, Emiliano Zapata e o matrimonio Rosenberg, abrasado na cadeira eléctrica. E Bette Davis como bibliotecaria que loita porque non queimen na pira da súa pequena vila do Medio Oeste un exemplar de O Capital.

Móllense con Frankenstein 04155, que chega á estación para reparar, polo menos coa verdade, ás nosas vítimas do Alvia. Ou co dereito a vivir e amar con naturalidade dos homes e mulleres con diversidade funcional de Yes, We Fuck. E cos refuxiados que o día 13, en conexión con outras seis cidades europeas –París, Bruxelas, Bratislava, Bucarest, Sevilla, Cork– veremos nas imaxes de Mediterránea, unha proxección en simultáneo con debate en vivo na canle Arte no que poderemos interactuar dende Cineuropa para falar da enfermidade de Europa.

Ao final, Cineuropa existe e respira porque a intensidade a poñen vostedes. A forza deste festival é a mesma que hai 29 anos. É a democracia do cine, que permite que este recuncho atlántico poida presumir de acceder a todas esas películas que soan inalcanzables cando se proxectan en Rotterdam, Cannes, Berlín, Venecia ou Locarno. Velaquí están, para facer de Compostela ágora sen alfombra vermella pero con escaleira dos soños que empeza a atraer xa a xente doutros lugares.

E como isto é a democracia do cine, e do que se trata é de que chova a gusto de todos, se a vostede lle chistan Bush O Vello, Netanyahu e os ultraortodoxos, o senador McCarthy e o xeneral Custer, o xemelgo Kaczynski, e incluso os lexisladores da Lei Mordaza, seguro que tamén en Cineuropa atopa o seu lugar. Que mesmo pasamos Casei cun comunista, tremendo drama con Robert Ryan de pérfido galán e Laraine Day, nada menos. E o 20-N, Caudillo.

José Luis Losa
Director de Cineuropa

VENRES 06

TEATRO PRINCIPAL

20:30 **INAUGURACIÓN
LE NOUVEAU**
Rudi Rosenberg

22:30 **45 YEARS**
Andrew Haigh

00:15 **LA VIUDA NEGRA**
Arturo Ripstein

SALÓN TEATRO

20:00 **GOOD NIGHT, AND GOOD LUCK**
(BOAS NOITES, E BOA SORTE)
George Clooney

22:30 **SUNSET SONG**
Terence Davies

00:45 **ARETHA FRANKLIN,
THE LEGENDARY CONCERTGEBOUW CONCERT,
AMSTERDAM 1968**
Bob Rooyens

MARVIN GAYE, WHAT'S GOING ON
Jeremy Marr

CGAC

17:00 **PARIS VU PAR...** (PARÍS VISTO POR...)
*Claude Chabrol, Jean Douchet, Jean-Luc Godard,
Jean-Daniel Pollet, Éric Rohmer, Jean Rouch*

18:45 **NOWHERE TO GO BUT UP** (HAPPY END)
Amos Kollek

21:00 **DREAMS TO REMEMBER,
THE LEGACY OF OTIS REDDING**
David Peck & Phillip Galloway

22:30 **JAMES BROWN, SOUL SURVIVOR**
Jeremy Marre

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **DAYS OF GLORY** (DÍAS DE GLORIA)
Jacques Tourneur

18:00 **MISSION TO MOSCOW** (MISIÓN EN MOSCOVA)
Michael Curtiz

20:00 **COUNTER-ATTACK** (CONTRAATAQUE)
Zoltan Korda

SÁBADO 07

TEATRO PRINCIPAL

16:00 **TRUMBO** (TRUMBO E A LISTA NEGRA)
Peter Askin

17:45 **AN**
Naomi Kawase

19:45 **OUR LITTLE SISTER**
Hirokazu Kore-eda

22:00 **SUNSET SONG**
Terence Davies

00:30 **NIGHT AND THE CITY** (NOITE NA CIDADE)
Jules Dassin

SALÓN TEATRO

16:00 **OS DÍAS AFOGADOS**
César Souto Vilanova e Luis Avilés Vaquero

18:00 **EL CLUB**
Pablo Larraín

19:45 **45 YEARS**
Andrew Haigh

21:45 **MOUNTAINS MAY DEPART**
Jia Zhangke

00:00 **IT CAME FROM OUTER SPACE**
(VIÑERON DO ESPAZO)
Jack Arnold

THE MARTIAN EYES
Laurence Schwab Jr.

CGAC

16:00 **CONFESSIONS OF A NAZI SPY**
Anatole Litvak

17:45 Coa presenza da directora
LA IMAGEN REB/VELADA
Andrea Vázquez

19:15 **CLOSE MY EYES**
(COS MEUS OLLOS PECHADOS)
Stephen Poliakoff

21:15 **YES, WE FUCK!**
Antonio Centeno, Raúl de la Morena

22:15 **FAST FOOD, FAST WOMEN**
(COMIDA RÁPIDA, MULLERES ACTIVAS)
Amos Kollek

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **THEY CAME TO CORDURA**
(CHEGARON A CORDURA)
Robert Rossen
- 18:30 **BODY AND SOUL** (CORPO E ALMA)
Robert Rossen
- 20:15 **WE WERE STRANGERS**
(ERAMOS DESCONOCIDOS)
John Huston

DOMINGO 08

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **TELL SPRING NOT TO COME THIS YEAR**
Saeed Taji Farouky, Michael McEvoy
- 17:45 **SUNSET SONG**
Terence Davies
- 20:15 **EL CLUB**
Pablo Larraín
- 22:00 **MOUNTAINS MAY DEPART**
Jia Zhangke
- 00:15 **GENTLEMAN'S AGREEMENT**
(A BARREIRA INVISIBLE)
Elia Kazan

SALÓN TEATRO

- 16:00 **MA SAISON PRÉFÉRÉE**
(A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA)
André Téchiné
- 18:00 **AN**
Naomi Kawase
- 20:00 **OUR LITTLE SISTER**
Hirokazu Kore-eda
- 22:15 **SLOW WEST**
John Maclean
- 23:45 **MAHANAGAR** (THE BIG CITY)
Satyajit Ray

CGAC

- 17:30 **IO LA CONOSCEVO BENE** (EU COÑECÍAA BEN)
Antonio Pietrangeli
- 19:15 **FIONA**
Amos Kollek

- 20:45 **MUSCLE SHOALS**
Gregg 'Freddy' Camalier

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **PANIC IN THE STREETS** (PÁNICO NAS RÚAS)
Elia Kazan
- 18:15 **MAN ON A TIGHTROPE**
(FUXITIVOS DO TERROR VERMELLO)
Elia Kazan
- 20:00 **VIVA ZAPATA**
Elia Kazan

LUNS 09

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **EL CLUB**
Pablo Larraín
- 17:45 **INVASIÓN**
Abner Benaim
- 19:30 **45 YEARS**
Andrew Haigh
- 21:15 **LE NOUVEAU**
Rudi Rosenberg
- 22:45 **SON OF SAUL**
László Nemes
- 00:45 **SHUNPU DEN**
(STORY OF A PROSTITUTE)
Seijun Suzuki

SALÓN TEATRO

- 16:00 **TELL SPRING NOT TO COME THIS YEAR**
Saeed Taji Farouky, Michael McEvoy
- 17:45 **BABY THE RAIN MUST**
(A ÚLTIMA TENTATIVA)
Robert Mulligan
- 19:30 **MOUNTAINS MAY DEPART**
Jia Zhangke
- 21:45 **VICTORIA**
Sebastian Schipper
- 00:00 **IZGNANIE** (THE BANISHMENT)
Andrei Zvyagintsev

SALA MOZART - AUDITORIO DE GALICIA

20:00 **UNITARIAS**
Jorge Algora

CGAC

17:15 **A KING IN NEW YORK**
(UN REI EN NOVA YORK)
Charles Chaplin

19:15 **CRADLE WILL ROCK** (ABAIXO O TELÓN)
Tim Robbins

21:30 **THE WOMAN ON PIER 13**
(CASADA CUN COMUNISTA)
Robert Stevenson

MARTES 10**TEATRO PRINCIPAL**

16:00 **PANE E CIOCCOLATA**
(AVENTURAS E DESVENTURAS
DUN ITALIANO EMIGRADO)
Franco Brusati

18:00 **HAI-HIL** (MAN ON HIGH HEELS)
Jang Jin

20:15 **SON OF SAUL**
László Nemes

22:15 **OUR LITTLE SISTER**
Hirokazu Kore-eda

00:30 **VICTORIA**
Sebastian Schipper

SALÓN TEATRO

16:00 **FORCE OF EVIL** (A FORZA DO DESTINO)
Abraham Polonsky

17:30 **INVASIÓN**
Abner Benaim

19:15 **AN**
Naomi Kawase

21:15 **THE MISPLACED WORLD**
Margarethe von Trotta

23:00 **IM KELLER** (IN THE BASEMENT)
Ulrich Seidl

00:30 **RUNNING ON EMPTY**
(UN LUGAR EN NINGUNHA PARTE)
Sidney Lumet

SALA MOZART - AUDITORIO DE GALICIA

20:00 **ATLANTIC RECORDS, THE HOUSE THAT
AHMET BUILT**
Susan Steinberg

CGAC

16:30 **WALK A CROOKED MILE** (A GRAN AMEAZA)
Gordon Douglas

18:15 **SHADOWS OF FORGOTTEN ANCESTORS**
(OS CORCEIS DE LUME)
Serguei Paradjanov

20:00 **THE SNIPER** (O FRANCO TIRADOR)
Edward Dmytryk

21:30 **BRIDGET**
Amos Kollek

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **HE RAN ALL THE WAY** (EU AMEI A UN ASASINO)
John Berry

18:00 **I WAS A COMMUNIST FOR THE FBI**
Gordon Douglas

19:30 **ADVISE & CONSENT**
(TEMPESTE SOBRE WASHINGTON)
Otto Preminger

MÉRCORES 11**TEATRO PRINCIPAL**

19:30 Presentación Proxección Simultánea
MEDITERRANEA
Jonas Carpignano

23:15 **HAI-HIL** (MAN ON HIGH HEELS)
Jang Jin

SALÓN TEATRO

- 16:00 **LE BONHEUR** (A FELICIDADE)
Agnès Varda
- 17:30 **COP CAR**
Jon Watts
- 19:00 **LISTEN UP PHILIP**
Alex Ross Perry
- 21:00 **SONGS MY BROTHERS TAUGHT ME**
Chloé Zhao
- 22:45 **QUEEN OF EARTH**
Alex Ross Perry
- 00:15 **PEOPLE WILL TALK**
(MURMURIOS NA CIDADE)
Joseph L. Mankiewicz

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **THE MASTER RACE**
Herbert J. Biberman
- 18:15 **SALT OF THE EARTH** (O SAL DA TERRA)
Herbert J. Biberman
- 20:00 **RACHEL AND THE STRANGER**
(RACHEL E O FORASTEIRO)
Norman Foster

XOVES 12

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **LÁSKY JEDNÉ PLAVOVLÁSKY**
(OS AMORES DUNHA LOIRA)
Milos Forman
- 18:00 **LISTEN UP PHILIP**
Alex Ross Perry
- 20:00 **VIRGIN MOUNTAIN**
Dagur Kári
- 21:45 **SLOW WEST**
John Maclean
- 23:15 **SON OF SAUL**
László Nemes
- 01:00 **YOYO**
Pierre Étaix

SALÓN TEATRO

- 16:30 **SUE** (SUE, PERDIDA EN MANHATTAN)
Amos Kollek
- 18:15 **THE MISPLACED WORLD**
Margarethe von Trotta
- 20:00 **THE LESSON** (UROK)
Kristina Grozeva, Petar Valchanov
- 22:00 **SHE'S FUNNY THAT WAY**
Peter Bogdanovich
- 23:45 **COP CAR**
Jon Watts

CGAC

- 16:30 **RESPECT YOURSELF,
THE STAX RECORDS STORY**
Robert Gordon y Morgan Neville
- 18:30 **THE WHIP HAND** (A MAN NA SOMBRA)
William Cameron Menzies
- 20:00 **THE THIEF** (O ESPÍ(A)
Russell Rouse
- 21:30 **FOREVER LULU**
Amos Kollek
- 23:00 **RAY CHARLES, THE GENIUS OF SOUL**
Yvonne Smith

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **THE RED HOUSE** (A CASA VERMELLA)
Delmer Daves
- 18:15 **THE NAKED CITY** (A CIDADE ESPIDA)
Jules Dassin
- 19:55 **DESTINATION TOKYO** (DESTINO TOKIO)
Delmer Daves

VENRES 13

TEATRO PRINCIPAL

- 12:00 **THE SHANGHAI STORY** (AVENTURA EN SHANGAI)
Frank Lloyd
- 16:00 **THE MISPLACED WORLD**
Margarethe von Trotta
- 18:00 **SONGS MY BROTHERS TAUGHT ME**
Chloé Zhao

- 20:00 PREMIO CINEUROPA: MIGUEL GOMES
AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 1
Miguel Gomes
- 23:00 **EISENSTEIN IN GUANAJUATO**
Peter Greenaway
- 00:45 **COP CAR**
Jon Watts

SALÓN TEATRO

- 16:00 **EL PASEO**
Flavia de la Fuente
**WORK IN PROGRESS:
IT'S CALLED LISTEN**
Alejandra Pombo
- 17:45 **SLOW WEST**
John Maclean
- 19:45 **MACBETH**
Justin Kurzel
- 21:45 **IM KELLER (IN THE BASEMENT)**
Ulrich Seidl
- 23:15 **MARCELLO MASTROIANNI:
MI RICORDO, SÌ, IO MI RICORDO**
Anna Maria Tatò

CGAC

- 16:00 Coa presenza do director
IDIOTAS
Fran Estévez
- 16:45 **SPLIT SECOND (O INSTANTE DECISIVO)**
Dick Powell
- 18:15 **NEVER LET ME GO
(NON ME ABANDONES)**
Delmer Daves
- 20:00 **DE MAN DIE ZIJN HAAR KORT LIET KNIPPEN
(O HOME DO CRANIO RASURADO)**
André Delvaux
- 21:45 **HEITAI YAKUZA (HOODLUM SOLDIER)**
Yasuzo Masumura

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **AYN RAND: IN HER OWN WORDS**
Robert Anderson, John Little

- 18:00 **THE FOUNTAINHEAD (O MANANCIAL)**
King Vidor
- 20:00 **TRIAL (A FURIA DOS XUSTOS)**
Mark Robson

SÁBADO 14**TEATRO PRINCIPAL**

- 12:00 **EN TODAS AS MANS**
Diana Toucedo
- 16:30 **SHE'S FUNNY THAT WAY**
Peter Bogdanovich
- 18:15 **EISENSTEIN IN GUANAJUATO**
Peter Greenaway
- 20:15 **THE LOBSTER (LAGOSTA)**
Giorgos Lanthimos
- 22:30 **MACBETH**
Justin Kurzel
- 00:30 **PRINCIPIO Y FIN**
Arturo Ripstein

SALÓN TEATRO

- 16:00 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 1**
Miguel Gomes
- 18:15 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 2**
Miguel Gomes
- 20:45 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 3**
Miguel Gomes
- 23:00 **UNE HISTOIRE DE FOU**
Robert Guédiguian
- 01:15 **STANDING ON THE SHADOWS
OF MOTOWN**
Paul Justman

CGAC

- 17:00 **CONTRAFACES**
Alfonso Vázquez
- 19:30 **HITLERJUNGE SALOMON
(EUROPA, EUROPA)**
Agnieszka Holland
- 21:30 **WHORE 2**
Amos Kollek

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **THE MOLLY MAGUIRES**
(ODIO NAS ENTRAÑAS)
Martin Ritt
- 18:30 **THE HOUSE ON CARROLL STREET**
(A CASA DE CARROLL STREET)
Peter Yates
- 20:30 **THE FRONT (A TAPADEIRA)**
Martin Ritt

DOMINGO 15

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **CLOAK AND DAGGER**
(CLANDESTINO E CABALEIRO)
Fritz Lang
- 18:00 **UNE HISTOIRE DE FOU**
Robert Guédiguian
- 20:30 **VIRGIN MOUNTAIN**
Dagur Kári
- 22:45 **QUEEN OF EARTH**
Alex Ross Perry
- 00:15 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 1**
Miguel Gomes

SALÓN TEATRO

- 16:00 **A UMA HORA INCERTA**
Carlos Saboga
- 17:15 **SHE'S FUNNY THAT WAY**
Peter Bogdanovich
- 19:00 **THE LESSON (UROK)**
Kristina Grozeva, Petar Valchanov
- 21:00 **THE DUKE OF BURGUNDY**
Peter Strickland
- 22:45 **BODY**
Malgorzata Szumowska
- 00:15 **WEDLE WYROKÓW TWOICH**
(FUXIDA CARA Á LIBERDADE)
Jerzy Hoffman

CGAC

- 17:15 **DIARIO DE UN CORTO**
Flavia de la Fuente
- GRAN HOTEL**
Xurxo Chirro
- 18:15 **HANUSSEN**
István Szabó
- 20:30 **RESTLESS**
Amos Kollek
- 22:15 **THE NORTH STAR**
(A ESTRELA DO NORTE)
Lewis Milestone

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **THE BIG NIGHT (A LONGA NOITE)**
Joseph Losey
- 17:45 **STORM CENTER**
(NO OLLO DO FURACÁN)
Daniel Taradash
- 19:15 **HAWAII**
George Roy Hill

LUNS 16

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **UM DIA NORMAL**
Barbara Reis
- 17:15 **BODY**
Malgorzata Szumowska
- 18:45 **MACBETH**
Justin Kurzel
- 20:45 **THE LOBSTER (LANGOSTA)**
Giorgos Lanthimos
- 22:45 **LA LOI DU MARCHÉ**
Stéphane Brizé
- 00:30 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 2**
Miguel Gomes

SALÓN TEATRO

- 16:00 **DEATH OF A SALESMAN (1951)**
(MORTE DUN VIAXANTE)
László Benedek

- 18:00 **TAXI TEHERAN**
Jafar Panahi
- 19:30 **UNE HISTOIRE DE FOU**
Robert Guédiguian
- 22:00 **EISENSTEIN IN GUANAJUATO**
Peter Greenaway
- 23:45 **A UMA HORA INCERTA**
Carlos Saboga

CGAC

- 16:30 **O ESPANTALLO AMIGO**
Carlos Seijo
- 17:30 **INVASION OF THE BODY SNATCHERS**
(A INVASIÓN DOS LADRONS DE CORPOS)
Don Siegel
- 19:00 **PICKUP ON SOUTH STREET** (MANS PERIGOSAS)
Samuel Fuller
- 20:30 **KING AND COUNTRY** (REI E PATRIA)
Joseph Losey
- 22:00 **M**
Joseph Losey

MARTES 17**TEATRO PRINCIPAL**

- 16:00 **AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 3**
Miguel Gomes
- 18:15 **JOHN FROM**
João Nicolau
- 20:00 **MUSTANG**
Deniz Gamze Ergüven
- 22:00 **THE LOBSTER** (LAGOSTA)
Giorgos Lanthimos
Debate Premios LUX
- 00:00 **TAXI TEHERAN**
Jafar Panahi

SALÓN TEATRO

- 16:00 **ASÍ ES LA VIDA**
Arturo Ripstein
- 17:30 **EL EVANGELIO DE LAS MARAVILLAS**
Arturo Ripstein

- 19:30 **LA REINA DE LA NOCHE**
Arturo Ripstein
- 22:30 **IL RACCONTO DEI RACCONTI**
(O CONTO DOS CONTOS)
Matteo Garrone
- 00:45 **EL SANTO OFICIO**
Arturo Ripstein

CGAC

- 16:00 **SAM COOKE, LEGEND**
Mary Wharton
- 17:15 **WORK IN PROGRESS:**
UNA ROCA SUBE UNA MONTAÑA
Manuel Fernández Valdés
- 19:15 **DER 20. JULI** (O 20 DE XULLO)
Falk Harnack
- 21:00 **REKOPIS ZNALEZIONY W SARAGOSSIE**
(O MANUSCRITO ATOPADO EN ZARAGOZA)
Wojciech Has

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **BLOCKADE** (BLOQUEO)
William Dieterle
- 18:00 **THE FALLEN SPARROW** (PERSEGUIDO)
Richard Wallace
- 19:45 **THE RED DANUBE**
(O DANUBIO VERMELLO)
George Sidney

MÉRCORES 18**TEATRO PRINCIPAL**

- 16:00 **ON THE WATERFRONT**
(A LEI DO SILENCIO)
Elia Kazan
- 18:30 **TAXI TEHERAN**
Jafar Panahi
- 20:00 Coa presenza do seu director, Aitor Rei
FRANKENSTEIN-04155
Aitor Rei
- 22:15 **MUSTANG**
Deniz Gamze Ergüven

00:00 **IL RACCONTO DEI RACCONTI**
(O CONTO DOS CONTOS)
Matteo Garrone

SALÓN TEATRO

16:00 **EL CASTILLO DE LA PUREZA**
Arturo Ripstein

18:00 **EL IMPERIO DE LA FORTUNA**
Arturo Ripstein

21:00 **JOHN FROM**
João Nicolau

22:45 **UNE JEUNESSE ALLEMANDE**
Jean-Gabriel Périot

00:00 **DAS ZIMMERMÄDCHEN LYNN**
(A CAMAREIRA LYNN)
Ingo Haeb

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **THIEVES' HIGHWAY**
(MERCADO DE LADRÓNS)
Jules Dassin

18:15 **THE NAKED CITY** (A CIDADE ESPIDA)
Jules Dassin

20:00 **GUILTY BY SUSPICION** (CAZA DE BRUXAS)
Irwin Winkler

XOVES 19

TEATRO PRINCIPAL

12:00 **MY SON JOHN** (O MEU FILLO JOHN)
Leo McCarey

16:00 Con presencia de la directora
QUERIDA GINA
Susana Sotelo

18:00 **DAS ZIMMERMÄDCHEN LYNN**
(A CAMAREIRA LYNN)
Ingo Haeb

20:30 PREMIO CINEUROPA: ARTURO RIPSTEIN
PROFUNDO CARMESI
Arturo Ripstein

23:00 **IL RACCONTO DEI RACCONTI**
(O CONTO DOS CONTOS)
Matteo Garrone

00:45 **HITCHCOCK/TRUFFAUT**
Kent Jones

SALÓN TEATRO

16:00 **MEMORIA OCULTA**
Eva Villaseñor

17:00 **EL LUGAR SIN LÍMITES**
Arturo Ripstein

20:00 **THE POSTMAN'S WHITE NIGHTS**
(O CARTEIRO DAS NOITES BRANCAS)
Andrei Konchalovsky

22:45 **LA LOI DU MARCHÉ**
Stéphane Brizé

00:15 **IL BOOM**
Vittorio De Sica

CGAC

17:00 **MORITURI**
Eugen York

18:45 **HIMMEL ODER HÖLLE**
Wolfgang Murnberger

20:00 **JOHNNY O'CLOCK**
Robert Rossen

21:45 **FROM THIS DAY FORWARD**
(DE HOXE EN DIANTE)
John Berry

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **NONE WITHOUT SIN**
(NINGUÉN SEN PECADO: ELIA KAZAN
E ARTHUR MILLER)
Michael Epstein

18:30 **THE MISFITS** (VIDAS REBELDES)
John Huston

20:30 **DEATH OF A SALESMAN (1966)**
(MORTE DUN VIAXANTE)
Alex Segal

VENRES 20

TEATRO PRINCIPAL

16:00 **MENTIRAS PIADOSAS**
Arturo Ripstein

- 18:00 **A ROYAL NIGHT OUT**
Julian Jarrold
- 20:00 Presentación e coloquio con José Luis Guerin
LA ACADEMIA DE LAS MUSAS
José Luis Guerin
- 22:15 **THE ASSASSIN**
Hou Hsiao-Hsien
- 00:15 **MARATÓN "ROXOS E MARCIANOS"**
INVADERS FROM MARS
(INVASORES DE MARTE)
William Cameron Menzies
- RED DAWN** (AMENCER VERMELLO)
John Milius
- RED PLANET MARS**
(MARTE, O PLANETA VERMELLO)
Harry Horner
- THE BEAST FROM 20,000 FATHOMS**
(O MONSTRO DOS TEMPOS REMOTOS)
Eugène Lourié
- THE ANGRY RED PLANET**
(A FURIA DO PLANETA VERMELLO)
Ib Melchior
- IT! THE TERROR FROM BEYOND SPACE**
(TERROR DO ALÉN)
Edward L. Cahn

SALÓN TEATRO

- 16:00 **CAUDILLO**
Basilio Martín Patino
- 17:45 Con presenza do seu director,
Ramón Lluís Bande
EL NOME DE LOS ÁRBOLES
Ramón Lluís Bande
- 20:00 **SPARROWS**
Rúnar Rúnarsson
- 21:45 **UNE JEUNESSE ALLEMANDE**
Jean-Gabriel Périot
- 23:15 **LA LOI DU MARCHÉ**
Stéphane Brizé
- 00:45 **HITCHCOCK/TRUFFAUT**
Kent Jones

CGAC

- 16:30 **THE WAY WE WERE** (TAL COMO ERAMOS)
Sydney Pollack
- 18:45 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 1
Dominik Graf
- IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 2
Dominik Graf
- 20:30 **FÍOS FÓRA**
Sabela Iglesias Reviejo, Adriana Pérez Villanueva
(Illa Bufarda)
- 22:30 **RAY CHARLES, THE GENIUS OF SOUL**
Yvonne Smith

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **EVERYBODY WINS** (TODO O MUNDO GAÑA)
Karel Reisz
- 18:15 **THE CRUCIBLE** (O CRISOL)
Nicholas Hytner
- 20:15 **ALL MY SONS**
(TODOS ERAN OS MEUS FILLOS)
Irving Reis

SÁBADO 21**TEATRO PRINCIPAL**

- 18:00 **EL BOTON DE NÁCAR**
Patricio Guzmán
- 19:30 **MIA MADRE**
Nanni Moretti
- 21:30 **LA CALLE DE LA AMARGURA**
Arturo Ripstein
- 23:45 **THE ASSASSIN**
Hou Hsiao-Hsien

SALÓN TEATRO

- 16:00 Con presenza do seu director,
Ramón Lluís Bande
EQUÍ Y N'OTRU TIEMPU
Ramón Lluís Bande

- 17:45 **A ROYAL NIGHT OUT**
Julian Jarrold
- 19:30 **LA ACADEMIA DE LAS MUSAS**
José Luis Guerín
- 21:15 **DAS ZIMMERMÄDCHEN LYNN**
(A CAMAREIRA LYNN)
Ingo Haeb
- 22:45 **SPARROWS**
Rúnar Rúnarsson
- 00:30 **THE POSTMAN'S WHITE NIGHTS**
(O CARTEIRO DAS NOITES BRANCAS)
Andrei Konchalovsky

CGAC

- 16:15 **EINE LIEBE IN DEUTSCHLAND**
(UN AMOR EN ALEMAÑA)
Andrzej Wajda
- 18:30 **LA PASSANTE DU SANS-SOUCI**
(TESTEMUÑA DE MULLER)
Jacques Rouffio
- 20:30 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 3
Dominik Graf
- IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 4
Dominik Graf
- 22:15 **MOVIN' ON UP, THE MUSIC AND MESSAGE OF CURTIS MAYFIELD AND THE IMPRESSIONS**
David Peck, Phillip Galloway e Tom Gulotta

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **DANIEL**
Sidney Lumet
- 18:45 **REDS** (ROXOS)
Warren Beatty

DOMINGO 22

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 Tributo a Manoel de Oliveira
VIAGEM AO PRINCÍPIO DO MUNDO
Manoel de Oliveira

- 17:30 **MARGUERITE**
Xavier Giannoli
- 19:45 **EL BOTON DE NÁCAR**
Patricio Guzmán
- 21:15 **MIA MADRE**
Nanni Moretti
- 23:00 **THE DUKE OF BURGUNDY**
Peter Strickland
- 00:45 **REMAKE, REMIX, RIP-OFF: ABOUT COPY CULTURE & TURKISH POP CINEMA**
Cem Kaya

SALÓN TEATRO

- 16:00 Encontro cos seus directores
A LIÑA POLÍTICA
Santos Díaz Antón
- ECO**
Xacio Baño
- ESTRATOS DE LA IMAGEN**
Lois Patiño
- 17:15 Encontro co seu director
VERENGO
Víctor Hugo Seoane
- 18:30 **HITCHCOCK/TRUFFAUT**
Kent Jones
- 20:00 **A ROYAL NIGHT OUT**
Julian Jarrold
- 21:45 **THE ASSASSIN**
Hou Hsiao-Hsien
- 23:45 **THE GIFT**
Joel Edgerton

CGAC

- 16:30 **ASSIGNMENT: PARIS** (DESTINO: BUDAPEST)
Robert Parrish
- 18:00 **WORK IN PROGRESS: O TEMPO FUTURO**
Xoán Escudero
- WORK IN PROGRESS: TRABALLOS E DÍAS DE FRANCISCO LEIRO (SÍSIFO CONFUSO)**
Aser Álvarez

19:30 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 5
Dominik Graf

IN FACE OF THE CRIME (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 6
Dominik Graf

21:45 **BETWEEN MIDNIGHT AND DAWN**
(ENTRE A MEDIANOITE E O AMENCER)
Gordon Douglas

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **THE BOY WITH GREEN HAIR**
(O RAPAZ DOS CABELOS VERDES)
Joseph Losey

18:00 **THE PROWLER** (O ABESULLÓN)
Joseph Losey

19:45 **CHANCE MEETING** (A CLAVE DO ENIGMA)
Joseph Losey

LUNS 23

TEATRO PRINCIPAL

16:00 **PEACE TO US IN OUR DREAMS**
Sharunas Bartas

18:00 **THE HERE AFTER**
Magnus von Horn

19:45 **COSMOS**
Andrzej Zulawski

21:30 **MIA MADRE**
Nanni Moretti

23:15 **DEMON**
Marcin Wrona

01:00 **CUB**
Jonas Govaerts

SALÓN TEATRO

16:00 **LA PROCHAINE FOIS JE VISERAI LE COEUR**
(A SEGUINTE VEZ APUNTAREI AO CORAZÓN)
Cédric Anger

18:00 Tributo a Chichi Campos e Antonio Blanco
TOÑITO BLANCO, SÓ, PERDIDO E VICIOSO
Nico Campos
Pezas de *Chichi Campos* e de *Toñito Blanco*
Debate: Os seus amigos

20:15 **TROIS SOUVENIRS DE MA JEUNESSE**
Arnaud Desplechin

22:30 **MARGUERITE**
Xavier Giannoli

00:45 **13 MINUTES**
Oliver Hirschbiegel

SALA MOZART - AUDITORIO DE GALICIA

20:00 **VALORES DE CINE!!**

Presentación e debate:

Antonio Naya Sancho,
director do centro Ricardo Baró da asociación
ASPRONAGA

Moisés Lamigueiro Romeo,
responsable da Área de Familias e da Área Social de
FADEMGa Plena inclusión Galicia

O CIRCO DA BOLBORETA

Joshua weigel

CGAC

16:00

ARREDOR DE NIMBOS 1:
ENCONTRO COS SEUS REALIZADORES
CLASE DE PINTURA

Pablo Maraví

DENA EZ DABIL ONDO (TODO NON VAI BEN)
Ander Parody

GAUA BEHARREZKOA DA (A NOITE É NECESARIA)
Pablo Maraví

INAUSKETA (A CERNA)
Ander Parody

PANTA RHEI
Ander Parody

ARREDOR DE NIMBOS 2:
ENCONTRO COS SEUS REALIZADORES
A CERNA

Carlos Rivero

COMA BRASAS
Jorge S-Q-R

ESMERALDA
Guillermo Cerrato

LA INMENZA NIEVE
Carlos Rivero

NOITE DO MUNDO
Pablo Teijón

**ARREDOR DE NIMBOS 3:
ENCONTRO COS SEUS REALIZADORES
NIMBOS**

Jaione Camborda

PROBA DE AXILIDADE

Jaione Camborda

WORK IN PROGRESS:

RAPA DAS BESTAS

Jaione Camborda

19:00 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)

EPISODIO 7

Dominik Graf

19:00 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)

EPISODIO 8

Dominik Graf

20:45 **DAY OF THE OUTLAW** (O DÍA DOS FORAXIDOS)

André De Toth

22:30 **TELL THEM WILLIE BOY IS HERE**

(O VAL DO FUXITIVO)

Abraham Polonsky

MARTES 24

TEATRO PRINCIPAL

12:00 **TRIBUTO A VICENTE ARANDA
ASESINATO EN EL COMITÉ CENTRAL**

Vicente Aranda

16:00 **MI QUERIDA ESPAÑA**

Mercedes Moncada Rodríguez

17:45 **CHRONIC**

Michel Franco

19:30 **TROIS SOUVENIRS DE MA JEUNESSE**

Arnaud Desplechin

21:45 **FRANCOFONIA**

Alexander Sokurov

00:00 **PEACE TO US IN OUR DREAMS**

Sharunas Bartas

SALÓN TEATRO

16:00 **FLOTEL EUROPA**

Vladimir Tomic

17:15 **THE HERE AFTER**

Magnus von Horn

19:00 **THE DUKE OF BURGUNDY**

Peter Strickland

20:45 Presentación e debate con Fernando Colomo

ISLA BONITA

Fernando Colomo

23:00 **DEMON**

Marcin Wrona

00:45 **LA PROCHAINE FOIS JE VISERAI LE COEUR**
(A SEGUINTE VEZ APUNTAREI AO CORAZÓN)

Cédric Anger

SEDE AFUNDACIÓN

16:30 **BIG JIM MCLAIN** (O GRAN JIM MCLAIN)

Edward Ludwig

18:15 **BLOOD ALLEY** (CALELLO SANGUENTO)

William A. Wellman

20:15 **CONSPIRATOR** (TRAIZÓN)

Victor Saville

MÉRCORES 25

TEATRO PRINCIPAL

16:00 **FLOTEL EUROPA**

Vladimir Tomic

17:15 **13 MINUTES**

Oliver Hirschbiegel

19:15 **THE INVITATION**

Karyn Kusama

21:00 **RABIN, THE LAST DAY**

Amos Gitai

23:45 **THE ARENA OF MURDER**

Amos Gitai

SALÓN TEATRO

16:00 **AVE Y NADA**

Cristóbal Arteaga Rozas

18:15 **EL INCENDIO**

Juan Schnitman

20:00 **PAULINA (LA PATOTA)**

Santiago Mitre

22:15 **NAHID**

Ida Panahandeh

00:30 **COSMOS**

Andrzej Zulawski

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **CITIZEN COHN** (CIDADÁN COHN)
Frank Pierson
- 18:30 **NIXON**
Oliver Stone

XOVES 26**TEATRO PRINCIPAL**

- 16:15 **COSMOS**
Andrzej Zulawski
- 18:00 **ISLA BONITA**
Fernando Colomo
- 20:00 **DESDE ALLÁ**
Lorenzo Vigas
- 21:45 **PELICULA SORPRESA**
- 23:45 **THE GIFT**
Joel Edgerton

SALÓN TEATRO

- 16:30 **EQUÍ Y N'OTRU TIEMPU**
Ramón Lluis Bande
- 18:00 **MI QUERIDA ESPAÑA**
Mercedes Moncada Rodríguez
- 19:45 **NAHID**
Ida Panahandeh
- 21:45 **FRANCOFONIA**
Alexander Sokurov
- 23:30 **EL INCENDIO**
Juan Schnitman
- 01:00 **FLOTEL EUROPA**
Vladimir Tomic

CGAC

- 16:00 **THE IRON CURTAIN** (O TELÓN DE ACEIRO)
William A. Wellman
- 17:30 **THE FEARMAKERS** (OS INTIMIDADORES)
Jacques Tourneur
- 19:00 **IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 9
Dominik Graf
- IN FACE OF THE CRIME** (FRONTE AO CRIME)
EPISODIO 10
Dominik Graf

- 20:45 **THE HOUSE ON 92ND STREET**
(A CASA DA RUA 92)
Henry Hathaway

- 22:15 **WATTSTAX**
Mel Stuart

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **SEVEN MILES FROM ALCATRAZ**
(A SETE MILLAS DE ALCATRAZ)
Edward Dmytryk
- 17:30 **HITLER'S CHILDREN** (OS FILLOS DE HITLER)
Edward Dmytryk
- 19:00 **TENDER COMRADE**
(COMPAÑEIRO DA MIÑA VIDA)
Edward Dmytryk
- 20:45 **THE LAWLESS (O FORAXIDO)**
Joseph Losey

VENRES 27**TEATRO PRINCIPAL**

- 16:00 **EL REY DE LA HABANA**
Agustí Villaronga
- 18:15 **RAK TI KHON KAEN**
(CEMETERY OF SPLENDOR)
Apichatpong Weerasethakul
- 20:15 **THE INVITATION**
Karyn Kusama
- 22:15 **MARATÓN**
THE FINAL GIRLS
Todd Strauss-Schulson
- ME QUEDO CONTIGO**
Artemio Narro
- CUB**
Jonas Govaerts
- THE GIRL IN THE PHOTOGRAPHS**
Nick Simon
- MISTERIOS DE ULTRATUMBA**
Fernando Méndez
- SENSATIONAL JANINE**
Kurt Nachmann
- THE GIFT**
Joel Edgerton

THE WORLD OF KANAKO

Tetsuya Nakashima

PELICULA SORPRESA MARATÓN

SALÓN TEATRO

- 16:00 **DAVID HOLZMAN'S DIARY**
Jim McBride
- 17:30 **IXCANUL**
Jayro Bustamante
- 19:15 **THE BOY AND THE BEAST** (BAKEMONO NO KO)
Mamoru Hosoda
- 21:30 **LA CALLE DE LA AMARGURA**
Arturo Ripstein
- 23:15 **PEACE TO US IN OUR DREAMS**
Sharunas Bartas

SEDE AFUNDACIÓN

- 16:30 **CORNERED** (VINGANZA)
Edward Dmytryk
- 18:15 **CROSSFIRE** (ENCrucILLADA DE ODIOS)
Edward Dmytryk
- 19:45 **THE HIDDEN ROOM**
Edward Dmytryk

SÁBADO 28

TEATRO PRINCIPAL

- 17:30 **THE BOY AND THE BEAST** (BAKEMONO NO KO)
Mamoru Hosoda
- 19:45 **DESDE ALLÁ**
Lorenzo Vigas
- 21:30 **RIGHT NOW, WRONG THEN**
Hong Sang-soo
- 23:30 **RAK TI KHON KAEN**
(CEMETERY OF SPLENDOR)
Apichatpong Weerasethakul

SALÓN TEATRO

- 16:00 **EL REY DE LA HABANA**
Agustí Villaronga
- 18:15 **PAULINA (LA PATOTA)**
Santiago Mitre
- 20:15 **FRANCOFONIA**
Alexander Sokurov

- 22:00 **ME QUEDO CONTIGO**

Artemio Narro

- 00:00 **THE FINAL GIRLS**

Todd Strauss-Schulson

DOMINGO 29

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **THE BOY AND THE BEAST** (BAKEMONO NO KO)
Mamoru Hosoda
- 18:15 **PAULINA (LA PATOTA)**
Santiago Mitre
- 20:00 **RIGHT NOW, WRONG THEN**
Hong Sang-soo
- 22:30 **RABIN, THE LAST DAY**
Amos Gitai
- 01:00 **THE ARENA OF MURDER**
Amos Gitai

SALÓN TEATRO

- 16:30 **13 MINUTES**
Oliver Hirschbiegel
- 18:00 **IXCANUL**
Jayro Bustamante
- 19:45 **NAHID**
Ida Panahandeh
- 21:45 **CHRONIC**
Michel Franco
- 23:30 **THE GIRL IN THE PHOTOGRAPHS**
Nick Simon
- RECORDO DE WES CRAVEN**

CGAC

- 16:00 **ANGELS IN AMERICA** (ANXOS EN AMÉRICA)
Mike Nichols
- 22:30 **ESPAÑA OTRA VEZ**
Jaime Camino

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **TILL THE END OF TIME** (ATA A FIN DO TEMPO)
Edward Dmytryk
- 18:50 **THE COMPANY YOU KEEP** (PACTO DE SILENCIO)
Robert Redford

**CI
NEU
RO
PA**

**PREMIOS
2015**

ARTURO RIPSTEIN A VIDA, A PURA LEÑA

Falemos do «cineurgo». Poucos autores encarnan mellor que Ripstein ese concepto do creador dunha cosmogonía inimitable, presidida por unhas leis de ferro que dominan e percuten no destino das súas criaturas. Véñense á mente Sam Peckinpah, Luis Berlanga, Melville, Röhmer, Rivette, Fassbinder, Buñuel e, por suposto, Ford.

Dígoos porque parece que convén resituarse a Arturo neste universo do fuxido onde hai que mandar parar e falar dos construtores dun imaxinario que define un territorio, unha filosofía de vida inalienable.

Ripstein é o arquitecto visual e narrativo dun México ideado como espazo tráxico onde o fatum xa decidiu que os seus seres, comestos pola soidade e o desamparo emocional, caven a súa fosa. A pura leña. A pura madre. E a golpe de paixón adocida e autodestrutiva. O país considéraseo un dos alicerces da súa cultura no último século, a par de Buñuel, Alfonso Reyes, Diego Rivera, Siqueiros, Carlos Fuentes e Octavio Paz. No mamen, non existe nada equiparable nin de lonxe nesa rica fauna do celebrado, e con razón, emerxente cine mexicano, da cal, por certo, forma parte un fillo do propio Ripstein, Gabriel, cun talento que asomou en Berlín o pasado febreiro coa súa opera prima.

A golpe de oclusiva e maxistral posta en escena, a golpe de plano-secuencia como elegante excursión por eses lugares sen límites que caben pechados nun cuarto co único xoguete da neurose e o alcol, Ripstein conducíunos polas súas calellas do gato ou polos seus desertos de paixón que disparan contra calquera orde moral benpensante. El amosáenos quen de argallarnos no seu territorio sen vedas, nas súas corralas, unha traxedia grega, un Cocteau, unha Bovary ou un borrascoso asunto de serial-killers da lúa de mel. Ripstein foi o mellor Donoso, o colosal Rulfo, o Buñuel dun Nazarín reinventado, cando ata os milagres esborrallan coa cotra, como Rabal e Jurado, efixies no seu cine magno de evanxeo e esperpento.

En Cineuropa quixémolo tanto. Se el soubese das emocións vividas e sufridas nese Principal que o acollerá o día 19 dende que este festival

arrincou ao mesmo tempo que o seu traballo en común con Paz Alicia Garciadiego. El, que gañou dúas Cunchas de Ouro en San Sebastián, tres Grandes Corais en La Habana, todos os Arieles mexicanos, o recoñecemento do universo mundo, e non sabía que o seu festival sen límites en realidade era este, que é pequerrecho e pobre, como unha desas calellas súas onde a pinche vida che reserva un orgasmo de felicidade e unha puñalada a traizón, todo, claro, no mesmo plano secuencia.

Ripstein e as súas mulleres devoradas pola paixón ou castigadas co encerro, en La Reina de la Noche ou en El Castillo de la Pureza, plaxiada por un grego de moda nun éxito da modernidade chamado Canino. Ripstein e Paz Alicia, os seus imperios sen fortuna nin a paus; as súas vidas perras sublimadas en poética maiúscula de arrabalde que flúe como un torrente que mestura o popular e o culto, o melodrama e a traxedia.

E o Ripstein novo, o de La Calle de la Amargura, que celebrou en Venecia o seus cincuenta anos no choio. E faino cunha obra que posúe a furia transgresora dun bárbaro mozo e o sabio pouso de quen se sente libérrimo. Non hai no cine mexicano emerxente nada máis novo nin ousado que este paseo polo desamor e a morte nesa calella de almas perdidas onde cohabitan meretrices velleiras e ananos xemelgos loitadores, que non se separan nin para fornicar coas patibularias, magos sesentóns que se travisten para asoballar raparigos, anciás agonizantes alugadas para a mendicidade, colirios mesturados no café como o veneno mortal dos pobres.

Ningún como Arturo Ripstein é capaz de embelecer e glorificar unha desfeita de criaturas infaustas para elevalas á poética do sórdido nunha das obras máis libres das que teño acordanza nos últimos anos.

Velaquí o teñen: o noso Ripstein, o mestre. Xa o ven, chámase Arturo e é o máis efervescente e rabioso rapaz do México do século XXI. El filma porque odia. Por iso queremos tanto a Ripstein. A pura madre.

José Luis Losa

A close-up portrait of Arturo Ripstein, an elderly man with a white beard and glasses, wearing a dark jacket over a light shirt. The image has a strong blue tint. In the top right corner, white text reads: PREMIO CINEUROPA 2015 ARTURO RIPSTEIN.

**PREMIO
CINEUROPA
2015
ARTURO
RIPSTEIN**

MIGUEL GOMES

A Miguel Gomes (Lisboa, 1972) encántalle que lle conten historias. Encántalle a narración na súa forma máis básica, alguén que vén e enfa un relato. Unha voz que explica algo que sucedeu, real ou imaxinario, é sempre un bo principio, ás veces é máis que suficiente. Mais para ser bo contando historias primeiro hai que ser bo escoitándoas. Miguel é con certeza un gran escoitador e iso fixo del un dos máis grandes fabuladores do noso tempo.

Fabulador si, mais nunca escapista. Non emprega a ficción para fuxir da realidade, para inventar mundos de fantasía nos que ao final os malvados perden e a ledicia se estende de maneira imparábel. A ficción non é un refuxio para esquecer as tristezas e insatisfaccións do cotián, non é un sucedáneo da felicidade, senón unha ferramenta máis para o coñecemento do mundo. A capacidade creativa humana sabe xogar á vez co real e o imaxinario, podemos valernos dos dous para afrontar mellor cada “que”, “como” e “por que” que se presenta diante de nós. Disolver as fronteiras entre os relatos sucedidos e os inventados, entre o documental e a ficción, non é unha vía para o pesimismo nihilista do “todo é mentira e entón todo dá igual”, senón un saudábel camiño de integración, o do “todo vale porque de todo se aprende”. E igual que precisamos afastarnos das árbores para ver enteiro o bosque, convén coller distancia da realidade para obter dela unha visión máis complexa e completa.

Deste exercicio totalizador ofrece probas abondosas e excelentes a filmografía de Miguel Gomes. Tamén dun espírito lúdico, que non insensato, que definía xa a súa primeira longametraxe, A cara que mereces (2004), ou unha curta libérrima e fermosísima, Cântico das criaturas (2006). Aquele querido mês de agosto, recibida co entusiasmo xeral da crítica no Festival de Cannes de 2008, facía evidente a mestría dun autor que levaba un retrato naturalista dos calorosos veráns no interior portugués -tan facilmente recoñecíbeis polos galegos na súa rutina de verbenas e incendios forestais- cara ao terreo dramático dos desencontros amorosos sen consolo. Tabú, premio Alfred Bauer e FIPRESCI na Berlinale de 2012, erguíase sobre os ombros do cinema clásico para darlle unha forma nova a un relato novelesco de paixóns adúlteras e desenlace trágico. Logo, en 2013, Redemption, o xesto xeneroso de intentar meterse na cabeza de catro aterradores monstros contemporáneos. Un filme político de trinta minutos que dá paso a outro de seis horas: o Portugal de hoxe condensado nunha obra mestra en tres volumes, As Mil e Uma Noites (2015). Un filme que é moitas cousas, que é todas as cousas, mais acaba por ser esencialmente unha: a emocionante reivindicación da nosa necesidade de buscar beleza e de crear beleza. De atender ao canto dos paxaros. De inventar contos, para dicir quen somos.

Martin Pawley

**PREMIO
CINEUROPA
2015
MIGUEL
GOMES**

SECCIÓN OFICIAL

- 34 | 13 MINUTES
- 34 | 45 YEARS
- 35 | A ROYAL NIGHT OUT
- 35 | A UMA HORA INCERTA
- 36 | AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 1 (PREMIO CINEUROPA)
- 36 | AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 2
- 37 | AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 3
- 37 | COSMOS
- 38 | DAS ZIMMERMÄDCHEN LYNN (A CAMAREIRA LYNN)
- 38 | DEMON
- 39 | EISENSTEIN IN GUANAJUATO
- 39 | EL REY DE LA HABANA
- 40 | FRANCOFONIA
- 40 | IL RACCONTO DEI RACCONTI (O CONTO DOS CONTOS)
- 41 | ISLA BONITA
- 41 | JOHN FROM
- 42 | LA ACADEMIA DE LAS MUSAS
- 42 | LA LOI DU MARCHÉ
- 43 | LE NOUVEAU
- 43 | MACBETH
- 44 | MARGUERITE
- 44 | MEDITERRANEA
- 45 | MIA MADRE
- 45 | MUSTANG
- 46 | PEACE TO US IN OUR DREAMS
- 46 | SON OF SAUL
- 47 | SPARROWS
- 47 | SUNSET SONG
- 48 | THE HERE AFTER
- 48 | THE LESSON (UROK)
- 49 | THE LOBSTER (LAGOSTA)
- 49 | THE MISPLACED WORLD
- 50 | THE POSTMAN'S WHITE NIGHTS
(O CARTEIRO DAS NOITES BRANCAS)
- 50 | TROIS SOUVENIRS DE MA JEUNESSE
- 51 | UNE HISTOIRE DE FOU
- 51 | VICTORIA
- 52 | VIRGIN MOUNTAIN

PANORAMA INTERNACIONAL

- 54 | AN
- 55 | CHRONIC
- 55 | COP CAR
- 56 | DESDE ALLÁ
- 56 | EL BOTÓN DE NÁCAR
- 57 | EL CLUB
- 57 | EL INCENDIO
- 58 | HAI-HIL (MAN ON HIGH HEELS)
- 58 | IXCANUL
- 59 | MOUNTAINS MAY DEPART
- 59 | NAHID
- 60 | OUR LITTLE SISTER
- 60 | PAULINA (LA PATOTA)
- 61 | RABIN, THE LAST DAY
- 61 | RAK TI KHON KAEN (CEMETERY OF SPLENDOR)
- 62 | RIGHT NOW, WRONG THEN
- 62 | SHE'S FUNNY THAT WAY
- 63 | SLOW WEST
- 63 | SONGS MY BROTHERS TAUGHT ME
- 64 | TAXI TEHRAN
- 64 | THE ASSASSIN
- 65 | THE GIFT
- 65 | THE INVITATION

FOCO ALEX ROSS PERRY

- 67 | LISTEN UP PHILIP
- 67 | QUEEN OF EARTH

MAIORES CON REPAROS

- 70 | IM KELLER (IN THE BASEMENT)
- 70 | LA PROCHAINE FOIS JE VISERAI LE COEUR
(A SEGUINTE VEZ APUNTAREI AO CORAZÓN)
- 71 | ME QUEDO CONTIGO
- 71 | THE DUKE OF BURGUNDY
- 72 | THE WORLD OF KANAKO

DOCS-CINEUROPA

- 74 | CAUDILLO
- 74 | FLOTEL EUROPA
- 75 | FRANKENSTEIN-04155
- 75 | HITCHCOCK/TRUFFAUT
- 76 | INVASIÓN
- 76 | MI QUERIDA ESPAÑA
- 77 | NONE WITHOUT SIN (NINGUÉN SEN PECADO: ELIA KAZAN E ARTHUR MILLER)
- 77 | REMAKE, REMIX, RIP-OFF ABOUT COPY CULTURE & TURKISH POP CINEMA
- 78 | TELL SPRING NOT TO COME THIS YEAR
- 78 | THE ARENA OF MURDER
- 79 | TRUMBO (TRUMBO E A LISTA NEGRA)
- 79 | UNE JEUNESSE ALLEMANDE
- 80 | YES, WE FUCK!

FANTASTIQUE COMPOSTELA

- 82 | BODY
- 82 | CUB
- 83 | MISTERIOS DE ULTRATUMBA
- 83 | THE BOY AND THE BEAST (BAKEMONO NO KO)
- 84 | THE FINAL GIRLS
- 84 | THE GIRL IN THE PHOTOGRAPHS - RECORDO DE WES CRAVEN

ARTURO RIPSTEIN: TRIBUTO E RETROSPECTIVA

- 88 | ASÍ ES LA VIDA
- 88 | EL CASTILLO DE LA PUREZA
- 89 | EL EVANGELIO DE LAS MARAVILLAS
- 89 | EL IMPERIO DE LA FORTUNA
- 90 | EL LUGAR SIN LÍMITES
- 90 | EL SANTO OFICIO
- 91 | LA CALLE DE LA AMARGURA
- 91 | LA REINA DE LA NOCHE
- 92 | LA VIUDA NEGRA
- 92 | MENTIRAS PIADOSAS
- 93 | PRINCIPIO Y FIN
- 93 | PROFUNDO CARMESÍ (PREMIO CINEUROPA)

RETROSPECTIVA ARTUR BRAUNER

- 96 | DER 20. JULI (O 20 DE XULLO)
- 97 | EINE LIEBE IN DEUTSCHLAND (UN AMOR EN ALEMAÑA)
- 97 | HANUSSEN
- 98 | HITLERJUNGE SALOMON (EUROPA, EUROPA)
- 98 | LA PASSANTE DU SANS-SOUCI (TESTEMUNHA DE MULLER)
- 99 | MORITURI
- 99 | WEDLE WYROKÓW TWOICH... (FUXIDA CARA A LIBERDADE)

ESPECIAL DOMINIK GRAF

- 102 | IN FACE OF THE CRIME (FRONTE AO CRIME). SERIE DE 10 EPISODIOS

LEMBRANZA DE MANOEL DE OLIVEIRA

- 105 | VIAGEM AO PRINCÍPIO DO MUNDO

LEMBRANZA DE VICENTE ARANDA

- 107 | ASESINATO EN EL COMITÉ CENTRAL

LEMBRANZA DE CHICHI CAMPOS E TONITO BLANCO

- 108 | TONITO BLANCO, SÓ, PERDIDO E VICIOSO + PEZAS CHICHI CAMPOS + PEZAS TONITO BLANCO + DEBATE: OS SEUS AMIGOS

DISIDENCIAS

- 112 | AVE Y NADA
- 113 | DIARIO DE UN CORTO
- 113 | EL NOME DE LOS ÁRBOLES
- 114 | EL PASEO
- 114 | EQUÍ Y N'OTRU TIEMPU
- 115 | MEMORIA OCULTA
- 115 | UM DÍA NORMAL

ARREDOR DE NIMBOS, 1 (5 CURTAS)

- 116 | CLASE DE PINTURA
- 117 | DENA EZ DABIL ONDO (TODO NON VAI BEN)
- 117 | GAUA BEHARREZKOA DA (A NOITE É NECESARIA)
- 118 | INAUSKETA (A CERNA)
- 118 | PANTA RHEI

ARREDOR DE NIMBOS, 2 (5 CURTAS)

- 119 | A CERNA
- 120 | COMA BRASAS
- 120 | ESMERALDA
- 121 | LA INMENSA NIEVE
- 121 | NOITE DO MUNDO

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

- 124 | A LIÑA POLÍTICA
- 125 | CONTRAFACES
- 125 | ECO
- 126 | EN TODAS AS MANS
- 126 | ESTRATOS DE LA IMAGEN
- 127 | FÍOS FÓRA
- 127 | GRAN HOTEL
- 128 | LA IMAGEN REB/VELADA
- 128 | OS DÍAS AFOGADOS
- 129 | QUERIDA GINA
- 129 | VERENGO
- 130 | WORK IN PROGRESS: IT'S CALLED LISTEN
- 130 | WORK IN PROGRESS: O TEMPO FUTURO
- 131 | WORK IN PROGRESS: TRABALLOS E DÍAS DE FRANCISCO LEIRO (SÍSIFO CONFUSO)
- 131 | WORK IN PROGRESS:
UNA ROCA SUBE UNA MONTAÑA

ARREDOR DE NIMBOS, 3 (3 CURTAS)

- 132 | NIMBOS
- 133 | PROBA DE AXILIDADE
- 133 | WORK IN PROGRESS: RAPA DAS BESTAS

PROXECCIÓNES ESPECIAIS

- 136 | IDIOTAS
- 136 | O CIRCO DA BOLBORETA
- 137 | O ESPANTALLO AMIGO
- 137 | UNITARIAS

MARATÓN

- 140 | ME QUEDO CONTIGO
- 140 | THE WORLD OF KANAKO

- 141 | CUB
- 141 | THE GIFT
- 142 | MISTERIOS DE ULTRATUMBA
- 142 | SENSATIONAL JANINE
- 143 | THE FINAL GIRLS
- 143 | THE GIRL IN THE PHOTOGRAPHS –
RECORDO DE WES CRAVEN
- | PELÍCULA SORPRESA

OFF CINEUROPA

ROXOS E MARCIANOS: A CAZA DE BRUXAS EN HOLLYWOOD

- 148 | BLOCKADE (BLOQUEO)
- 148 | CONFESSIONS OF A NAZI SPY
(CONFESIONS DUN ESPÍA NAZI)
- 149 | SEVEN MILES FROM ALCATRAZ
(A SETE MILLAS DE ALCATRAZ)
- 149 | DESTINATION TOKYO (DESTINO TOKIO)
- 150 | HITLER'S CHILDREN (OS FILLOS DE HITLER)
- 150 | MISSION TO MOSCOW (MISIÓN EN MOSCOVA)
- 151 | TENDER COMRADE (COMPAÑEIRO DA MIÑA VIDA)
- 151 | THE FALLEN SPARROW (PERSEGUIDO)
- 152 | THE NORTH STAR (A ESTRELA DO NORTE)
- 152 | DAYS OF GLORY (DÍAS DE GLORIA)
- 153 | THE MASTER RACE
- 153 | CORNERED (VINGANZA)
- 154 | COUNTER-ATTACK (CONTRAATAQUE)
- 154 | THE HOUSE ON 92ND STREET (A CASA DA RÚA 92)
- 155 | CLOAK AND DAGGER (CLANDESTINO E CABAILEIRO)
- 155 | FROM THIS DAY FORWARD (DE HOXE EN DIANTE)
- 156 | TILL THE END OF TIME (ATA A FIN DO TEMPO)
- 156 | BODY AND SOUL (CORPO E ALMA)
- 157 | CROSSFIRE (ENCrucILLADA DE ODIOS)
- 157 | GENTLEMAN'S AGREEMENT (A BARREIRA INVISIBLE)
- 158 | JOHNNY O'CLOCK
- 158 | THE RED HOUSE (A CASA VERMELLA)
- 159 | FORCE OF EVIL (A FORZA DO DESTINO)
- 159 | RACHEL AND THE STRANGER (RACHEL E O FORASTEIRO)

160	THE BOY WITH GREEN HAIR (O RAPAZ DOS CABELOS VERDES)	178	THE BEAST FROM 20,000 FATHOMS (O MONSTRO DOS TEMPOS REMOTOS)
160	THE IRON CURTAIN (O TELÓN DE ACEIRO)	178	ON THE WATERFRONT (A LEI DO SILENCIO)
161	THE NAKED CITY (A CIDADE ESPIDA)	179	SALT OF THE EARTH (O SAL DA TERRA)
161	WALK A CROOKED MILE (A GRAN AMEAZA)	179	THE SHANGHAI STORY (AVENTURA EN SHANGAI)
162	CONSPIRATOR (TRAIZÓN)	180	BLOOD ALLEY (CALELLO SANGUENTO)
162	THE FOUNTAINHEAD (O MANANCIAL)	180	NIXON
163	THE HIDDEN ROOM	181	TRIAL (A FURIA DOS XUSTOS)
163	THE RED DANUBE (O DANUBIO VERMELLO)	181	INVASION OF THE BODY SNATCHERS (A INVASIÓN DOS LADRÓNS DE CORPOS)
164	THE WOMAN ON PIER 13 (CASADA CUN COMUNISTA)	182	STORM CENTER (NO OLLO DO FURACÁN)
164	THIEVES' HIGHWAY (MERCADO DE LADRÓNS)	182	A KING IN NEW YORK (UN REI EN NOVA YORK)
165	WE WERE STRANGERS (ERAMOS DESCOÑECIDOS)	183	IT! THE TERROR FROM BEYOND SPACE (TERROR DO ALÉN)
165	BETWEEN MIDNIGHT AND DAWN (ENTRE A MEDIANOITE E O AMENCER)	183	THE FEARMAKERS (OS INTIMIDADORES)
166	NIGHT AND THE CITY (NOITE NA CIDADE)	184	CHANCE MEETING (A CLAVE DO ENIGMA)
166	PANIC IN THE STREETS (PÁNICO NAS RÚAS)	184	DAY OF THE OUTLAW (O DÍA DOS FORAXIDOS)
167	THE LAWLESS (O FORAXIDO)	185	THE ANGRY RED PLANET (A FURIA DO PLANETA VERMELLO)
167	THE MARTIAN EYES	185	THEY CAME TO CORDURA (CHEGARON A CORDURA)
168	HE RAN ALL THE WAY (EU AMEI A UN ASASINO)	186	ADVISE & CONSENT (TEMPESTADE SOBRE WASHINGTON)
168	I WAS A COMMUNIST FOR THE FBI	186	KING AND COUNTRY (REI E PATRIA)
169	M	187	HAWAII
169	PEOPLE WILL TALK (MURMURIOS NA CIDADE)	187	ESPAÑA OTRA VEZ
170	THE BIG NIGHT (A LONGA NOITE)	188	TELL THEM WILLIE BOY IS HERE (O VAL DO FUXITIVO)
170	THE PROWLER (O ABESULLÓN)	188	THE MOLLY MAGUIRES (ODIO NAS ENTRAÑAS)
171	THE WHIP HAND (A MAN NA SOMBRA)	189	THE WAY WE WERE (TAL COMO ERAMOS)
171	ASSIGNMENT: PARIS (DESTINO: BUDAPEST)	189	THE FRONT (A TAPADEIRA)
172	BIG JIM MCCLAIN (O GRAN JIM MCCLAIN)	190	REDS (ROXOS)
172	MY SON JOHN (O MEU FILLO JOHN)	190	DANIEL
173	RED PLANET MARS (MARTE, O PLANETA VERMELLO)	191	RED DAWN (AMENCER VERMELLO)
173	THE SNIPER (O FRANCOOTIRADOR)	191	RUNNING ON EMPTY (UN LUGAR EN NINGUNHA PARTE)
174	THE THIEF (O ESPÍA)	192	THE HOUSE ON CARROLL STREET (A CASA DE CARROLL STREET)
174	VIVA ZAPATA	192	GUILTY BY SUSPICION (CAZA DE BRUXAS)
175	INVADERS FROM MARS (INVASORES DE MARTE)	193	CITIZEN COHN (CIDADÁN COHN)
175	IT CAME FROM OUTER SPACE (VIÑERON DO ESPAZO)	193	CRADLE WILL ROCK (ABAIXO O TELÓN)
176	MAN ON A TIGHTROPE (FUXITIVOS DO TERROR VERMELLO)	194	ANGELS IN AMERICA (ANXOS EN AMÉRICA)
176	NEVER LET ME GO (NON ME ABANDONES)	194	GOOD NIGHT, AND GOOD LUCK (BOAS NOITES, E BOA SORTE)
177	PICKUP ON SOUTH STREET (MANS PERIGOSAS)		
177	SPLIT SECOND (O INSTANTE DECISIVO)		

- 195 | TRUMBO (TRUMBO E A LISTA NEGRA)
- 195 | AYN RAND IN HER OWN WORDS
- 196 | THE COMPANY YOU KEEP (PACTO DE SILENCIO)

MARATÓN "ROXOS E MARCIANOS"

- 175 | INVADERS FROM MARS (INVASORES DE MARTE)
- 191 | RED DAWN (AMENCER VERMELLO)
- 173 | RED PLANET MARS (MARTE, O PLANETA VERMELLO)
- 178 | THE BEAST FROM 20,000 FATHOMS (O MONSTRO DOS TEMPOS REMOTOS)
- 185 | THE ANGRY RED PLANET (A FURIA DO PLANETA VERMELLO)
- 183 | IT! THE TERROR FROM BEYOND SPACE (TERROR DO ALÉN)

ARTHUR MILLER CENTENARIO

- 198 | ALL MY SONS (TODOS ERAN OS MEUS FILLOS)
- 199 | DEATH OF A SALESMAN (1951) (MORTE DUN VIAXANTE)
- 199 | DEATH OF A SALESMAN (1966) (MORTE DUN VIAXANTE)
- 200 | EVERYBODY WINS (TODO O MUNDO GAÑA)
- 200 | NONE WITHOUT SIN (NINGUÉN SEN PECADO: ELIA KAZAN E ARTHUR MILLER)
- 201 | THE CRUCIBLE (O CRISOL)
- 201 | THE MISFITS (VIDAS REBELDES)

CICLO AMOS KOLLEK

- 206 | BRIDGET
- 206 | FAST FOOD, FAST WOMEN (COMIDA RÁPIDA, MULLERES ACTIVAS)
- 207 | FIONA
- 207 | FOREVER LULU
- 208 | NOWHERE TO GO BUT UP (HAPPY END)
- 208 | RESTLESS
- 209 | SUE (SUE, PERDIDA EN MANHATTAN)
- 209 | WHORE 2

FILMADAS EN 1965

- 212 | BABY THE RAIN MUST FALL (A ÚLTIMA TENTATIVA)
- 212 | HEITAI YAKUZA (HOODLUM SOLDIER)
- 213 | IO LA CONOSCEVO BENE (EU COÑECÍAA BEN)

- 213 | LÁSKY JEDNÉ PĽAVOVLÁSKY (OS AMORES DUNHA LOIRA)
- 214 | LE BONHEUR (A FELICIDADE)
- 214 | PARIS VU PAR... (PARÍS VISTO POR...)
- 215 | REKOPIS ZNALEZIONY W SARAGOSSIE (O MANUSCRITO ATOPADO EN ZARAGOZA)
- 215 | SHADOWS OF FORGOTTEN ANCESTORS (OS CORCEIS DE LUME)
- 216 | SHUNPU DEN (STORY OF A PROSTITUTE)
- 216 | YOYO

CINEUROPA RECOMENDA - CINE DE CULTO

- 220 | CLOSE MY EYES (COS MEUS OLLOS PECHADOS)
- 220 | DAVID HOLZMAN'S DIARY
- 221 | DE MAN DIE ZIJN HAAR KORT LIET KNIPPEN (O HOME DO CRANIO RASURADO)
- 221 | HIMMEL ODER HÖLLE
- 222 | IL BOOM
- 222 | IZGNANIE (THE BANISHMENT)
- 223 | MA SAISON PRÉFÉRÉE (A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA)
- 223 | MAHANAGAR (THE BIG CITY)
- 224 | MARCELLO MASTROIANNI: MI RICORDO, SÌ, IO MI RICORDO
- 224 | PANE E CIOCCOLATA (AVENTURAS E DESVENTURAS DUN ITALIANO EMIGRADO)

DOCS MUSIC

- 228 | ARETHA FRANKLIN. LE LEGENDARY CONCERTGEBOUW CONCERT AMSTERDAM 1968
- 228 | ATLANTIC RECORDS, THE HOUSE THAT AHMET BUILT
- 229 | DREAMS TO REMEMBER, THE LEGACY OF OTIS REDDING
- 229 | JAMES BROWN, SOUL SURVIVOR
- 230 | MARVIN GAYE, WHAT'S GOING ON
- 230 | MOVIN' ON UP, THE MUSIC AND MESSAGE OR CURTIS MAYFIELD AND THE IMPRESSIONS
- 231 | MUSCLE SHOALS
- 231 | RAY CHARLES, THE GENIUS OF SOUL
- 232 | RESPECT YOURSELF, THE STAX RECORDS STORY
- 232 | SAM COOKE, LEGEND
- 233 | STANDING ON THE SHADOWS OF MOTOWN
- 233 | WATTSTAX



"C" de CULTURA COMPOSTELÁ

concello
creatividade
contemporaneidade
curiosidade
ciudadanía
comunicación
compromiso
controversia
capacidade
colaboración
coñecemento
complicidade
contacto
comunidade
cooperación
calidade
construción
contido
conexión...

"C" de CINEMA

“C”

CONCELLARÍA DE ACCIÓN CULTURAL
Auditorio de Galicia – Zona “C”– Teatro Principal

compostelacapitalcultural.org |  CompostelaCapitalCultural |  @CCultura
cineuropa.gal |  CineuropaFestival |  @Cineuropa_SCQ



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**CI
NEU
RO
PA**

**SECCIÓN
OFICIAL**



13 MINUTES

Ficha artística

Christian Friedel, Katharina Schüttler, Burghart Klaußner, Johann von Bülow, Felix Eitner, David Zimmerschied, Rüdiger Klink, Simon Licht, Cornelia Köndgen, Martin Maria Abram.

Ficha técnica

Dirección: Oliver Hirschbiegel

Guión: Léonie-Claire Breinersdorfer, Fred Breinersdorfer

Fotografía: Judith Kaufmann

Música: David Holmes

Producción: Lucky Bird Pictures / Delphi Medien / Philipp Filmproduction

Datos técnicos

Alemaña / 2015 / 114 min. / drama / alemán

Premios

Festival de Berlín 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Seminci de Valladolid 2015: sección oficial

George Elser é o carpinteiro da Resistencia que tentou asasinar a Hitler en Múnic o 8 de novembro de 1939. Por só 13 minutos de diferenza, se o Führer non chega a abandonar o seu podio antes do previsto, a historia podería ter mudado.

Despois do éxito de A onda, onde un profesor experimentaba cos seus alumnos teorías hitlerianas, o director Oliver Hirschbiegel retorna de Hollywood a Alemaña para contar un atentado contra Hitler moito menos difundido que o da Operación Walkiria. Reconstruída en flash-back, é tanto un thriller político como unha visión enriquecedora sobre a resistencia cívica fronte ao nazismo. Competiu pola Oso de Ouro na pasada Berlinale.



45 YEARS

Ficha artística

Charlotte Rampling, Tom Courtenay, Geraldine James, Dolly Wells, David Sibley, Sam Alexander, Richard Cunningham, Rufus Wright, Hannah Chalmers, Camille Ucan.

Ficha técnica

Dirección: Andrew Haigh

Guión: Andrew Haigh (Relato: David Constantine)

Fotografía: Lol Crawley

Producción: The Bureau

Datos técnicos

Reino Unido / 2015 / 93 min. / drama / inglés

Premios

2015: Festival de Berlín: mellor actor (Courtenay) e actriz (Rampling)

2015: Festival de Edimburgo: mellor film británico, mellor interpretación (Rampling)

Falta só unha semana para o 45.º aniversario da voda de Kate Mercer e a planificación da festa vai por bo camiño. Mais daquela chega unha carta dirixida ao seu marido. Nela notifícasele que apareceu morto o corpo do seu primeiro amor, conxelado nos glaciares de xeo dos Alpes suízos.

Charlotte Rampling e Tom Courtenay (dúas veces candidato ao Óscar por Doutor Zhivago e The Dresser) obtiveron ambos os Osos de Prata pola súa interpretación no Festival de Berlín. As súas composicións dun matrimonio non insensible á fatiga son unha celebración de dous veteranos que condensan a súa sabedoría nunha peza de cámara que se mantén nos lindes da explosión emocional.



A ROYAL NIGHT OUT

Ficha artística

Sarah Gadon, Emily Watson, Jack Reynor, Rupert Everett, Bel Powley, Roger Allam, Jack Laskey, Ruth Sheen, Anastasia Harrold, Jack Gordon, Geoffrey Streatfeild, Sophia Di Martino.

Producción: Ecosse Films / Scope Pictures

Datos técnicos

Reino Unido / 2015 / 97 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Julian Jarrold

Guión: Trevor De Silva, Kevin Hood

Fotografía: Christophe Beaucarne

Música: Paul Englishby

8 de maio de 1945, día da Vitoria en Europa. A cidade de Londres celebra o final da guerra e en Buckingham Palace hai dúas princesas desexosas de tomar parte na alegría fóra de palacio. Á princesa Elisabeth e a súa irmá, a princesa Margaret, permíteselles saír de incógnito para unirse ás celebracións. É unha noite chea de emoción, perigo e os primeiros coqueteos.

Julian Jarrold, director da versión para o cine de Retorno a Brideshead e dun dos episodios da serie de razoable culto Red Riding encárgase de poñer un pouco de cordura na atoleirada «Gran Noite» das princesas Elizabeth e Margaret no Londres vitorioso de 1945 con incursión nos bordeis do Soho incluída. Inevitable tomar con humor este excuso real; moito máis despois das famosos fotonís de infancia da princesa e futura lonxeva raíña levantando o brazo en saúdo hitleriano co seu tiño Eduardo. Emma Watson e un irrecoñecible Rupert Everett —no seu día icona gay— son a raíña Isabel e Xurxo VI, que aquí segue tateando, desdicindo a súa curación milagrosa en O discurso do rei.



A UMA HORA INCERTA

Ficha artística

Joana Ribeiro, Paulo Pires, Judith Davis, Grégoire Leprince-Ringuet, Filipa Areosa, Pedro Lima, Ana Padrão, Joana de Verona, João Paulo Santos.

Producción: Paulo Branco / Leopardo Filmes / Câmara Municipal da Mealhada

Datos técnicos

Portugal / 2015 / 72 min. / drama / portugués, francés

Ficha técnica

Dirección: Carlos Saboga

Guión: Carlos Saboga

Fotografía: Mário Barroso

Música: Alain Jomy

No Portugal salazarista de 1942, dous refuxiados franceses, Boris e Laura, son arrestados. O inspector Vargas séntese atraído pola moza e decide agachalos na súa casa, un hotel baleiro onde vive coa súa filla Ilda e a súa muller, gravemente enferma. Pero Ilda descobre a presenza dos refuxiados e, consumida polos celos, trata de facelos desaparecer custe o que custar.

O avezado co-guionista de Misterios de Lisboa, Carlos Saboga, sublima unha peza de cámara ambientada no Portugal cova de espías e de axentes da PIDE de Salazar. Nun branco e negro comme il faut, Saboga dramatiza o seu fío argumental de refuxiados franceses na casa menos indicada (lembren O sedutor de Donald Siegel) apostando por unha estilización do thriller dos anos corenta que é brillante exercicio escénico.



AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 1

Ficha artística

Miguel Gomes, Carloto Cotta, Adriano Luz, Rogério Samora, Crista Alfaiate, Luísa Cruz, Maria Rueff, Bruno Bravo, Diogo Dória, Dinarte Branco, Chico Chapas, Tiago Fagulha.

Ficha técnica

Dirección: Miguel Gomes

Guión: Telmo Churro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo

Fotografía: Mário Castanheira, Sayombhu Mukdeeprom

Producción: O Som e a Fúria / Shellac Sud / Komplizen Film / Box Productions

Datos técnicos

Portugal, Francia, Alemaña, Suíza / 2015 / 125 min. / drama / portugués

Título orixinal: *As Mil e Uma Noites: Volume 1, O Inquieto*

Premios

Sydney Film Festival 2015: mellor película.

Película dividida en tres partes, que se inspira en *As mil e unha noites* para realizar un honesto retrato do Portugal actual. Cada unha das historias que narra unha moderna Sherezade é un feito real recollido para a película por un equipo formado por tres xornalistas. *O inquieto*, este primeiro volume, é un barroco e sorprendente conxunto de relatos onde teñen cabida a sátira política, o fantástico e o documental.

AS MIL E UMA NOITES, Volume 1, 2 e 3: Miguel Gomes reinou en Cannes dende o *Offshore* da Quincena cun proxecto de máis de seis horas onde Sherezade é a magnífica introdutora dunha serie de pezas que van compoñendo o puzzle do austericidio, o Portugal castigado por Bruxelas pero irredutible nos seus costumes. O mix de ilusión oriental e realismo sereno —esa historia da cultura dos educadores no canto dos paxaros— zumea unha forza poética exultante. O que vai de Simbad a Mario Draghi...



AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 2

Ficha artística

Crista Alfaiate, João Pedro Bénard, Isabel Muñoz Cardoso, Margarida Carpinheiro, Chico Chapas, Carloto Cotta, Luísa Cruz, Joana de Verona, Eduardo Frazão, Pedro Inês, Lucky, Adriano Luz.

Ficha técnica

Dirección: Miguel Gomes

Guión: Telmo Churro, Miguel Gomes, Mariana Ricardo

Fotografía: Sayombhu Mukdeeprom

Producción: O Som e a Fúria / Shellac Sud / Komplizen Film / Box Productions

Datos técnicos

Portugal, Francia, Alemaña, Suíza / 2015 / 131 min. / drama / portugués

Título orixinal: *As Mil e Uma Noites: Volume 2, O Desolado*

Premios

Sydney Film Festival 2015: mellor película

Película dividida en tres partes, que se inspira en *As mil e unha noites* para realizar un honesto retrato do Portugal actual. Cada unha das historias que narra unha moderna Sherezade é un feito real recollido para a película por un equipo formado por tres xornalistas. *O Desolado*, o volume máis desesperado e traxicómico dos tres, foi escollida como candidata para representar a Portugal na vindeira 88.ª cerimonia dos Oscar. Comeza coa historia de Simão, un vello fuxitivo ao que as autoridades perseguen polas montañas, e prosegue con outros contos protagonizados por ninfas, drons, cans, o debut sexual dun rapaz e a insensibilidade dos organismos de servizos sociais.



AS MIL E UMA NOITES: VOLUME 3

Ficha artística

Joana de Verona, Diogo Dória,
Gonçalo Waddington, Rogério
Samora, Adriano Luz.

Ficha técnica

Dirección: Miguel Gomes

Guión: Telmo Churro, Miguel
Gomes, Mariana Ricardo

Fotografía: Sayombhu
Mukdeeprom

Produción: O Som e a Fúria /
Shellac Sud / Komplizen Film / Box
Productions

Datos técnicos

Portugal, Francia, Alemaña, Suíza /
2015 / 125 min. / drama / portugués

Título orixinal: *As Mil e Uma
Noites: Volume 3, O Encantado*

Película dividida en tres partes, que se inspira en *As mil e unha noites* para realizar un honesto retrato do Portugal actual. Cada unha das historias que narra unha moderna Sherezade é un feito real recollido para a película por un equipo formado por tres xornalistas. *O Encantado*, volume final da triloxía, é un canto á beleza onde coñeceremos a historia da propia Sherezade e dos «pimpineiros», un grupo de habitantes das chabolas de Boavista que dedica o seu tempo libre a ensinar a cantar aos pimpíns.



COSMOS

Ficha artística

Sabine Azéma, Jean-François
Balmer, Victória Guerra, Ricardo
Pereira, Andy Gillet, Johan
Libéreau, Jonathan Genet,
Clémentine Pons, António Simão.

Ficha técnica

Dirección: Andrzej Zulawski

Guión: Witold Gombrowicz,
Andrzej Zulawski

Fotografía: André Szankowski

Música: Andrzej Korzynski

Produción: Alfama Films

Datos técnicos

Francia, Portugal / 2015 / 103 min. /
drama / francés

Premios

Festival de Locarno 2015: mellor
director

Witold acaba de suspender os seus exames de Dereito e Fuchs deixou o seu traballo. Ambos chegan como hóspedes a unha casa que debería ofrecerlles descanso e que, porén, lles provoca un certo desacougo á vez que unha serie de feitos estraños comezan a suceder.

Celebrems o regreso de Andrej Zulawski. E festexemos, sobre todo, que o faga unha obra tan pletórica coma esta, que recibiu o Premio ao mellor director en Locarno. Un libérrimo e dionisiaco convite, entre surreal e dadaísta, a vivir e amar, a crer na fenomenoloxía da amizade cómplice, do anticonvencionalismo. É cine que te fai mellor persoa e te convida á euforia. E é que estamos ante un creador, Zulawski, que como outros de idade similar —Arturo Ripstein ou Marco Bellocchio— se atreven a filmar unha coraxe libertaria que para si quixesen os inexistentes mozos da extinta vangarda.



DAS ZIMMERMÄDCHEN LYNN

A CAMAREIRA LYNN

Ficha artística

Vicky Krieps, Lena Lauzemis,
Steffen Münster, Christian Aumer,
Christine Schorn.

Ficha técnica

Dirección: Ingo Haeb

Guión: Ingo Haeb (Novela: Markus
Horts)

Fotografía: Sophie Maintigneux

Música: Jakob Ilja

Producción: 58Filme / Sutor
Kolonko / Pandora Film Produktion

Datos técnicos

Alemaña / 2014 / 90 min. /
drama / alemán

Título orixinal: *Das
Zimmermädchen Lynn*
(*The Chambermaid Lynn*)

Premios

Múnic Film Festival 2014: mellor
actriz (Vicky Krieps)

Montreal World Film Festival
2014: premio da Crítica e de
Contribución artística

Lynn Zapatek é unha camareira que está obsesionada coa limpeza do hotel Eden. Por aburrimiento mantén unha relación sexual co xerente dese lugar, pero o que realmente lle interesa é coñecer cada un dos segredos dos clientes, polo que remexe entre as súas roupas e obxectos e se agocha debaixo das camas. Todo muda no momento en que coñece a Chiara, unha dominatrix que somete os clientes do hotel mediante prácticas sadomasoquistas. Este encontro cambia a vida Lynn drasticamente.

Ingo Haeb impactou en Rotterdam con este drama sobre o voyeurismo que practica a impúdica e magnífica Vicky Krieps cun punto naïf que seica lle achega máis atmosfera a esta camareira, a medias entre Buñuel e Ulrich Siedl, que chega case ao clímax controlando as operacións dunha prostituta de luxo dende debaixo da cama dun cuarto de hotel. E o tour de force final, cousa de mulleres, é un exercicio de alta tensión. Gañou en Montreal o Premio da Crítica e o de Contribución artística.



DEMON

Ficha artística

Maja Barelkowska, Maria
Debska, Piotr Domalewski,
Katarzyna Gniwowska, Andrzej
Grabowski, Katarzyna Herman,
Cezary Kosinski, Ireneusz Koziol,
Filip Plawiak, Włodzimierz
Press, Marek Sawicki, Tomasz
Schuchardt.

Ficha técnica

Dirección: Marcin Wrona

Guión: Pawel Maslona,
Marcin Wrona

Fotografía: Pawel Flis

Música: Marcin Macuk, Krzysztof
Penderecki

Producción: Telewizja Polska

Datos técnicos

Polonia, Israel / 2015 / 94 min. /
thriller / polaco, inglés, yiddish

Premios

Festival de Sitges 2015: mellor
fotografía

Python e Janet reciben como regalo de voda unhas terras nas que construír o seu lar. Ao preparar o terreo para a futura casa, o noivo encontra un ósos humanos. Será o primeiro dunha serie de feitos extraños que culminan coa irrupción dun turbulento espírito nas nupcias.

Esta película é xa lenda apenas nacida. O seu director, Marcin Wrona faleceu aos 42 anos e de modo non aclarado no cuarto dun hotel en Wroclaw o pasado setembro, só tres semanas antes da súa prevista viaxe a Sitges, onde o filme acadou premio secundario, inda que o merecía todo. Sen desprazarse nin por un momento do racional, describe un proceso de posesión diabólica que convulsiona unha voda regada en alcol, esencialmente porque o posuído é o noivo. Por dereito propio, entra na antoloxía de películas de vodas, e tamén na de exorcismos. Filmada nunha atmosfera febril, acaba por poñer ao descuberto as raíces da historia negra da Polonia do século pasado. Unha casa construída sobre un cemiterio xudeu clandestino depara un aqellarre epatante, hipnótico, perturbador. Unha das dúas ou tres películas claves do cine do 2015.



EISENSTEIN IN GUANAJUATO

Ficha artística

Elmer Bäck, Stelio Savante, Maya Zapata, Lisa Owen, Luis Alberti, Rasmus Slätis, Raino Ranta, Alan Del Castillo, Jakob Öhrman.

Ficha técnica

Dirección: Peter Greenaway

Guión: Peter Greenaway

Fotografía: Reinier van Brummelen

Producción: Submarine / Fu Works / Climax Films

Datos técnicos

Holanda, México, Finlandia, Bélgica, Francia / 2015 / 105 min. / biopic / inglés, español

Premios

Festival de Berlín 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Greenaway leva á pantalla gran parte da vida de Sergei Eisenstein, concretamente o período no que o mítico realizador soviético viviu en México e rodou, entre outros filmes, ¡Que viva México! O director de *O Acoirazado Potemkin* (1925) pasou máis dun ano, a partir de decembro de 1930, en terras aztecas para filmar a súa fascinación polo Día dos Mortos e os ritos relixiosos da cultura popular mexicana. Non obstante, a película quedou inconclusa, polo que en 1979 Grigori Aleksandrov, a partir dos «storyboards» orixinais de Eisenstein completou ¡Que Viva México!, unha aproximación á montaxe que este planeaba.

O autor fundacional de Cineuropa, o máis cool cando este festival babeaba, retorna tras 8 anos sen estrear película e case 20 sen un éxito. A idea da viaxe de Eisenstein para a rodaxe imposible de Que Viva México! sérvelle a Greenaway para tomar uns camiños insólitos: o descubrimento e disfrute do cineasta dunha homosexualidade festiva, case en ton de valdevil, e moi afastada da gravidez doutras obras do británico. Competiu na Berlinale e celebrouse ao grande.



EL REY DE LA HABANA

Ficha artística

Maykol David, Yordanka Ariosa, Héctor Medina, Ileana Wilson, Chanel Terrero, Jazz Vila.

Ficha técnica

Dirección: Agustí Villaronga

Guión: Agustí Villaronga (Novela: Pedro Juan Gutiérrez)

Fotografía: Josep María Civit

Música: Joan Valent

Producción: Pandora Cinema / Tusitala / Esencia Films

Datos técnicos

España / 2015 / 125 min. / drama / castelán

Premios

Festival de San Sebastián 2015: mellor actriz (Yordanka Ariosa)

Baseada na novela do mesmo nome escrita por Pedro Juan Gutiérrez, *El Rey de la Habana* está ambientada na Cuba dos anos 90. A historia céntrase en Reinaldo, un adolescente que escapou dun correccional de menores. Agora, en liberdade, Reinaldo ten que sobrevivir nas rúas da capital cubana nunha época de miseria e pobreza que marcará a súa existencia.

O tremendismo do novelista cubano Pedro Juan Gutiérrez, que vendeu o «período especial» dos 90 como unha apocalipse canibal, suavízao convenientemente Agustí Villaronga. O seu mozo antiheroe é como un Lázaro de Tormes que vive do seu vigor sexual entre mulleres e sereas, en canto que de La Habana non quedan nin os cascallos. Cuncha de Prata en San Sebastián para a excelente actriz Yordanka Ariosa no seu papel de jinetera briosa.



FRANCOFONIA

Ficha artística

Louis-Do de Lencquesaing, Vincent Nemeth, Benjamin Utzerath, Johanna Korthals Altes, Jean-Claude Caër, Andrey Chelpanov.

Ficha técnica

Dirección: Alexander Sokurov
Guion: Alexander Sokurov
Fotografía: Bruno Delbonnel
Música: Murat Kabardokov

Producción: Idéale Audience / Musée du Louvre, París

Datos técnicos

Francia, Alemaña / 2015 / 90 min. / drama / francés

Premios

Festival de Venecia 2015: sección oficial longametraxes a concurso

A través da historia de Jacques Jaujard e o conde Franz Wolff-Metternich, ambientada no París de 1940, Alexander Sokurov explora a relación entre a arte e o poder, sendo o Museo do Louvre o principal lugar da civilización viva. Jaujard e Wolff-Metternich protexen os tesouros deste museo ao mesmo tempo que os grandes exércitos arrasan o corazón da civilización deixando moitas vítimas por diante.

Tras gañar o León de Ouro en Venecia co seu Fausto, Sokurov introdúcese no Louvre para tecer un pícaro pero intelectualmente desafiante puzzle histórico arredor da devoción francesa pola cultura, do mito falseado da Résistance e do papel autoritario dunha Alemaña coa cal abertamente non simpatiza. E Napoleón fala! Dáse autobombo mentres, de paso, contribúe a enxalzar a grandeza da alma rusa. Atención ó insulto directo a Merkel e á fermosa amizade entre o director do Louvre e o responsable do goberno de Hitler en temas de arte.



IL RACCONTO DEI RACCONTI O CONTO DOS CONTOS

Ficha artística

Salma Hayek, Vincent Cassel, Toby Jones, John C. Reilly, Alba Rohrwacher, Bebe Cave, Shirley Henderson, Hayley Carmichael, Stacy Martin, Jessie Cave.

Ficha técnica

Dirección: Matteo Garrone
Guion: Matteo Garrone, Edoardo Albinati, Ugo Chiti, Massimo Gaudioso (Libro: Giambattista Basile)

Fotografía: Peter Suschitzky

Música: Alexandre Desplat

Producción: Archimede / Le Pacte

Datos técnicos

Italia, Francia, Reino Unido / 2015 / 125 min. / fantástico / inglés, ruso

Premios

Festival de Cannes 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Había unha vez tres reinos veciños con marabillosos castelos nos que reinaban reis e reinas e príncipes e princesas: un rei fornicador e libertino; outro rei preso dun animal estraño; unha raíña obsesionada polo seu desexo de ter un fillo... Meigas e fadas, perigosos monstros, ogros e vellas lavadeiras, acróbatas e cortesáns son os heroes desta interpretación libre dos célebres contos de Giambattista Basile.

Tras Sodoma e Reality, Matteo Garrone, un dos nenos bonitos de Cannes, non levou premio por esta aposta de risco. Un encarte de tres narracións en época feudal e no que converxen raíñas celosas (Salma Hayek), reis cegados pola voluptuosidade (Vincent Cassel), meigallos, gnomos, doncelas sapos e chepudos nun retablo freak fotografado polo eminente Peter Suschitzky. Toda unha poderosa extravagancia entre o conto de fadas, o goticismo e os contos pasolinianos.



ISLA BONITA

Ficha artística

Olivia Delcán, Fernando Colomo, Nuria Román, Miguel Ángel Furones, Lilian Caro, Tim Betterman, Lluís Marqués.

Ficha técnica

Dirección: Fernando Colomo

Guión: Fernando Colomo, Olivia Delcán, Miguel Ángel Furones

Fotografía: Alfonso Sanz

Música: Fernando Furones

Producción: Comba Films / La Periférica Producciones

Datos técnicos

España / 2015 / 101 min. / drama / castelán

Fer, un veterano e namoradoiro realizador publicitario vido a menos, é convidado polo seu amigo Miguel Ángel ao seu retiro dourado na illa de Menorca. O problema é que a esposa deste tamén convidou a súa nai e sobriños. A Miguel Ángel non lle queda outra que colocar o seu amigo cas de Nuria, unha atractiva escultora antisistema que vive en permanente conflito coa súa filla adolescente, Olivia.

Non sei se é un spoiler avisar de que non estamos, de ningunha maneira, ante unha comedia made in Colomo. Pola contra, isto é algo ben diferente. Podería ser un Desmontando a Colomo, no cal o director se interpreta a si mesmo, sen rastro de caridade. Coas carnes murchas, na ruína, á procura de amor, con tendencias autodestrutivas. E todo este striptease salvaxe vai embozado en luva de seda, con forma de película entre amigos. Unha obra de coraxe alucinógena e un acto de xenerosidade que o propio Colomo explicará en Cineuropa.



JOHN FROM

Ficha artística

Júlia Palha, Clara Riedl-Riedenstein, Filipe Vargas, Leonor Silveira, Adriano Luz.

Ficha técnica

Dirección: João Nicolau

Guión: João Nicolau, Mariana Ricardo

Fotografía: Mário Castanheira

Música: João Lobo

Son: Miguel Martins

Montaxe: Alessandro Comodin, João Nicolau

Vestuario: Susana Moura

Decorados: Bruno Duarte, Cypress Cook

Director de produción:

Joaquim Carvalho

Coprodutor: Thomas Ordonneau

Produción: Luís Urbano, Sandro Aguilar (*O som e a fúria*)

Datos técnicos

Portugal / 2015 / 100 min. / ficción

Festivais

Mostra Internacional de Cinema de São Paulo 2015

Cinemed 2015

Festival de Cine de Sevilla 2015

Rita teno todo. Ten 15 anos e o verán por diante. Molla o chan da varanda e refréscase mentres toma baños de sol. Ten un ex-futuro namorado e o presente infalible da súa mellor amiga. De forma moi natural, de Portugal ao Pacífico Sur, esta fortaleza esboralla lenemente cando a adolescente ve a exposición que un novo veciño presenta no centro comunitario do barrio.

João Nicolau fai, el si, verdadeiro cinema de barrio. É o gran poeta da vida na cidade, o cantor dos longos seráns de verán e asfalto nos que a cabeza soña con lugares exóticos. Tamén é o gran retratista da adolescencia, lonxe das representacións tópicas e retortas da televisión. Sempre imaxinativo e exuberante, sempre musical e festivo, o cinema de Nicolau consegue que saíamos da sala máis felices sen ser compracente nin facer trampas sentimentais, tan só poñendo en práctica o humanismo máis básico: o cariño e a simpatía polos personaxes.



LA ACADEMIA DE LAS MUSAS

Ficha artística

Raffaele Pinto, Emanuela Forgetta, Rosa Delor Muns, Mireia Iniesta.

Datos técnicos

España / 2015 / 92 min. / drama / castelán, italiano

Ficha técnica

Dirección: José Luis Guerín

Guión: José Luis Guerín

Producción: Les Films de Orfeo

Cando regresa de dar unha das súas clases, un profesor de filoloxía é interrogado pola súa muller, que desconfía do enfoque pedagóxico que, mediante unha «Academia das Musas», inspirada en referencias clásicas, pretende rexenerar o mundo a través da poesía. Este controvertido proxecto desata unha serie de situacións dominadas pola linguaxe e o desexo.

O noso Premio Cineuropa de 2007 —daquela tróuxonos En la ciudad de Sylvia— vén ao festival coa soberbia obra de inspiración poética que presentou en Locarno. Nunha aula, un profesor e os seus alumnos debaten sobre Dante, o amor, a arte, o desexo... E a cámara de Guerín non só documenta, intervéñ con pureza para debullar un fermosísimo manifesto arredor da muller, a aprehensión do eterno feminino, á aprendizaxe... non como ritual senón, moitas veces, como pura comedia.



LA LOI DU MARCHÉ

Ficha artística

Vincent Lindon, Yves Ory, Karine De Mirbeck, Matthieu Schaller, Xavier Mathieu, Noël Mairot, Catherine Saint-Bonnet, Roland Thomin.

Datos técnicos

Francia / 2015 / 92 min. / drama / francés

Premios

Festival de Cannes 2015: mellor actor (Vincent Lindon)

Ficha técnica

Dirección: Stéphane Brizé

Guión: Stéphane Brizé, Olivier Gorce

Fotografía: Eric Dumont

Produción: Arte France Cinéma / Nord-Ouest Productions

Con 51 anos, despois de 20 meses no paro, Thierry volve traballar. Pero pronto se atopa ante un dilema moral: pode aceptar calquera cousa para conservar o seu emprego?

Stephane Brizé xa tratou a crise dos cincuenta en Non estou feito para ser amado. Ao inmenso Vincent Lindon (premio ao mellor actor en Cannes) non só non o ama ninguén. Putéano no seu traballo de merda ata extremos de crueldade sen límites. Pero fóra vai moito frío. Un fungueirazo contestatario á xungla laboral que fixeron crecer ao noso redor.



LE NOUVEAU

Ficha artística

Réphaël Ghrenassia, Joshua Raccach, Géraldine Martineau, Guillaume Cloud-Roussel, Johanna Lindstedt, Max Boublil, Eythan Chiche, Gabriel Nahum, Ismaël Mandile, Arthur Grégoire, Iléana Courbey, Yiling Luo.

Ficha técnica

Dirección: Rudi Rosenberg

Guión: Igor Gotesman, Bruno Muschio, Rudi Rosenberg

Fotografía: Nicolas Loir

Producción: Récifilms / Cinéfrance
1888 / Mars Films

Datos técnicos

Francia / 2015 / 81 min. /
comedia / francés

Premios

Festival de San Sebastián 2015:
premio Novos Directores

Benoit, un rapaz de 14 anos, deixou o campo para mudarse a París. O seu primeiro día no colexio resulta ser máis difícil do que esperaba e séntese illado axiña. Ata que un día, chega á clase unha rapaza nova.

Pensaban que despois de A clase o cine francés xa o dixera todo sobre o xénero de nenos e aulas? Esta película é un festín de humor cáustico, un axuste de contas co «politicamente correcto», unha excitante comedia subversiva cunha inesquecible cuadrilla de perdedores poñendo os puntos sobre os is. Hai nela rabioso talento e un casting de personaxes que superaría ao da Pandilla Basura.



MACBETH

Ficha artística

Michael Fassbender, Marion Cotillard, David Thewlis, Elizabeth Debicki, Jack Reynor, Sean Harris, Paddy Considine, Julian Seager, David Hayman, James Michael Rankin, Barrie Martin, Ross Anderson.

Ficha técnica

Dirección: Justin Kurzel

Guión: Todd Louiso, Jacob Koskoff,
Michael Lesslie (Obra: William
Shakespeare)

Fotografía: Adam Arkapaw

Música: Jed Kurzel

Producción: See-Saw Films / DMC
Film

Datos técnicos

Reino Unido, Francia, Estados
Unidos / 2015 / 113 min. /
drama / inglés

Lectura visceral da traxedia máis célebre e fascinante de Shakespeare, a dun destemido guerreiro e carismático xefe, afincado nos campos de batalla no medio das paisaxes da Escocia medieval. Macbeth é, fundamentalmente, a historia dun home adoecido pola guerra que tenta reconstruír a relación coa esposa amada, ambos os dous apreixados polas forzas da ambición e o desexo.

Este rei das Terras Altas que encarna Fassbender xa ruxiu moito e ben en Cannes. Non lle fai de menos a Shakespeare ser dirixido por un neocelandés, Justin Kurzel, que de salvaxismos demostrou non ter padores na feroz Snowtown. Todo o concerto macbethiano soa magno. E Marion Cotillard devólvelle á personaxe de Lady Macbeth algo da fama do orixinal, que tantos se empeñaron en manchar contando que a que verdadeiramente ambicionaba o trono de sangue era ela. E están as bruxas, pero falta o senador McCarthy.



MARGUERITE

Ficha artística

Catherine Frot, Christa Thérêt, André Marcon, Michel Fau, Sylvain Dieuaide, Aubert Fenoy.

Ficha técnica

Dirección: Xavier Giannoli

Guión: Xavier Giannoli, Marcia Romano

Fotografía: Glynn Speckaert

Música: Ronan Maillard

Producción: Fidélité Films / Scope Pictures / Sirena Film

Datos técnicos

Francia, Bélxica, República Checa / 2015 / 127 min. / drama / francés

Premios

Festival de Venecia 2015: sección oficial longametraxes a concurso

París, anos vinte. Marguerite Dumont é unha muller adifeirada, amante da música e a ópera. Dende hai anos canta regularmente perante o seu círculo de amigos, pero faino absolutamente fóra de ton e ninguén se atreve a dicirlle a verdade. Tanto o seu marido coma os seus amigos dedicáronse sempre a manter a súa fantasía. Todo se complica o día que ela decide presentarse perante un verdadeiro público na ópera.

Será un dos sleepers desta edición de Cineuropa. Todos coñecerán a Marguerite, a peor cantante de ópera da Historia, cando acabe novembro. Xavier Giannoli móntalle á excelsa Catherine Frot un show de Truman, un crepúsculo dos deuses, un Goodbye Lenin dentro do cal ela é a diva do bel canto. Escoitála é amala, dende logo. Pero máis alá dos xa célebres pitos, Giannoli vai construíndo unha troupe fascinante, a medio camiño entre os groupies de Ed Wood e o Segismundo de La vida es sueño. Atención, que Marguerite Dumont —lembra a mellor inimiga de Groucho Marx?— vai comezar a cantar. Por favor, non rían demasiado.



MEDITERRANEA

Ficha artística

Alassane Sy, Koudous Seihon, Paolo Sciarretta, Pio Amato, Mary Elizabeth Innocence, Annalisa Pagano, Vincenzina Siciliano, Sinka Bourehima.

Ficha técnica

Dirección: Jonas Carpignano

Guión: Jonas Carpignano

Fotografía: Wyatt Garfield

Música: Dan Romer

Producción: Good Films, DCM Productions, Good Lap Production, Maiden Voyage Pictures

Datos técnicos

Italia, Francia, Estados Unidos, Alemaña, Qatar / 2015 / 107 min. / drama / francés, italiano, inglés, árabe

Premios

Festival Cinematográfico de Múnic 2015: mellor director novel
Festival de Cannes 2015: candidata ao gran premio da Semana da Crítica

Finalista ao Premio Lux 2015

Ayiva parte co seu amigo Abas da capital de Burkina Faso. Atravesan o deserto, baixo temperaturas aterradoras e os ataques de saqueadores armados, ata chegaren a Libia e subir nunha lancha pneumática esmendrellada rumbo a Sicilia.

Jonas Carpignano debuta e ten nas súas mans materia sensible, o drama dos refuxiados: dous emigrantes africanos que buscan El Dorado en Italia e aprenden o que sucede cando un se achega á fortaleza europea. Non recorre Carpignano ao melodrama nin a instrumentos arteiros. E a nobreza do seu empeño, estreado na Semana da Crítica de Cannes, será proxectada á vez que en Cineuropa, en París, Sevilla, Bruxelas, Bucarest, Cork e Bratislava, nun empeño dos Premios Lux por unificar sensibilidades.



MIA MADRE

Ficha artística

Margherita Buy, John Turturro, Giulia Lazzarini, Nanni Moretti, Beatrice Mancini, Stefano Abbati, Enrico Ianniello, Anna Bellato, Tony Laudadio, Lorenzo Gioielli, Pietro Ragusa, Tatiana Lepore, Monica Samassa, Vanessa Scalera, Davide Iacopini, Rossana Mortara, Antonio Zavatteri, Camilla Semino, Domenico Diele, Renato Scarpa.

Ficha técnica

Dirección: Nanni Moretti
Guión: Nanni Moretti, Francesco Piccolo, Valia Santella

Fotografía: Arnaldo Catinari

Producción: Sacher Film /
Fandango / Le Pacte / Films
Boutique / ARTE France Cinéma

Datos técnicos

Italia / 2015 / 102 min. / drama /
italiano, inglés

Premios

Festival de Cannes: sección oficial
longametraxes a concurso

David di Donatello 2014: mellor
actriz (Margherita Buy) e mellor
actriz secundaria (Giulia Lazzarini)

Margherita é unha directora de cine que está realizando unha película protagonizada por un famoso e insoportable actor estadounidense de orixe italiana. Tense que enfrontar ás dúbidas sobre o seu compromiso como artista e ás angustias da súa vida privada: a súa nai hospitalizada e a súa filla atravesando a crise da adolescencia. E o seu irmán, como de costume, é irreprochable... Margherita non sabe se dará saído adiante no seu traballo e coa súa familia.

Nanni Moretti sabe tratar a dor máis aceirada sen que lle trema o pulso ou o venza o sentimentalismo. Demostrouno na Habitación do fillo. Agora é o adeus á nai, estreado tamén en Cannes. En realidade, o alter ego de Moretti é Margherita Buy, que na ficción é unha directora de cine en crise. Moretti dálle a pauta, en segundo plano. É o irmán que cociña para ela con delicadeza. E está Turturro, nota de humor discordante neste filme-pavana onde o sentimento de perda está contido. Pero pasan os días e segues sentindo os ecos de Mia Madre.



MUSTANG

Ficha artística

Erol Afsin, Ilayda Akdogan, Doga Zeynep Doguslu, Elit Iscan, Ayberk Pekcan, Günes Sensoy, Tugba Sunguroglu.

Ficha técnica

Dirección: Deniz Gamze Ergüven
Guión: Deniz Gamze Ergüven, Alice Winocour
Fotografía: David Chizallet, Ersin Gök
Música: Warren Ellis
Producción: CG Cinéma

Datos técnicos

Turquía, Francia, Alemaña, Qatar /
2015 / 97 min. / drama / turco

Premios

Festival de Sarajevo 2015: mellor
película
Finalista ao Premio Lux 2015

Comeza o verán. Nunha vila do norte de Turquía, Lale e as súas catro irmás camiñan ata a casa dende a escola, xogando inocentemente con algúns rapaces. A inmoralidade do seu xogo aos ollos dos adultos pon en marcha un escándalo que ten consecuencias inesperadas. A casa familiar transfórmase progresivamente nunha prisión; a instrución en economía doméstica substitúe a escola e empezan a prepararse os matrimonios. As cinco irmás, que comparten una paixón común pola liberdade, encontrarán xeitos de escapar ás restricións impostas.

Estas cinco irmás turcas fixéronse co triunfo na Quincena de Cannes. Pero, alén diso, conquistaron a efusión. Dirixexas unha cineasta, Dennis Ganche Ergüven, na súa autodefensa fronte a unha sociedade que as reprime, as condena a quedar a facer as tarefas do fogar, a renunciar a un futuro profesional ou a aceptar matrimonios de conveniencia. Canta coraxe hai nesta loita man a man, cine dirixido e interpretado por mulleres, cunha mensaxe de emancipación universal e sen rastro de adiposidade sentimentaloides.



PEACE TO US IN OUR DREAMS

Ficha artística

Sharunas Bartas, Lora Kmieliauskaitė, Ina Marija Bartaitė, Edvinas Goldsteinas, Giedrius Nakas, Klaudia Korshunova.

Ficha técnica

Dirección: Sharunas Bartas
Guion: Sharunas Bartas
Fotografía: Eitvydas Doskus

Música: Alexander Zekke

Producción: KinoElektron / Studio Kinema

Datos técnicos

Lituania, Francia, Rusia / 2015 / 120 min. / drama / lituano

Premios

Festival de Cannes 2015: seleccionada para a Quincena dos realizadores

Nun día de verán, un home, a súa parella e mais a súa filla chegan á súa casa de campo para pasaren a fin de semana. A filla acaba de mudarse co seu pai e busca a súa atención. O home, aborrecido coa súa vida, non sabe onde atopar azos para seguir vivindo. A muller, unha violinista, está confundida coas súas paixóns, a música, o amor ou a súa profesión. Malia o amor que se teñen o home e a muller, a súa tensa relación está a piques do colapso.

Volve Sharunas Bartas. En realidade, só pasaran cinco anos dende o último traballo do lituano. Pero dende A Casa, na que dirixía a Valeria Bruni Tedeschi, non afrontaba unha obra de magnitude equiparable. Un pai, unha filla, un violinista como coro grego. Unha fuxida cara adiante, cara ao bosque, onde as dúbidas non se resolven senón que se fan irrespirables. Unha das pezas sobranceiras do cine europeo da temporada, descuberta na Quincena de Realizadores de Cannes.



SON OF SAUL

Ficha artística

Géza Röhrig, Levente Molnár, Urs Rechn, Sándor Zsótér, Todd Chalmont, Björn Freiberg, Uwe Lauer, Attila Fritz, Kamil Dobrowolski, Christian Harting.

Ficha técnica

Dirección: László Nemes
Guion: László Nemes, Clara Royer
Fotografía: Máttyás Erdély

Producción: Laokoon Film

Datos técnicos

Hungría / 2015 / 107 min. / drama / húngaro
Título orixinal: *Saul fia* (*Son of Saul*)

Premios

Festival de Cannes 2015: gran premio do Xurado e premio FIPRESCI

Outubro de 1944, Auschwitz-Birkenau. Saul Ausländer é membro do Sonderkommando, un grupo de prisioneiros xudeus illados do resto do campo que están forzados a axudar aos nazis no seu plan de exterminio. Ausländer traballa nun dos crematorios e descobre o cadáver dun neno que se asemella o seu fillo. Cando o Sonderkommando prepara unha revolta, Ausländer decide lograr o imposible: salvar o corpo do neno das lapas e ofrecerlle unha verdadeira sepultura.

O gran instigador da memoria visual da Shoah, Claude Lanzmann, afirmou que parecía algo imposible mostrar o horror dos campos nun filme de ficción dramática. E nestas apareceu un debutante —László Nemes, axudante, iso si de Béla Tarr— e introduciunos aos empurróns no inferno de Auschwitz. Nunca se filmou isto: as duchas, os berros, o cheiro, os corpos que vemos e non vemos, como figuras desamafiadas extraídas do Bosco. Sen exhibicionismos nin pornografía emocional. O logro de Son of Saul é capital. Como arte e como achega á memoria dos lager. Abandonade toda esperanza. A película vai directa aos Óscar. Pero iso é o de menos. É unha precisa e inatacable transcripción do Horror. Sen efectismos. Sen banda sonora con violíns de John Williams e que embazaría eses berros que soan como a orquestra do Titanic ou como os Últimos Días da Humanidade.



SPARROWS

Ficha artística

Atli Oskar Fjalarsson, Ingvar Eggert Sigurðsson, Kristbjörg Kjeld, Rade Serbedžija.

Ficha técnica

Dirección: Rúnar Rúnarsson

Guión: Rúnar Rúnarsson

Fotografía: Sophia Olsson

Música: Kjartan Sveinsson

Producción: Nimbus Film Productions

Datos técnicos

Islandia, Dinamarca, Croacia / 2015 / 99 min. / drama / inglés, islandés

Premios

Festival de San Sebastián 2015: Concha de Ouro (mellor película)

A película narra a historia de Ari, un adolescente de 16 anos que vive coa súa nai en Reykjavik. Pero Ari será enviado de regreso á remota rexión dos fiordes occidentais para convivir co seu pai Gunnar. O rapaz ten dificultades para relacionarse co seu padre e cos seus amigos da nenez, que encontra moi cambiados. Ante a desilusión de vivir lonxe de Reykjavik, deberá esforzarse para volver ser feliz.

A Cuncha de Ouro islandesa é un drama sobre a perda da inocencia do raparigo cantor que se ve forzado a viaxar ao noroeste do país, a unha aldea perdida onde habita o seu pai. A Islandia de Rúnar Rúnarsson é o país dos seis meses de escuridade e outros seis de noites brancas. O dunha poboación embruteada polo consumo de alcol como remedio para os seus estraños biorritmos. É obra onde cabe unha secuencia de sexo sórdido cabo doutra de agarimosa iniciación. Unha medida obra de contrastes, con toda a fealdade humana redimida pola beleza escénica e pola mirada do seu adolescente, un punto de vista que leva dentro unha clave de fermosa redención. Curiosa Islandia, aquí tan autolacerante e, con todo, capaz de ofrecer ao mesmo tempo a máis divertida comedia da temporada: Virgin Mountain.



SUNSET SONG

Ficha artística

Peter Mullan, Agyness Deyn, Kevin Guthrie, Jack Greenlees, Ian Pirie, Hugh Ross, Niall Greig Fulton.

Ficha técnica

Dirección: Terence Davies

Guión: Terence Davies

Fotografía: Michael McDonough

Música: Gast Waltzing

Producción: Iris Productions / Hurricane Films Ltd / Sunset Song Ltd

Datos técnicos

Reino Unido, Luxemburgo / 2015 / 135 min. / drama / inglés

Premios

Festival de San Sebastián 2015: sección oficial longametraxes

Un relato épico e intimista sobre a esperanza, a traxedia e o amor ao inicio da Gran Guerra, adaptado da novela do autor escocés Lewis Grassic Gibbon.

Terence Davies viña de ofrecer a obra mestra absoluta The Deep Blue Sea. E durante toda a temporada de festivais esperábase con expectación qué certame estrearía a súa esperada Sunset Song, vista finalmente en San Sebastián. Adaptación dun gran clásico da literatura escocesa, como en The Deep Blue Sea, o eixe do filme de Davies ten como miolo a situación opresiva vivida por unha muller, o debut efervescente de Agyness Deynn, algo así como unha Maureen O'Hara dentro dunha película na cal Davies renuncia aos espazos pechados, ás evocacións proustianas, para ofrecer unha narrativa de raíz clásica, de opulenta beleza fordiana nese traxecto cara aos grandes horizontes da liberdade. E que leva á súa heroína a sobrevivir á brutalidade familiar —o gran Peter Abbranden— e ao amor en tempos de guerra nun relato-río que supón unha ruptura do británico coa súa filmografía precedente.



THE HERE AFTER

Ficha artística

Ulrik Munther, Mats Blomgren,
Loa Ek, Stefan Cronwall, Wiesław
Komas, Ellen Mattsson, Sven
Ahlström, Inger Nilsson.

Ficha técnica

Dirección: Magnus von Horn

Guión: Magnus von Horn

Fotografía: Lukasz Zal

Producción: Lava Films / Zentropa
International Sweden

Datos técnicos

Suecia, Polonia, Francia / 2015 /
102 min. / drama / sueco
Título original: *Efterskalv*

John regresa á casa do seu pai tras cumprir unha condena no cárcere coa arela de darlle un novo comezo á súa vida. Mais na súa comunidade, o seu crime non recibiu nin perdón nin esquecemento. A presenza de John saca o peor daqueles que o arrodean e pouco e pouco vai tomando forma unha atmosfera de linchamento. Sentíndose abandonado polos seus antigos amigos e polos seus seres queridos, John perde a esperanza e a mesma violencia que o levará á cadea empeza a desatarse novamente. Incapaz de deixar o seu pasado atrás, decide facerlle fronte.

Presentada na Quincena de Realizadores de Cannes, esta obra do debutante Magnus Von Horn traiza un intento de reinserción dun mozo na mesma comunidade que o forzou a exercer a violencia. Un filme que fragua unha atmosfera de no return, que debuxa unha poboación danesa entregada aos principios do rancor, a vinganza, o linchamento colectivo. Unha manda humana sen divismos da escola da dor, onde o que prima é o temor ao silencio como ameaza.



THE LESSON (UROK)

Ficha artística

Margita Gosheva, Ivan Burnev,
Ivanka Bratoeva, Ivan Savov, Deya
Todorova, Stefan Denolyubov.

Ficha técnica

Dirección: Kristina Grozeva, Petar
Valchanov

Guión: Kristina Grozeva, Petar
Valchanov

Fotografía: Krum Rodriguez

Producción: Abraxas Film, Graal S. A.

Datos técnicos

Bulgaria, Grecia / 2014 / 107 min. /
drama / búlgaro, inglés

Premios

Festival de San Sebastián 2014:
premio Novos Realizadores
Finalista ao Premio Lux 2015

Nun collexio dunha pequena vila de Bulgaria, un alumno roubou unha pequena cantidade de cartos, o que engade outro gran problema á vida da xa preocupada profesora Nadezhda. Ela tenta en van descubrir a identidade do pequeno ladrón, ademais de loitar desesperadamente por facer fronte á inminente execución de desafiuzamento, xa que non puido pagar a hipoteca da súa casa, e aguantar o seu alcohólico e desempleado marido. A situación é suficiente para converter a calquera nun ladrón.

Kristina Grozeva e Petar Balchanov gañaron en Donostia o Premio Novos Realizadores cun drama de muller-coraxe: unha contida Margita Gosheva que ten que lidar con débedas e accidentes. E a guinda dun ladrón na propia aula na que ensina. Drama aqilatoado, na medida en que caen os golpes sobre a súa heroína e esta asiste noqueada á súa tempestade de contradicións. Pero apenas se axita a cámara incisiva que segue á muller nesta lectura búlgara da crise e de como esta alancea a súa protomártir.



THE LOBSTER

LAGOSTA

Ficha artística

Colin Farrell, Rachel Weisz, Ben Whishaw, Olivia Colman, Lea Seydoux, John C. Reilly, Roger Ashton-Griffiths, Ashley Jensen, Michael Smiley, Jessica Barden, Ariane Labed, Aggeliki Papoulia, Rosanna Hoult, Heidi Ellen Love, Anthony Moriarty.

Ficha técnica

Dirección: Giorgos Lanthimos
 Guión: Efthymis Filippou, Giorgos Lanthimos
 Fotografía: Timios Bakatakis
 Producción: A Film4 / Irish Film

Board / Eurimages / Netherlands Film Fund / Greek Film Center / British Film Institute / Element Pictures / Scarlet Films / Faliro House / Haut et Court / Lemming Film / Protagonist

Datos técnicos

Grecia, Reino Unido, Irlanda, Países Baixos, Francia / 2015 / 118 min. / ficción científica / inglés, francés

Premios

Festival de Cannes 2015: premio do Xurado

Unha historia de amor pouco convencional nun futuro distópico onde os solteiros, segundo as regras de A Cidade, son arrestados e transferidos a O Hotel, onde son obrigados a buscar unha parella en 45 días. Se non o fan, son transformados no animal da súa elección e liberados en O Bosque. Un home desesperado foxe de O Hotel e inténase en O Bosque onde viven Os Solitarios. Alí encontra o amor, máis fóra das regras.

No marco proceloso das distopías, o grego Yorgos Lanthimos propón un futuro que parece mestura de Gran Irmán e Rebelión na Granxa. Unha orde social orwelliana controla a poboación. Atención a Colin Farrell, grandioso na súa desmitificación como un Homer Simpson de carne e óso, falta de pelo e sobrado de peso, condenado a converterse en lagosta se non atopa parella. E aí está Rachel Weisz, na mellor tradición das musas Orwell e dos amores condenados antes de empezar. Obra poderosa, ousada, arrebatadora no seu romanticismo domesticado ante unha orde surreal. Desacougante no alcance do seu nada doce porvir. Arrasou en Cannes, onde foi Premio do Xurado. Pero, máis alá diso, é obra maiúscula, clave do xénero distópico que nos anuncia o futuro tan temido.



THE MISPLACED WORLD

Ficha artística

Barbara Sukowa, Matthias Habich, Katja Riemann, Gunnar Möller, Robert Seeliger, Birte Hanusrichter, Manfred-Anton Algrang, Arthur Klemt, Marius V. Haas, Pierre Shradly, Jan-David Bürger, Nicole Unger.

Ficha técnica

Dirección: Margarethe von Trotta
 Guión: Margarethe von Trotta
 Fotografía: Axel Block

Producción: Clasart Film & Fernsehproduktion / TMG-Tele München Group

Datos técnicos

Alemaña / 2015 / 101 min. / drama / alemán
 Título orixinal: Die abhandene Welt

Sophie, unha cantante de jazz, quere compracer a seu pai mediante a busca dunha muller que el viu nunha foto e que un ten inexplicable parecido coa súa nai xa falecida.

Margarethe Von Trotta retoma un leitmotiv na súa filmografía e, de maneira máis extensa, no cine alemán recente: o do desdoblamento dunha muller. Pénsese, sen ir máis lonxe, no Phoenix de Christophe Petzold. Katja Riemann, habitual de Von Trotta, persegue a pantasma ou replicante da súa nai morta. Unha vertixe que a leva a Norteamérica, a unha canción de cabaret e a Barbara Sukowa xogando esta vez a carta do dobre.



THE POSTMAN'S WHITE NIGHTS O CARTEIRO DAS NOITES BRANCAS

Ficha artística

Aleksey Tryapitsyn, Irina Ermolova, Valentina Ananina, Timur Bondarenko, Tatyana Silich, Lyubov Skorina.

Ficha técnica

Dirección: Andrei Konchalovsky

Guión: Elena Kiseleva, Andrey Konchalovskiy

Fotografía: Aleksandr Simonov

Música: Edward Artemyev

Producción: Production Center Of Andrei Konchalovsky

Datos técnicos

Rusia / 2014 / 100 min. / drama / ruso

Título original: *Belye nochi pochtalona Aleksey Tryapitsyna* (*The Postman's White Nights*)

Premios

Festival de Venecia 2014: León de Plata - mellor director

Unha comunidade rusa illada, co carteiro como única conexión coa vida da outra banda do lago. Consientemente decidiron evadirse da tecnoloxía e vivir coma no neolítico: sen goberno, servizos sociais nin traballo. A muller da que está namorado o carteiro decide escapar deste estilo de vida e mudarse á cidade; pola súa vez, a el rúbannlle o seu medio de transporte e non pode seguir cumprindo o seu traballo. Isto provoca que o ritmo de vida do protagonista se vexa interrompido e deba tomar a decisión de trasladarse á cidade. Ao cabo dun tempo, o carteiro volve á poboación sen unha razón concreta.

Outro director do que xa probablemente ninguén esperaba noticias, Andrei Konchalowski, sorprendeu en Venecia con este drama que leva inxectado o alento da Rusia Profunda dunha maneira atávica, instintiva e, polo tanto, poética. Unha illa que recibe as visitas en lancha dun carteiro. E o peso dun pasado que queda fóra de campo, pero que condiciona as decisións emocionais dos personaxes nun filme que vai crecendo dramaticamente coa elegancia dos clásicos.



TROIS SOUVENIRS DE MA JEUNESSE

Ficha artística

Mathieu Amalric, Lou Roy-Lecollinet, Quentin Dolmaire, Léonard Matton.

Ficha técnica

Dirección: Arnaud Desplechin

Guión: Arnaud Desplechin, Julie Peyr

Fotografía: Irina Lubtchansky

Música: Grégoire Hetzel

Producción: Why Not Productions

Datos técnicos

Francia / 2015 / 123 min. / drama / francés, ruso, hebreo

Premios

Festival Cannes 2015: Quincena Realizadores, premio SACD

Cando Paul Dedalus deixa Tayikistán rememora toda a súa vida: as arroutadas da súa nai durante a súa infancia; o forte vínculo que tiña co seu irmán Iván; os desencontros que tiña co seu pai aos 16 anos; os seus estudos en París e a súa crecente vocación pola antropoloxía. Pero do que máis se lembra é de Esther, o amor da súa vida.

Que grande é ser Arnaud Desplechin. Como herdeiro cabal de Truffaut, posúe a capacidade para erixirse no cineasta de romanticismo máis arrebatado do cine do presente. Como en Ma vie sexuelle, onde relembra a súa traxectoria amorosa, aquí permítese evocar unha paixón da súa adolescencia tardía puntuada por unha divertidísima e diletante trama de espionaxe que funciona como dispositivo do azar. E en última instancia, posto a acelerar, Desplechin céntrose e bríndanos un deses romances fatais que marcaron ao mozo e cuxas pegadas ou feridas porta no seu rostro o portentoso actor-medium Mathieu Amalric.



UNE HISTOIRE DE FOU

Ficha artística

Ariane Ascaride, Syrus Shahidi, Grégoire Leprince-Ringuet, Simon Abkarian, Razane Jammal, Serge Avedikian.

Ficha técnica

Dirección: Robert Guédiguian
Guion: Robert Guédiguian, Gilles Taurand
Fotografía: Pierre Milon
Música: Alexandre Desplat
Producción: Agat Films & Cie

Datos técnicos

Francia / 2015 / 134 min. /
drama / francés

Aram, un rapaz de orixe armenia, provoca a explosión do coche do embaixador de Turquía en París. Nese momento, un ciclista que pasaba por alí resulta ferido de gravidade. A nai do rapaz armenio séntese culpable e visita o ferido no hospital para pedirlle perdón, algo que este non entende. Por outra banda, Aram, en contra da opinión dos seus compañeiros, decide ir coñecer a súa vítima.

O Robert Guédiguian máis político. A infatigable militancia do cineasta marsellés, outro gran clásico de Cineuropa, onde a súa filmografía se proxectou case ao completo. Aquí, Guédiguian toma o fío do trasterrado Exército Armenio de Liberación, grupo armado que combatía a Turquía na década dos 70 do pasado século, para provocar algo moi habitual no seu cine: un acto de violencia que, de maneira accidental, implica persoas diversas. E a maneira en que resolve o conflito moral e ideolóxico provocado é outro prodixio do cine do compromiso deste cineasta que se nega a apagar a última luz da revolución perdida.



VICTORIA

Ficha artística

Laia Costa, Frederick Lau, Franz Rogowski, Max Mauff, Burak Yigit, Nadja Laura Mijthab.

Ficha técnica

Dirección: Sebastian Schipper
Guion: Olivia Neergaard-Holm, Sebastian Schipper
Fotografía: Sturla Brandth Grøvlen
Producción: MonkeyBoy /
Deutschfilm / Radical Media

Datos técnicos

Alemaña / 2015 / 140 min. /
thriller / alemán, inglés, castelán

Premios

Festival de Berlín 2015:
contribución artística
sobresaliente (*ex-aequo*)
Premios Lola Cine Alemán 2015:
seis premios, incluídos mellor
película, director, actor e actriz
Festival de Sitges 2015: sección
oficial longametraxes

Rodado nun único plano secuencia, o filme ten como escenario o famoso barrio berlinés de Kreuzberg. A historia segue a Victoria, unha rapaza española que acaba dentro dun club de techno en Berlín e, inducida por catro mozos locais, vese envolta nunha aventura criminal polas escuras rúas da cidade.

É importante que vostede se acerque a Victoria esquecendo calquera prexuízo sobre o que resulta argumentalmente verosímil ou non. A ese tren de alta velocidade que é a cámara de Sebastia Schippoll??/Sebastian Schipper hai que subirse sen pensalo dúas veces. Porque o que comeza como un jô, que noite!, unha aventura improbable de afterhours, coa catalá Laia Costa ao temón, vai ir derivando cara á rama negra, o thriller furioso. E sempre nunha toma, durante os case 140 minutos de metraxe desta viaxe ao final da noite e moito máis alá. Puro espectáculo de cine vivísimo e conscientemente toleirán.



VIRGIN MOUNTAIN

Ficha artística

Gunnar Jónsson, Sigurjón Kjartansson, Arnar Jónsson, Ilmur Kristjánsdóttir, Margrét Helga Jóhannsdóttir, Franziska Una Dagsdóttir, Sigurður Karlsson.

Ficha técnica

Dirección: Dagur Kári

Guión: Dagur Kári

Fotografía: Rasmus Videbæk

Producción: Nimbus Film Productions / RVK Studios

Datos técnicos

Islandia, Dinamarca / 2015 / 94 min. / drama / islandés

Premios

Festival de Tribeca 2015: mellor película, Mellor actor (Jónsson) e guión

Fúsi, de 43 anos, é un inadaptado con sobrepeso que nunca tivo moza e que como único interese ten as batallas da segunda guerra mundial, que reproduce en miniatura no apartamento da súa nai. Un día Fúsi recibe un cupón para acudir a unha escola de baile, onde coñece a Sjöfn, outra alma solitaria coma el e unha muller con profundas feridas psicolóxicas.

Isto, se se tratase dunha comedia norteamericana da corrente Farrelly, chamaríase algo así como Virxe aos 40 ou O último islandés virxe. Pero o ton desta xoia que leva acaparando premios dende que arrasou en Tribeca é ben distinto. Unha tenrura ben entendida, un achegamento leal ao freak necesario, o ben indeleble actor Gunnar Jonson e os seus complexos suplidos con humanidade a esgalla, son a base do éxito dun dos títulos máis solicitados este ano no círculo de festivais.

CINEUROPA

PANORAMA INTERNACIONAL

PANORAMA INTERNACIONAL



AN

Ficha artística

Kirin Kiki, Miyoko Asada, Etsuko Ichihara, Miki Mizuno, Masatoshi Nagase, Kyara Uchida.

Ficha técnica

Dirección: Naomi Kawase

Guión: Naomi Kawase (Novela: Durian Sukegawa)

Música: David Hadjadj

Producción: Comme des Cinémas / Kumie / Mam / Nagoya Broadcasting Network (NBN) / Twenty Twenty Vision Filmproduktion GmbH

Datos técnicos

Xapón, Francia, Alemaña / 2015 / 113 min. / drama / xaponés

Premios

Festival de Cannes 2015: selección oficial (Un Certain Regard)

Sentaro ten unha pequena pastelería en Toquio na que serve *dorayakis* (pasteliños recheos dunha salsa de feixóns encarnados doces chamada 'an'). Cando unha simpática anciá, Tokue, se ofrece a axudarlle, el accede de mala gana, pero Tokue demostrará ter un don especial para facer 'an'. Grazas á súa receita secreta, o pequeno negocio comeza a prosperar. Co paso do tempo, Sentaro e Tokue abrirán mutuamente os seus corazóns para revelar vellas feridas.



CHRONIC

Ficha artística

Tim Roth, Bitsie Tulloch, Michael Cristofer, David Dastmalchian, Tate Ellington, Nailea Norvind, Claire van der Boom, Sarah Sutherland, Joe Santos, Laura Niemi, Kari Coleman, Rachel Pickup.

Ficha técnica

Dirección: Michel Franco

Guión: Michel Franco

Fotografía: Yves Cape

Producción: Stromboli Films / Vamonos Films

Datos técnicos

México, Francia / 2015 / 93 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Cannes 2015: mellor guión

Festival de San Sebastián 2015: sección oficial competitiva («Horizontes Latinos»)



COP CAR

Ficha artística

Kevin Bacon, James Freedson-Jackson, Hays Wellford, Shea Whigham, Camryn Manheim.

Ficha técnica

Dirección: Jon Watts

Guión: Jon Watts, Christopher D. Ford

Fotografía: Matthew J. Lloyd, Larkin Seiple

Música: Phil Mossman

Producción: Audax Films / Dark Arts Film / Park Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 88 min. / thriller / inglés

Premios

Festival de Sitges 2015: sección oficial longametraxes

Un enfermeiro introvertido e con tendencia á depresión dedícase a axudar a pacientes terminais ao tempo que tenta retomar a relación coa familia que abandonou.

Dous cativos de oito anos de Colorado atopan un coche policial abandonado coas chaves no contacto e aprenden a conducilo. As pistolas e o cordón policial son xoguetes para Travis e Harrison, ata que un policía corrupto reclama o vehículo, no que transportara un cadáver. Así principia unha macabra persecución.



DESDE ALLÁ

Ficha artística

Alfredo Castro, Luis Silva, Jericó Montilla, Catherina Cardozo, Jorge Luis Bosque, Greymier Acosta, Auffer Camacho, Ivan Peña, Joretsis Ibarra, Yeimar Peralta, Scarlett Jaimes, Ernesto Campos.

Ficha técnica

Dirección: Lorenzo Vigas

Guión: Guillermo Ariaga, Lorenzo Vigas

Fotografía: Sergio Armstrong

Producción: Factor RH
Producciones / Lucia Films /
Malandro Films

Datos técnicos

Venezuela, México / 2015 /
93 min. / drama / castelán

Premios

Festival de Venecia 2015:
León de Ouro - mellor película
Festival de San Sebastián 2015:
sección oficial competitiva
(«Horizontes Latinos»)

No medio da convulsionada Caracas, Armando, dono dun laboratorio de próteses dentais, busca homes mozos en paradas de autobús e ofrécelles cartos para que o acompañen á súa casa e observalos. Ao mesmo tempo, Armando ten o costume de axear un home de idade avanzada: sabe onde vive e que lugares frecuenta; algo no pasado de ambos os une. Un día, Armando leva á casa a Elder, líder dunha pequena banda de delincentes xuvenís. Deste encontro nacerá unha relación que os cambiará para o resto das súas vidas.



EL BOTÓN DE NÁCAR

Ficha artística

Gabriela Pasterito, Emma Malig, Gabriel Salazar, Claudio Mercado, Raúl Zurita, Cristina Calderón, Javier Rebolledo.

Ficha técnica

Dirección: Patricio Guzmán

Guión: Patricio Guzmán

Fotografía: Katell Djiian

Música: Miranda & Tobar,
Hugues Maréchal

Producción: Atacama Productions,
Mediapro, France 3 Cinéma,
Valdivia Film

Datos técnicos

Chile, Francia, España / 2015 /
82 min. / documental / castelán

Premios

Festival de Berlín 2015:
mellor guión
Festival de San Sebastián 2015:
sección oficial competitiva
(«Horizontes Latinos»)

O cineasta chileno Patricio Guzmán fálanos no seu novo documental da auga, do cosmos e de nós, os humanos. Todo empeza coa descuberta de dous misteriosos botóns no profundo do océano Pacífico, nas costas chilenas.



EL CLUB

Ficha artística

Roberto Farias, Antonia Zegers, Alfredo Castro, Alejandro Goic, Alejandro Sieveking, Jaime Vadell, Marcelo Alonso.

Ficha técnica

Dirección: Pablo Larraín
 Guión: Guillermo Calderón, Daniel Villalobos
 Fotografía: Sergio Armstrong
 Producción: Fabula

Datos técnicos

Chile / 2015 / 98 min. / drama / castelán

Premios

Festival de Berlín 2015: gran premio do Xurado
 Festival de San Sebastián 2015: sección oficial competitiva («Horizontes Latinos»)

Tras un incidente, un asesor é enviado pola Igrexa Católica a unha pequena vila costeira de Chile onde vive recluído un grupo de sacerdotes e monxas caídos en desgraza e sospeitosos de delitos que van dende o abuso infantil ao roubo de bebés de nais solteiras.



EL INCENDIO

Ficha artística

Pilar Gamboa, Juan Barberini, Luis Biasotto, Marcelo D'Andrea.

Ficha técnica

Dirección: Juan Schnitman
 Guión: Agustina Liendo (Historia: Juan Schnitman)
 Fotografía: Soledad Rodríguez
 Producción: BD Cine / Pasto

Datos técnicos

Argentina / 2015 / 95 min. / drama / castelán

Lucía e Marcelo teñen 30 anos e van pagar a súa futura casa con cen mil dólares. Pero o vendedor non chega e a escritura adíase. Tensos e frustrados volven ao seu antigo apartamento alugado e agochan o diñeiro. Marcelo dille: «Tranquila, é un día coma calquera outro». No transcurso desas 24 horas de espera revélase a verdadeira natureza do amor entre Lucía e Marcelo, a crise pola que están a pasar e a violencia que os atravesas. A película conta 24 horas dunha tensión inaguantable.



HAI-HIL (MAN ON HIGH HEELS)

Ficha artística

Cha Seung Won, Oh Jung-Se, Esom,
Ko Gyung-Pyo, Park Sung-Woong,
Ahn Kil-Kang, Kim Byung-Ok.

Ficha técnica

Dirección: Jang Jin

Guión: Jang Jin

Fotografía: Lee Sung-Je

Datos técnicos

Corea do Sur / 2014 / 125 min. /
acción / coreano

Ji-Wook é un cruel e desalmado detective de homicidios. Non hai nada que o deteña na captura de delinquentes. Emporiso, esconde un gran segredo: soña con se converter nunha muller.



IXCANUL

Ficha artística

María Mercedes Coroy, María
Telón, Manuel Antún, Justo
Lorenzo, Marvin Coroy.

Ficha técnica

Dirección: Jayro Bustamante

Guión: Jayro Bustamante

Fotografía: Luis Armando Arteaga

Produción: La Casa de Production
/ Tu Vas Voir Productions

Datos técnicos

Guatemala, Francia / 2015 /
100 min. / drama / castelán, maia

Premios

Festival de Berlín 2015: premio
Alfred Bauer

Festival de San Sebastián 2015:
sección oficial competitiva
(«Horizontes Latinos»)

Premios Fénix 2015: 5
candidaturas, incluíndo mellor
película

María, unha rapaza maia cakchiquel de 17 anos, vive cos seus pais nunha quinta onde se cultiva café nas ladeiras dun volcán activo de Guatemala. Espéraa un matrimonio concertado, proxecto que non quere aceptar, pero do que non pode fuxir. María intentará mudar o seu destino malia a súa condición de muller indíxena. Mais unha complicación co seu embarazo vaina obrigá-la a saír á procura dun hospital: o mundo moderno co que tanto soñou ha salvarlle a vida, pero a un prezo demasiado alto.



MOUNTAINS MAY DEPART

Ficha artística

Tao Zhao, Zhang Yi, Liang Jingdong, Dong Zijian, Sylvia Chang.

Ficha técnica

Dirección: Jia Zhangke

Guión: Jia Zhangke

Producción: Arte France Cinéma / Office Kitano

Datos técnicos

China / 2015 / 131 min. / drama / chinés, inglés

Título orixinal: *Shan he gu ren*

Premios

Festival de Cannes 2015: sección oficial longametraxes a concurso

China, a finais de 1999. A Tao, unha moza de Fenyang, fanlle as beiras os seus amigos da infancia, Zang e Lianzi. Zang, propietario dunha estación de gasolina, está destinado a un futuro prometedor, en canto que Lianzi traballa nunha mina de carbón. O seu corazón está dividido entre os dous homes e debe tomar unha decisión que determinará o seu destino e o do seu futuro fillo.



NAHID

Ficha artística

Sareh Bayat, Pejman Bazeghi, Navid Mohammadzadeh.

Datos técnicos

Irán / 2015 / 106 min. / drama / persa

Ficha técnica

Dirección: Ida Panahandeh

Guión: Ida Panahandeh, Arsalan Amiri

Fotografía: Morteza Gheidi

Música: Majid Pousti

Producción: Documentary and Experimental Film Center

No norte de Irán a situación da muller segue sendo algo difícil. Nahid é unha moza que vive soa co seu fillo de 10 anos nunha pequena cidade situada á beira do Mar Caspio. Está divorciada do seu marido e, segundo a lexislación iraniana, a custodia do seu fillo debería pertencerlle ao pai. Mais Nahid chegou a un acordo co seu ex-marido para quedar coa custodia do neno. A cambio, ela promete non volver casar. Aínda así, todo se complica cando coñece un home do que se namora apaixonadamente.



OUR LITTLE SISTER

Ficha artística

Haruka Ayase, Masami Nagasawa, Suzu Hirose, Kaho, Ryô Kase, Ryôhei Suzuki, Rirî Furankî, Shin'ichi Tsutsumi, Jun Fubuki, Kentarô Sakaguchi.

Ficha técnica

Dirección: Hirokazu Kore-eda

Guión: Akimi Yoshida, Hirokazu Kore-eda

Fotografía: Mikiya Takimoto

Música: Yôko Kanno

Producción: GAGA / TV Man Union / Toho Company

Datos técnicos

Xapón / 2015 / 128 min. / drama / xaponés

Título orixinal: *Umimachi Diary* (*Kamakura Diary*)

Premios

Festival de Cannes 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Sachi, Yoshino e Chika son tres irmás que viven en Kamakura, Xapón, na casa da súa avoa. Un día, recibirán a nova da morte do seu pai, que as abandonou cando eran pequenas. No funeral coñecerán a filla que tivo o seu pai 13 anos atrás, e pronto as catro irmás empezarán a vivir xuntas.



PAULINA (LA PATOTA)

Ficha artística

Dolores Fonzi, Oscar Martínez, Esteban Lamothe, Cristian Salguero, Verónica Llinás, Laura López Moyano.

Ficha técnica

Dirección: Santiago Mitre

Guión: Mariano Llinás, Santiago Mitre (Historia: Eduardo Borrás)

Fotografía: Gustavo Biazzi

Música: Nicolás Varchausky

Producción: La Unión de los Ríos

/ Lita Stantic Producciones /
Telefónica Studios / Story Lab /
Full House / VideoFilmes

Datos técnicos

Arxentina, Brasil, Francia / 2015 / 103 min. / drama / castelán, guaraní

Premios

2015: Festival de Cannes: gran premio Semana da Crítica, premio FIPRESCI

2015: Festival de San Sebastián: sección oficial competitiva («Horizontes Latinos»)

Paulina é unha moza avogada que regresa á súa cidade para dedicarse a labores sociais. Traballa nun programa de defensa dos dereitos humanos en zonas humildes da periferia da cidade. Tras a segunda semana de traballo, é interceptada e atacada por unha *patota* (banda). Remake do clásico do cine arxentino do mesmo nome.



RABIN, THE LAST DAY

Ficha artística

Ischac Hiskiyya, Pini Mitelman, Michael Warshaviak, Einat Weizman, Roten Keinan, Yogev Yefet, Yaël Abecassis.

Ficha técnica

Dirección: Amos Gitai

Guión: Amos Gitai, Marie-José Sanselme

Fotografía: Éric Gautier

Música: Amit Poznansky

Producción: LGM Cinéma / Les Films du Worso / Orange Studio / AGAV Films

Datos técnicos

Israel, Francia / 2015 / 153 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Venecia 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Narra o asasinato de Isaac Rabin, primeiro ministro de Israel, o 4 de novembro de 1995 a mans dun mozo fanático sionista no centro de Tel Aviv.



RAK TI KHON KAEN (CEMETERY OF SPLENDOUR)

Ficha artística

Jenjira Pongpas, Banlop Lomnoi, Jarinpattara Rueangram, Petcharat Chaiburi, Tawatchai Buawat.

Ficha técnica

Dirección: Apichatpong Weerasethakul

Guión: Apichatpong Weerasethakul

Fotografía: Diego García

Producción: Kick the Machine / Detalle Films

Datos técnicos

Tailandia, México, Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Malaisia / 2015 / 122 min. / fantástica / tailandés

Premios

Festival de Cannes 2015: selección oficial (*Un Certain Regard*)

Festival de Sitges 2015: sección oficial longametraxes

Nunha pequena localidade de Tailandia vinte e sete soldados padecen a enfermidade do sono. Unha escola de primaria abandonada convértese nun improvisado hospital onde os coida Jenjira Widner, unha señora de mediana idade casada con Frank, un soldado retirado dos Estados Unidos. Jenjira cóllelle especial cariño a Itta, un soldado mozo que non ten ningún parente.



RIGHT NOW, WRONG THEN

Ficha artística

Jeong Jae-yeong, Kim Min-hee, Yoon Yeo-jeong, Gi Ju-bong, Choi Hwa-Jeong, Yoo Joon-sang, Seo Young-hwa, Ko Ah-sung.

Ficha técnica

Dirección: Hong Sang-soo
Guión: Hong Sang-soo
Producción: Jeonwonsa Film

Datos técnicos

Corea do Sur / 2015 / 121 min. / drama / coreano
Título orixinal: *Ji-geum-eun-mat-go-geu-ddae-neun-teul-li-da*

Premios

Festival de Locarno 2015: mellor película e mellor actor

Un director de cine sae a cear e atópase cunha pintora. A partir dese instante, as cousas empezarán a cambiar.



SHE'S FUNNY THAT WAY

Ficha artística

Owen Wilson, Imogen Poots, Jennifer Aniston, Will Forte, Cybill Shepherd, Rhys Ifans, Lucy Punch, Eugene Levy, Tatum O'Neal, George Morfogen, Debi Mazar, Jake Hoffman, Joanna Lumley, Kathryn Hahn, Michael Shannon, Ahna O'Reilly, Austin Pendleton, Richard Lewis.

Ficha técnica

Dirección: Peter Bogdanovich
Guión: Peter Bogdanovich, Louise Stratten
Fotografía: Yaron Orbach

Música: Ed Shearmur

Producción: Lailaps Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos, Alemaña / 2014 / 93 min. / comedia / inglés

Arnold ten unha vida perfecta: está felizmente casado, ten dous fillos e un traballo como director teatral en Broadway. Pero todo cambia cando contrata os servizos de Izzy, unha nova e prometedora actriz que alterna a súa discreta carreira artística con servizos nocturnos de compañía. Arnold decide axudala economicamente para que se centre no mundo da interpretación e Izzy conseguirá un papel na obra que el dirixe, na que tamén participa a súa muller.



SLOW WEST

Ficha artística

Michael Fassbender, Kodi Smit-McPhee, Ben Mendelsohn, Brooke Williams, Rory McCann, Jeffrey Thomas, Caren Pistorius, Kalani Queypo, Stuart Martin, Tawanda Manyimo, Madeleine Sami, Michael Whalley, Andrew Robertt, Erroll Shand, Ken Blackburn.

Ficha técnica

Dirección: John Maclean
Guión: John Maclean
Fotografía: Robbie Ryan
Música: Jed Kurzel

Producción: See-Saw Films / DMC Film / Film4

Datos técnicos

Reino Unido, Nova Celandia / 2015 / 84 min. / western / inglés, francés

Premios

Festival de Sundance 2015: gran premio do Xurado (sección World Cinema)

A película sitúanos na América do século XIX, onde un rapaz de 17 anos emprende unha viaxe a través do seu país para buscar a muller da cal está enamorado. No entanto, o rapaz non emprende esa viaxe só, senón que vai acompañado polo misterioso viaxeiro Silas. A aventura do mozo non estará exenta de complicacións, pero el loitará por superalas sen desistir.



SONGS MY BROTHERS TAUGHT ME

Ficha artística

John Reddy, Jashaun St. John, Irene Bedard, Taysha Fuller, Travis Lone Hill, Eléonore Hendricks.

Ficha técnica

Dirección: Chloé Zhao
Guión: Chloé Zhao
Fotografía: Joshua James Richards
Música: Peter Golub
Producción: Film Independent / Forest Whitaker's Significant Productions / HEART-headed Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 98 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Sundance 2015: sección oficial longametraxes a concurso

Este complexo retrato da vida de hoxe en día na reserva india Pine Ridge explora o vínculo entre un rapaz e a súa irmá menor, que se atopan en camiños separados para redescubrir o significado do concepto 'lar'.



TAXI TEHRAN

Ficha artística

Jafar Panahi.

Ficha técnica

Dirección: Jafar Panahi

Guión: Jafar Panahi

Producción: Jafar Panahi Film Productions

Datos técnicos

Irán / 2015 / 82 min. / documental / persa

Premios

Festival de Berlín 2015: Oso de Ouro (mellor longametraxe) e premio FIPRESCI

Un taxi percorre as vibrantes e coloridas rúas de Teherán. Pasaxeiros moi diversos entran no taxi e expresan abertamente a súa opinión mentres son entrevistados polo condutor, que non é outro que o director do filme, Jafar Panahi. A súa cámara, colocada no cadro de mandos do vehículo, captura o espírito da sociedade iraniana a través desta viaxe.



THE ASSASSIN

Ficha artística

Shu Qi, Chang Chen, Satoshi Tsumabuki, Ethan Ruan, Nikki Hsieh, Ni Dahong, Zhang Shijun, Michael Chang, Jiang Wen, Zuo Xiaoping, Xu Fan, Tadanobu Asano, Zhou Yunin.

Ficha técnica

Dirección: Hou Hsiao-Hsien

Guión: Hou Hsiao-Hsien, Chu Tien-Wen, A. Cheng

Fotografía: Mark Lee

Música: Giong Lim

Producción: Central Motion Pictures, Media Asia Films, Sil-Metropole Organisation

Datos técnicos

Taiwan, China, Hong Kong, Francia / 2015 / 120 min. / acción / mandarín

Título orixinal: *Nie yin niang* (*The Assassin*)

Premios

Festival de Cannes 2015: mellor director

China, século IX. Nie Yinniang regresa á casa da súa familia tras anos de exilio. Educada por unha monxa que a inicia nas artes marciais, é unha auténtica xusticeira que ten como misión eliminar os tiranos. A súa mestre encárgalle que mate o seu primo Tian Ji'an, gobernador disidente da provincia militar de Weibo. Nie Yinniang terá que elixir: sacrificar o home que ama ou romper definitivamente coa «orde dos Asasinos».



THE GIFT

Ficha artística

Jason Bateman, Rebecca Hall, Joel Edgerton, Beau Knapp, Allison Tolman, David Denman, P.J. Byrne, Tim Griffin, Beth Crudele.

Ficha técnica

Dirección: Joel Edgerton

Guión: Joel Edgerton

Fotografía: Eduard Grau

Música: Danny Bensí, Saunder Jurriaans

Producción: Blue-Tongue Films / Blumhouse Productions

Datos técnicos

Estados Unidos, Australia / 2015 / 108 min. / thriller / inglés

Premios

Festival de Sitges 2015: mellor actor (Edgerton)



THE INVITATION

Ficha artística

Michiel Huisman, Tammy Blanchard, Logan Marshall-Green, John Carroll Lynch, Mike Doyle, Emayatzy Corinealdi, Karl Yune, Toby Huss, Mariah Delfino, Michelle Krusiec, Lindsay Burdge, Aiden Lovekamp.

Ficha técnica

Dirección: Karyn Kusama

Guión: Phil Hay, Matt Manfredi

Fotografía: Bobby Shore

Producción: Gamechanger Films / The Invitation / Lege Artis / XYZ Films

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 100 min. / thriller / inglés

Thriller psicológico sobre unha parella que se traslada de Chicago a California onde esperan iniciar unha nova vida de forma tranquila... mais todo se complica cando empezan a recibir misteriosos agasallos e aparece Gordo, un amigo do pasado.

Will e Eden eran unha parella feliz ata que perderon o seu fillo de maneira trágica anos atrás. Tras este suceso, Eden decide desaparecer da noite á mañá sen dar noticias. Pero un día regresa á cidade; volveu casar e aparentemente cambiou. Nunha noite escura, ela e o seu novo marido invitan a Will a unha cea. Algo inquietante e irrecoñecible apoderouse dela e parece ter plans sinistros para os seus convidados.

FOCO ALEX ROSS PERRY



LISTEN UP PHILIP

Ficha artística

Jason Schwartzman, Jonathan Pryce, Krysten Ritter, Joséphine de La Baume, Elisabeth Moss, Jess Weixler, Dree Hemingway, Keith Poulson, Kate Lyn Sheil, Yusef Bulos, Maïté Alina, Daniel London, Samantha Jacober, Lee Wilkof, Joanne Tucker.

Ficha técnica

Dirección: Alex Ross Perry

Guión: Alex Ross Perry

Fotografía: Sean Price Williams

Música: Keegan DeWitt

Producción: Tribeca Film / Sailor Bear / Washington Square Films / Faliero House Productions

Datos técnicos

Estados Unidos, Grecia / 2014 / 108 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Locarno 2014: selección de longmetrajes a concurso



QUEEN OF EARTH

Ficha artística

Elisabeth Moss, Katherine Waterston, Patrick Fugit, Kate Lyn Sheil, Kentucker Audley, Keith Poulson.

Ficha técnica

Dirección: Alex Ross Perry

Guión: Alex Ross Perry

Fotografía: Sean Price Williams

Música: Keegan DeWitt

Producción: Washington Square Films

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 90 min. / thriller / inglés

A carraxe fai estragos en cada parte do corpo de Philip, que está á espera de que lle publiquen a súa segunda novela. Séntese empuxado a fuxir aos arrabaldes da súa cidade natal por mor das multitudes, o balbordo constante, o desgaste da relación coa súa moza, a fotografía Ashley, e a súa indiferenza pola promoción da súa novela. Cando o seu ídolo, Ike Zimmerman, lle ofrece a súa afastada casa de verán como abeiro, Philip obtén finalmente a paz e tranquilidade que andaba a buscar, ademais de ter tempo abondo para se centrar no seu tema favorito: el mesmo.

Unha parella de amigas retírase a unha casa na praia para liberaren presións e estrés tras sufrir unha delas unha traumática ruptura sentimental. Foron grandes amigas no pasado, pero durante estes días xuntas decátanse de como desconectaron entre elas co paso do tempo, e as sospeitas pasadas e as xenreiras presentes afloran inesperadamente.

**CI
NEU
RO
PA**

**MAIORES
CON REPAROS**



IM KELLER (IN THE BASEMENT)

Ficha artística

Alessa Duchek, Gerald Duchek, Inge Ellinger, Manfred Ellinger, Walter Holzer, Cora Kitty, Alfreda Klebinger, Fritz Lang, Josef Ochs, Peter Vokurek.

Ficha técnica

Dirección: Ulrich Seidl

Guión: Veronika Franz, Ulrich Seidl

Fotografía: Martin Gschlacht

Producción: Coop99

Filmproduktion / MMK Media / Ulrich Seidl Film Produktion GmbH

Datos técnicos

Austria / 2014 / 81 min. / documental / alemán

Unha película sobre a xente e os seus sotos, sobre o que a xente fai nos seus sotos no seu tempo libre. Sobre as teimas; sobre bandas de música e arias de ópera; sobre mobiliario caro e baratos chistes machistas; sexualidade e exercicios de tiro; fitness e racismo; fustas e bonecas.



LA PROCHAINE FOIS JE VISERAI LE COEUR

A SEGUINTE VEZ APUNTAREI AO CORAZÓN

Ficha artística

Guillaume Canet, Ana Girardot, Jean-Yves Berteloot, Patrick Azam, Arnaud Henriet, Douglas Attal, Pierick Tournier, Alexandre Carrière, François-Dominique Blin, Franck Andrieux, Arthur Dujardin, Alice de Lencquesaing, Cédric Le Maoût.

Ficha técnica

Dirección: Cédric Anger

Guión: Cédric Anger (Novela: Yvan Stefanovitch)

Fotografía: Thomas Hardmeier

Música: Grégoire Hetzel

Producción: Sunrise Films / Les Productions du Trésor / Mars Films

Datos técnicos

Francia / 2014 / 111 min. / thriller / francés

Premios

Premios César 2014: 2 candidaturas, incluíndo mellor actor (Guillaume Canet)

Durante varios meses entre 1978 e 1979, os habitantes dunha tranquila bisbarra da periferia de París viviron aterrORIZADOS por culpa dun maníaco que se dedicaba a asasinar rapazas. Sorpreendentemente, o asasino escapa con suma facilidade das redadas e as trampas que lle tende a policía.



ME QUEDO CONTIGO

Ficha artística

Beatriz Arjona, Anajosé Aldrete Echevarría, Iván Arana, Ximena Gonzalez-Rubio, Flor Eduarda Gurrola, Diego Luna, José María de Tavira.

Ficha técnica

Dirección: Artemio Narro

Guión: Artemio Narro

Fotografía: Renata Gutierrez

Producción: El llanero solitario

Datos técnicos

México / 2014 / 99 min. / drama / castelán

Natalia é unha rapaza española que chega a Ciudad de México para encontrarse con Esteban, o seu mozo, con quen pretende iniciar a vida en parella. Como Esteban está ausente por razóns de traballo, Ana e Sofía convencen a Natalia para pasar a fin de semana na casa de Valeria, nalgures fóra da cidade. A partir de aí, o que arrancou como unha inocente comedia transfórmase nun inusual e violento drama.



THE DUKE OF BURGUNDY

Ficha artística

Sidse Babett Knudsen, Chiara D'Anna, Monica Swinn, Eugenia Caruso, Eszter Tompa, Zita Kraszkó, Fatma Mohamed, Kata Bartsch.

Ficha técnica

Dirección: Peter Strickland

Guión: Peter Strickland

Fotografía: Nicholas D. Knowland

Música: Cat's Eyes

Producción: Rook Films / The British Film Institute / Protagonist Pictures

Datos técnicos

Reino Unido, Hungría / 2014 / 104 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Mar del Plata 2014: selección oficial longametraxes a concurso

Unha muller que estuda as bolboretas e mais as avelaíñas pon a proba os límites da relación coa súa amante. Día tras día, Cynthia e Evelyn interpretan un provocativo ritual que acaba con Evelyn sendo castigada nunha sesión de pracer e sadomasoquismo fetichista. Pero cando unha das dúas desexa unha relación máis convencional, a obsesión erótica da outra vaíse converter nunha adicción que pode levar a relación a un punto sen retorno.



THE WORLD OF KANAKO

Ficha artística

Kôji Yakusho, Nana Komatsu,
Satoshi Tsumabuki, Jô Odagiri,
Fumi Nikaidô, Miki Nakatani,
Ai Hashimoto, Jun Kunimura,
Asuka Kurosawa.

Ficha técnica

Dirección: Tetsuya Nakashima

Guión: Tetsuya Nakashima
(Novela: Akio Fukamachi)

Fotografía: Shôichi Atô

Producción: GAGA / GyaO / Licri

Datos técnicos

Xapón / 2014 / 118 min. /
suspense / xaponés

Título orixinal: *Kawaki*
(*The World of Kanako*)

Premios

Festival de Sitges 2014:
mellor actor (Yakusho)

Cando Kanako, filla pródiga e alumna impecable, desaparece, a súa nai non dubida en chamar ao seu ex-marido, un policía pouco ortodoxo. A medida que a investigación avanza, a imaxe idealizada de Kanako vaise quebrando, deixando entrever que, baixo a excelencia, a rapaza agocha outra vida, máis escura e secreta.

CINEUROPA

DOCS
CINEEUROPA



CAUDILLO

Ficha técnica

Dirección: Basilio Martín Patino

Narrador: Carlos Revilla

Fotografía: Alfredo F. Mayo

Datos técnicos

España / 1977 / 130 min. /
documental / castelán

Primeiro traballo de montaxe sobre o ditador. Desenvolvendo o método de traballo posto a punto en *Canciones para después de una Guerra*, e agora xa en plena clandestinidade, o autor e o seu equipo iniciaron unha busca de imaxes e sons de arquivo —nesta ocasión non puideron contar cos fondos de organismos oficiais ao estaren proscritos por mor do conflito co seu traballo anterior— para organizalos posteriormente dun modo particularmente imaxinativo.



FLOTEL EUROPA

Ficha artística

Documental.

Ficha técnica

Dirección: Vladimir Tomic

Guión: Vladimir Tomic

Produción: Production UZROK

Datos técnicos

Dinamarca, Serbia / 2015 /
70 min. / documental / bosnio

En 1992 unha vaga de refuxiados da guerra de Bosnia-Herzegovina chegou a Dinamarca. Cos campos de refuxiados completamente cheos, a Cruz Vermella enviou un barco enorme ás canles de Copenhague. O barco, Flotel Europa, converteuse nun fogar temporal para un milleiro de persoas que agardaban unha decisión sobre as súas solicitudes de asilo. Entre elas estaba un rapaz de 12 anos, Vladimir, que fuxiu de Sarajevo xunto coa súa nai e o seu irmán máis vello. Pasaron dous anos no limbo do Flotel Europa.

Dúas décadas despois, Vladimir Tomic lévanos nunha viaxe sobre a experiencia de crecer neste barco cheo de ecos da guerra e sobre outros aspectos que forman parte da adolescencia. A historia sobre a chegada á maioría de idade xustaponse con material persoal de arquivo gravado en VHS polos refuxiados que compartiron o «baleiro de espazo-tempo» do Flotel.



FRANKENSTEIN-04155

Ficha técnica

Dirección: Aitor Rei.

Guión: Aitor Rei

Fotografía: Mighele de Currás,
César Seijas

Música: Anxo Graña

Montaxe: Mighele de Currás,
Aitor Rei

Investigación: Jesús Domínguez,
Aitor Rei

Producción: Boneca Lareta

Datos técnicos

España / 2015 / 88 min. /
documental

Premios

Seminci Valladolid: mención
especial na categoría doc España

O 24 de xullo de 2013 o tren Alvia 04155 descarrilaba á entrada de Santiago de Compostela cun saldo de 81 falecidos e máis de 140 feridos. A verdade oficial sinala como único responsable o maquinista. Pero unha traxedia nunca ten unha única causa... Que hai detrás do accidente ferroviario máis grave da democracia española?



HITCHCOCK/TRUFFAUT

Ficha artística

Steven Spielberg, David
Fincher, Martin Scorsese, Wes
Anderson, Richard Linklater,
Alfred Hitchcock, Brian De Palma,
François Truffaut, James Gray,
Olivier Assayas.

Ficha técnica

Dirección: Kent Jones

Guión: Kent Jones, Serge Toubiana

Producción: Cohen Media Group

Datos técnicos

Estados Unidos, Francia / 2015
/ 80 min. / documental / inglés,
francés

Medio século despois da publicación do libro *Le cinéma selon Hitchcock* (O cine segundo Hitchcock) de François Truffaut, o director Kent Jones convida algúns dos mellores directores do noso tempo (Martin Scorsese, David Fincher, Richard Linklater, Wes Anderson, James Gray, Olivier Assayas...) a compartiren os seus pensamentos sobre o mestre do suspense, Alfred Hitchcock.



INVASIÓN

Ficha artística

Lia Lasso, Xavier Ucar, Maria Perea, Vanessa Sibauste, Alejandro Carrasquilla, Rosa Lorenzo, Gabriel Icazal, Lezlie Milson, Carmen Van Der Hans, Ingrid Van Neuman Der Hans, Teodoro Scott.

Ficha técnica

Dirección: Abner Benaim
Guión: Abner Benaim
Fotografía: Guido De Paula

Música: Ulises Conti

Producción: Ajimolido Films /
Apertura Films

Datos técnicos

Panamá, Argentina / 2014 /
94 min. / documental / castelán

Premios

Festival de Málaga 2015: premio
do Público (mellor documental)

Documental que rememora a invasión de Panamá polo exército dos Estados Unidos en 1989. Valéndose do testemuño de varias persoas, constrúese o relato por medio da memoria colectiva, procurando tamén reflexionar sobre o que é Panamá hoxe.



MI QUERIDA ESPAÑA

Ficha artística

Jesús Quintero.

Ficha técnica

Dirección: Mercedes Moncada
Rodríguez

Guión: Mercedes Moncada
Rodríguez, Mercedes Cantero

Fotografía: Álex Catalán

Música: Leoncio Lara Bon

Producción: La Zancoña
Producciones / Canal Sur

Datos técnicos

España / 2015 / 88 min. /
documental / castelán

Jesús Quintero atesourou, durante a súa longa carreira de xornalista, un inmenso universo de personaxes, de todo tipo de rexistros, que inclúa os que estaban excluídos da versión imperante no país. As súas entrevistas reflicten tamén a palabra que non se pronuncia e os corpos que falan, aínda que os sons os contradigan; así, as súas entrevistas devólvennos un espello máis rico e complexo onde contemplarnos. Esta narrativa e as súas entrevistas, emitidas e inéditas, son a materia prima deste relato dos anos de España en democracia.



NONE WITHOUT SIN

NINGUÉN SEN PECADO:

ELIA KAZAN E ARTHUR MILLER

Ficha artística

Warren Beatty, Walter Bernstein, Marlon Brando, Steve Centola, Patricia Bosworth, Christopher Bigsby.

Música: Joel Goodman

Producción: Educational Broadcasting Corporation

Datos técnicos

Estados Unidos / 2003 / 120 min. / documental / inglés

Ficha técnica

Dirección: Michael Epstein

Guión: Michael Epstein

Cando a Elia Kazan, director de películas maxistras como *Ao Leste do Edén* ou *Esplendor na herba*, se lle concedeu en 1999 un Oscar honorífico a toda a súa carreira, o asunto xerou unha gran polémica no mundo cinematográfico. En 1952, Kazan dera os nomes de oito compañeiros e amigos que militaran con el no partido comunista, nomes que pasaron a engrosar a lista negra do senador McCarthy, o que significaba a morte civil dos implicados. O escritor Arthur Miller, autor de *Todos eran os meus fillos*, *A morte dun viaxante* ou *Panorama dende a ponte*, foi un deles.



REMAKE, REMIX, RIP-OFF:

ABOUT COPY CULTURE & TURKISH POP CINEMA

Ficha artística

Cüneyt Arkin, Yilmaz Atadeniz, Çetin Inanç, Çetin Inanç, Giovanni Scognamiglio, Kunt Tulgar.

Producción: Cine Plus /

Das Kleine Fernsehspiel (ZDF) / Filmförderung Baden-Württemberg (MFG) / Otomat / Sommerhaus

Ficha técnica

Dirección: Cem Kaya

Guión: Cem Kaya

Fotografía: Meryem Yavuz, Tan Kurttekin, Aytunc Akad, Cem Kaya

Datos técnicos

Turquía, Alemaña / 2014 / 96 min. / documental / turco, alemán

A cinematografía turca vive a súa época dourada na década dos 60 e 70 cun volume de producións ao nivel das industrias máis potentes da época. A necesidade de satisfacer as expectativas do público provoca unha situación de esgotamento creativo e os espectadores cánsanse de ver as mesmas historias repetidas. Ás veces os grandes problemas dan paso ás mellores solucións e os cineastas turcos encontran unha solución brillante para reinventarse: copiar plano a plano os grandes éxitos de Hollywood.



TELL SPRING NOT TO COME THIS YEAR

Ficha técnica

Dirección: Saeed Taji Farouky, Michael McEvoy

Fotografía: Saeed Taji Farouky

Música: Joe Lewis

Producción: Tourist with a Typewriter / Ponda Films / Sabateur Digital / Creative Visions

Datos técnicos

Reino Unido, Afganistán / 2015 / 94 min. / documental / persa

Premios

Festival de Berlín 2015: premio do Público ao mellor documental (Panorama)

Nun val onde as terras fértiles se xuntan co árido deserto está asentada unha compañía do exército afgán. Esta é unha das rexións máis perigosas de Afganistán, chamada «a calella das bombas» polas tropas da OTAN. Neste posto fronteirizo encontramos o experimentado capitán Jalaluddin e o novo recruta, o soldado raso Sunnatullah. O documental segue estes dous homes e a súa compañía durante un ano mentres viven, se adestran e loitan man a man.



THE ARENA OF MURDER

Ficha artística

Samuel Calderon, David Cohen, Aviv Geffen, Efratit Gitai, Avner Hachohen, Dalit Kahan, Leah Rabin, Uri Simhoni.

Ficha técnica

Dirección: Amos Gitai

Guión: Amos Gitai

Fotografía: Jorge Gurvich, Ariel Semmel, Jean-Paul Toraille

Música: Simon Stockhausen

Producción: Agav Films

Datos técnicos

Israel / 1996 / 80 min. / documental / hebreo

Tres semanas despois do asasinato do primeiro ministro israelí Isaac Rabin, o director busca os rastros do crime.



TRUMBO

TRUMBO E A LISTA NEGRA

Ficha artística

Christopher Trumbo,
Michael Douglas, Joan Allen,
Donald Sutherland, Liam Neeson,
Nathan Lane, Brian Dennehy,
Paul Giamatti, Josh Lucas,
David Strathairn, Danny Glover.

Datos técnicos

Estados Unidos / 2007 / 96 min. /
documental / inglés

Ficha técnica

Dirección: Peter Askin
Guión: Christopher Trumbo
Producción: Samuel Goldwyn Films

Hollywood, anos 50. Documental biográfico da vida e obra do escritor Dalton Trumbo, aclamado guionista e director que pasou 10 anos no ostracismo por culpa da «caza de bruxas» do senador McCarthy. Un repaso aos tempos da lista negra e á vida de Trumbo, quen deixou unha gran cantidade de misivas —lidas por actores da categoría de Donald Sutherland, Michael Douglas ou Liam Neeson— onde ceiba os seus medos, os seus odios e as súas certezas.



UNE JEUNESSE ALLEMANDE

Ficha técnica

Dirección: Jean-Gabriel Périot
Guión: Jean-Gabriel Périot
Música: Alan Mumenthaler
Producción: Local Films

Datos técnicos

Francia, Suíza, Alemaña / 2015 /
93 min. / documental / alemán,
francés

Crónica da radicalización política da mocidade alemá durante os anos 60, época na que a República Federal de Alemaña pasou por unha das súas etapas máis críticas. Milleiros de estudantes e cidadáns saíron ás rúas a rebelarse contra o capitalismo e o Estado porque vían tendencias fascistas en ambos os sistemas. Así é como se chegou á Fracción do Exército Vermello, grupo terrorista alemán fundado por Andreas Baader e Ulrike Meinhof.



YES, WE FUCK!

Ficha técnica

Dirección: Antonio Centeno,
Raúl de la Morena

Guión: Antonio Centeno, Raúl de
la Morena

Datos técnicos

España / 2015 / 60 min. /
documental / castelán

Documental que aborda a sexualidade en persoas con diversidade funcional a través de seis historias reais que mostran que o sexo é patrimonio de todos. Explora non só o que a sexualidade pode facer polas persoas con discapacidade, senón o que lle pode achegar a diversidade funcional á sexualidade humana. Rompe co binomio dependencia-infantilización mediante o uso de imaxes explícitas, que presentan as persoas discapacitadas como seres sexuais e sexuados e como corpos desexantes e desexables.

CI NEU RO PA

**FANTASTIQUE
COMPOSTELA**



BODY

Ficha artística

Janusz Gajos, Maja Ostaszewska, Justyna Suwala, Ewa Dalkowska, Adam Woronowicz, Tomasz Zietek, Malgorzata Hajewska-Krzysztofik, Ewa Kolasinska, Roman Gancarczyk, Wladyslaw Kowalski.

Ficha técnica

Dirección: Malgorzata Szumowska
Guión: Malgorzata Szumowska
Fotografía: Michal Englert
Producción: Nowhere

Datos técnicos

Polonia / 2015 / 90 min. / drama / polaco
Título orixinal: *Ciało*

Premios

Festival de Berlín 2015: mellor director (*ex-aequo*)

Janusz non é un home fácil de sorprender. Como xuíz de instrución debe realizar precisas investigacións, analizando a escena do crime minuciosamente. Malia as situacións extremas ante as que se atopa, traballa duro. Demasiado duro, se cadra. No entanto, cando se enfronta á súa filla anoréxica, Olga, aínda de loito pola súa nai, séntese impotente. Temendo que se poida suicidar, intérnaa nunha clínica onde Anna, unha psicóloga, leva a cabo as súas funcións. Anos máis tarde, Anna perderá o seu bebé e pecharase xunta o seu can nun edificio de pisos fortemente illados onde conxurará os espíritos que se comunican cos vivos dende o alén.



CUB

Ficha artística

Maurice Luijten, Stef Aerts, Evelien Bosmans, Titus De Voogdt, Jan Hammenecker, Gill Eeckelaert.

Ficha técnica

Dirección: Jonas Govaerts
Guión: Jonas Govaerts, Roel Mondelaers
Fotografía: Nicolas Karakatsanis
Música: Steve Moore
Produción: Potemkino

Datos técnicos

Bélxica / 2014 / 85 min. / terror / flamenco, francés, holandés
Título orixinal: *Welp (Cub)*

Premios

Festival de Sitges 2014: mellor director

Aos 12 anos, Sam ve como os seus compañeiros de campamento desconfían del. Un día descobre unha estraña casa nunha árbore onde atopa un misterioso neno salvaxe. Cando Sam tenta advertir os seus compañeiros, estes ignóranos.



MISTERIOS DE ULTRATUMBA

Ficha artística

Gastón Santos, Rafael Bertrand, Mapita Cortés, Carlos Ancira, Carolina Barret, Luis Aragón, Beatriz Aguirre, Antonio Raxel.

Datos técnicos

México / 1959 / 82 min. /
fantástico / castelán

Ficha técnica

Dirección: Fernando Méndez

Guión: Ramón Obón

Fotografía: Víctor Herrera

Música: Gustavo César Carrión

Producción: Alameda Films

Dous médicos prométense que o primeiro que morra regresará para contarlle ao outro os segredos do alén. Un deles morre e principia unha espiral de crime e loucura, que inclúe posesións, asasinatos e vinganzas *post mortem*.



THE BOY AND THE BEAST (BAKEMONO NO KO)

Ficha técnica

Dirección: Mamoru Hosoda

Guión: Mamoru Hosoda

Música: Masakatsu Takagi

Producción: Studio Chizu / NTV

Datos técnicos

Xapón / 2015 / 119 min. /
animación / xaponés

Premios

Festival de San Sebastián 2015:
Sección oficial longametraxes

A historia desenvólvese no barrio de Shibuya, en Toquio, así coma no mundo das criaturas sobrenaturais: o *Shibutenmachi*. Entre estes dous mundos, que non se deben cruzar, viven un rapaz e un monstro solitario. Un día o rapaz pérdese no mundo das criaturas sobrenaturais e acaba converténdose en aprendiz de Kumatetsu, pasando a chamarse Kyuta.



THE FINAL GIRLS

Ficha artística

Taissa Farmiga, Malin Akerman, Adam DeVine, Thomas Middleditch, Alia Shawkat, Alexander Ludwig, Nina Dobrev, Chloe Bridges, Angela Trimbur, Dave Randolph-Mayhem Davis, Patrick Kearns, Lauren Gros.

Ficha técnica

Dirección: Todd Strauss-Schulson
Guion: M.A. Fortin, Joshua John Miller
Fotografía: Elie Smolkin

Música: Gregory James Jenkins

Producción: Groundswell Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 88 min. / comedia / inglés

Premios

Festival de Sitges 2015; premio especial do Xurado e mellor guión

Un grupo de amigos son absorbidos por unha pantalla de cine para acabar no medio dun *slasher* dos oitenta no que se converterán nas vítimas do *psycho-killer* da película.



THE GIRL IN THE PHOTOGRAPHS RECORDO DE WES CRAVEN

Ficha artística

Katharine Isabelle, Christy Carlson Romano, Kenny Wormald, Mitch Pileggi, Toby Levins, Kal Penn, Miranda Rae Mayo, Claudia Lee, Toby Hemingway, Oliver Seitz, Autumn Kendrick, Luke Baines, Kathryn Kirkpatrick, Eva Bourne, Corey Schmitt.

Ficha técnica

Dirección: Nick Simon
Guion: Robert Morast, Oz Perkins, Nick Simon

Fotografía: Dean Cundey

Producción: Alghanim Entertainment

Datos técnicos

Estados Unidos / 2015 / 95 min. / terror / inglés

Nun deses pobos onde nunca ocorre nada, un psicópata comeza a masacrar mozas sacando fotografías aos (xa non tan fermosos) corpos en posicións que "homenaxean" as instantáneas dun celebre fotógrafo sospeitosamente similar a Terry Richardson.

PASIÓN

POR EL CINE ESPAÑOL

ICAA apoya este Festival



Ministerio de Cultura

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte



**CI
NEU
RO
PA**

**ARTURO
RIPSTEIN:
TRIBUTO E RETROSPECTIVA**



ASÍ ES LA VIDA

Ficha artística

Patricia Reyes Spindola, Aracelia Ramírez, Luis Felipe Tovar, Ernesto Yáñez, Francesca Guillén, Marta Aura.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
 Guión: Paz Alicia Garciadiego
 Fotografía: Guillermo Granillo
 Música: David Mansfield, Leoncio Lara
 Producción: Álvaro Garnica, Laura Imperiale, Jorge Sánchez.

Datos técnicos

México, Francia, España / 2000 / 98 min. / drama / castelán

Premios

Festival de Cine de La Habana 2000: premio FIBRESCI e premio especial do Xurado

Julia é unha muller que se dedica á medicina informal, todo para manter o seu marido e os seus dous fillos. Un día o seu marido abandónaa e todo o seu mundo se vén abaixo. Amais, o caseiro obrigaa a abandonar a súa casa, pero o sufrimento que sente dará paso á vinganza.



EL CASTILLO DE LA PUREZA

Ficha artística

Claudio Brook, Rita Macedo, Arturo Beristáin, Diana Bracho, Gladys Bermejo, David Silva, María Barber, María Rojo, Inés Murillo.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
 Guión: Arturo Ripstein e José Emilio Pacheco
 Fotografía: Alex Phillips
 Música: Joaquín Gutiérrez Heras
 Producción: Estudios Churubusco

Datos técnicos

México / 1972 / 110 min. / drama / castelán

Premios

Premios Ariel 1972: 5 premios, incluíndo mellor película.

Historia dun home que, por querer salvar a súa familia dun mundo corrupto, mantena encerrada durante dezaoito anos ata levala a unha situación límite. Gabriel, o pai de familia, é unha persoa culta que se rexe case ata a loucura polas ideas contidas nos libros; os seus fillos —Utopía, Porvenir e Voluntad— están destinados a ser como el o decida, pero o arrepiente encerro e a imposibilidade de manter a súa familia completamente a salvo do mundo exterior socavan os alicerces do castelo da pureza que Gabriel pretende sustentar a calquera prezo.



EL EVANGELIO DE LAS MARAVILLAS

Ficha artística

Francisco Rabal, Katy Jurado, Carolina Papaleo, Edwarda Gurrrola, Bruno Bichir, Patricia Reyes Spíndola, Rafael Inclán, Rodrigo Ostap, Asunción Balaguer, Juan Carlos Colombo, Marta Aura, Julieta Egurrola, Adalberto Parra, Guillermo Iván, Zaida Silvia Gutiérrez.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
Guion: Paz Alicia Garciadiego
Fotografía: Guillermo Granillo
Música: David Mansfield
Producción: Producciones Amaranta / Instituto Mexicano

de Cinematografía / Gardenia Producciones / Wanda Films

Datos técnicos

México, España, Arxentina, Brasil, Suíza / 1998 / 112 min. / drama / castelán

Premios

Premios Ariel 1999: Mellor coactuación feminina (Katy Jurado)
Festival Internacional de Cine de Guadalajara 1999: Premio da Crítica Internacional á Mellor película
Festival de Mar del Plata 1999: Sección de longametraxes a concurso

Contra a fin do milenio, mamá Dorita e papá Basilio danlle abeiro a un grupo de discípulos que esperan a fin do mundo. Na súa afastada e peculiar comunidade relixiosa, situada nalgún lugar de México, os seus ritos lembran as películas bíblicas do Hollywood dos anos 50. Mamá Dorita, que fai trampa cando xoga ao dominó, é a profeta e líder indiscutible xunto co seu esposo, papá Basilio, un cura español exiliado, que sente debilidade polo viño e fervor polas películas. Todos son benvidos na comunidade e os fieis tamén acollen a Nélide, unha prostituta, e a Tomasa, unha adolescente da rúa. As dúas foxen da miseria da vida cotiá.



EL IMPERIO DE LA FORTUNA

Ficha artística

Ernesto Gómez Cruz, Blanca Guerra, Alejandro Parodi, Zaidé Silvia Gutiérrez, Margarita Sanz, Carlos Cardán, Socorro Avelar, Federico González, Ernesto Yáñez, Leonor Llausás, Raymundo Gómez, Regino Herrera, Jorge Fegan, Amado Zumaya, Ignacio Retes, Eduardo López Rojas, Alfredo Sevilla.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
Guion: Paz Alicia Garciadiego (Historia: Juan Rulfo)
Fotografía: Ángel Goded

Música: Lucía Álvarez

Producción: Instituto Mexicano de Cinematografía (IMCINE)

Datos técnicos

México / 1985 / 135 min. / drama / castelán

Premios

Festival de San Sebastián 1986: Mellor actor (Ernesto Gómez Cruz)
Premios Ariel 1986: Mellor película, director, actor (Ernesto Gómez Cruz), actor de reparto (Ernesto Yáñez), edición, guión orixinal e ambientación.

O humilde pregoeiro Dionisio Pinzón recibe un galo dourado moribundo ao cal logra revivir cos seus coidados. De feira en feira, de vila en vila, a sorte de Dionisio vai cambiando. O criador de galos Lorenzo Benavides e súa amante, a cantante «Caponera», tentan comprarlle o galo a Dionisio sen éxito. Co paso do tempo, Dionisio verase envoltado polo remuíño do azar, facendo da «Caponera» o seu talismán.



EL LUGAR SIN LÍMITES

Ficha artística

Lucha Villa, Ana Martín, Gonzalo Vega, Julián Pastor, Roberto Cobo, Hortensia Santoveña, Carmen Salinas, Marta Aura.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
 Guión: Arturo Ripstein (Novela: José Donoso)
 Fotografía: Miguel Garzón
 Música: Joaquín Gutiérrez Heras
 Producción: Conacite Dos

Datos técnicos

México / 1977 / 110 min. / drama social / castelán

Premios

Premios Ariel 1977: mellor película, mellor actor (Roberto Cobo) e mellor actor secundario (Gonzalo Vega)
 Festival de San Sebastián 1978: Premio Especial do Xurado

No prostíbulo dunha pequena localidade, sobreviven a Manuela, un travesti, e a Japonesita, unha prostituta noviña, filla dun tropezo da Manuela. Don Alejo, o vello cacique do lugar, quere mercar o prostíbulo para venderlo a un consorcio xunto co resto da vila. O regreso de Pancho, un mozo camioneiro, afillado de don Alejo, desata as tensións entre os personaxes.



EL SANTO OFICIO

Ficha artística

Jorge Luke, Diana Bracho, Claudio Brook, Ana Mérida, Silvia Mariscal.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
 Guión: Arturo Ripstein e José Emilio Pacheco
 Fotografía: Jorge Stahl Jr.

Producción

Cinematográfica Marco Polo S.A./
 Estudios Churrubusco Azteca S.A.

Datos técnicos

México / 1973 / 130 min. / histórico / castelán

Premios

Premios Ariel 1974: candidata ao mellor guión
 Festival de Cannes 1974: candidata á Palma de Ouro

Na capital da Nova España, a finais do século XVI, cúlpase dunha epidemia aos xudeus. Un destes, don Rodrigo de Carvajal, natural de Benavente, en España, é enterrado pola súa viúva Francisca e os seus fillos Luís, Mariana, Baltasar e o dominico Frei Gaspar. Ao advertir que os familiares do morto practican ritos xudeus, Frei Gaspar denunciaos á Santa Inquisición. Só Baltasar logra fuxir, mentres que os demais son detidos e encarcerados.



LA CALLE DE LA AMARGURA

Ficha artística

Patricia Reyes Spíndola, Nora Velázquez, Silvia Pasquel, Arcelia Ramírez, Alejandro Suárez, Emoé de la Parra, Greta Cervantes, Alberto Estrella, Eligio Meléndez.

Datos técnicos

México, España / 2015 / 99 min. / suspense / castelán

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein

Guión: Paz Alicia Garciadiego

Fotografía: Alejandro Cantú

Producción: Productora 35 / Wanda Visión / Equipment & Film Design / Cinema Maquina / Alebrije Cine y Video

La calle de la amargura é unha película dirixida por Arturo Ripstein que conta a historia real do asasinato de dous loitadores profesionais, Espectrito Jr. e La Parkita, que son encontrados mortos nun cuarto de hotel en Cuauhtémoc, en Ciudad de México.



LA REINA DE LA NOCHE

Ficha artística

Patricia Reyes Spíndola, Alfonso Echanove, Alberto Estrella, Blanca Guerra, Ana Ofelia Murguía, Arturo Alegre, Mayra Sérbulo.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein

Guión: Paz Alicia Garciadiego

Fotografía: Bruno de Keyser

Música: Lucía Álvarez

Producción: Ultra Films / Imcine / Les Films du Nopal

Datos técnicos

México, Francia / 1994 / 110 min. / biográfica / castelán

Premios

Festival de Cannes 1994: candidata á Palma de Ouro (mellor película)

Premios Ariel 1995: 6 premios incluíndo mellor actriz (Reyes Spíndola).

La reina de la noche conta a historia da cabareteira Lucha Reyes. Os seus problemas co alcohol e a relación coa súa nai foron os dous piares que marcaron a súa vida. Con residencia en Berlín, tivo que regresar ao seu México natal polas súas diferenzas co Nazismo. Esta longametraxe amosa o auxe e a decadencia dunha das cantantes máis populares da canción mexicana.



LA VIUDA NEGRA

Ficha artística

Isela Vega, Mario Almada, Sergio Jiménez, Juan Ángel Martínez, Ana Ofelia Murguía, Leonor Llausas, René Casados, Hilda Aguirre, Eduardo Alcaraz, Beatriz Marín, Jorge Fegan.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein

Guión: Vicente Armendáriz, Ramón Obón, Francisco Del Villar (Obra: Rafael Solana)

Fotografía: Jorge Stahl H.

Música: Miguel Pous

Producción: IMCINE / Conacite Uno / Alameda Films

Datos técnicos

México / 1977 / 87 min. / drama / castelán

Premios

Premios Ariel 1983: mellor actriz (Isela Vega)

Nunha pequena vila de México vívense as intrigas e os segredos. Matea é unha orfa que asiste ao cura, o Padre Feliciano, na súa parroquia. O médico da vila intenta seducila, pero fracasa e procede a difamala facendo crer que Matea mantén relacións co cura. O pobo cre na historia e esíxelle ao cura que a despida; el négase e encérrase con Matea. Durante o encerro viven un apaixonado amor, aínda que a fatalidade chega e o cura morre ante a indiferenza do médico e da vila. Matea convértese nunha especie de sacerdotisa á que empezan a coñecer como «a viúva negra».



MENTIRAS PIADOSAS

Ficha artística

Alonso Echánove, Delia Casanova, Ernesto Yáñez, Luisa Huertas, Fernando Palavicini, Leonor Llausas, Ana Venus, Ulises Juárez, Román Echánove, Patricia Reyes Spíndola, Jair de Rubín, Jaime Casillas, Guillermo Iván.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein

Guión: Paz Alicia Garcidiego

Fotografía: Ángel Goded

Música: Lucía Álvarez

Producción: STPC / ANDA / FFCC / Kuikali / Universidad de Guadalajara / Kanan

Datos técnicos

México / 1988 / 111 min. / drama / castelán

Premios

Premios Ariel 1988: 4 premios, incluíndo mellor fotografía

Clara é unha inspectora de sanidade e Israel é un marchante que vende herbas nun mercado de Ciudad de México. Ambos están casados, pero deciden abandonar as súas parellas para viviren xuntos. Ademais dos celos, o remordemento e a desconfianza non lles permitirán vivir en paz e terminarán rompendo e tomando camiños separados, agora sos, pois romperon co seu pasado.



PRINCIPIO Y FIN

Ficha artística

Ernesto Laguardia, Julieta Egurrola, Blanca Guerra, Lucía Muñoz, Alberto Estrella, Bruno Bichir, Alex Cox, Verónica Merchant, Ernesto Yáñez, Alonso Echánove, Julián Pastor, Luisa Huertas, Jorge Fegán, Alejandro Parodi, Darío T. Pie, Luis Felipe Tovar.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein
Guion: Paz Alicia Garcíadiego
(Novela: Naguib Mahfouz)

Fotografía: Claudio Rocha

Música: Lucía Álvarez

Producción: IMCINE / Alameda Films

Datos técnicos

México / 1993 / 170 min. / drama / castelán

Premios

Premios Ariel 1993: 7 premios, incluíndo mellor película. 14 candidaturas

San Sebastián 1993: Cuncha de Ouro

Os Botero, unha familia da clase media mexicana, loitan contra a pobreza tras a morte do pai. Dona Ignacia, a nai, decide sacrificar o futuro dos seus tres fillos máis vellos e protexer a Gabrielito, o menor, en quen depositou todas as súas esperanzas para que lle devolva a fortuna á familia. Pero o destino ten outros plans para os Botero.



PROFUNDO CARMESÍ

Ficha artística

Regina Orozco, Daniel Giménez Cacho, Marisa Paredes, Patricia Reyes Spíndola, Julieta Egurrola, Rosa Furman, Verónica Merchant, Sherlyn, Giovanni Florido, Bianca Florido.

Ficha técnica

Dirección: Arturo Ripstein

Guion: Paz Alicia Garcíadiego

Fotografía: Guillermo Granillo

Música: David Mansfield

Producción: Instituto Mexicano de Cinematografía / Ivania Films / MK2 Production / Wanda Films

Datos técnicos

México, España, Francia / 1996 / 112 min. / thriller / castelán

Premios

Premios Ariel 1996: 9 galardóns, incluíndo mellor actor e actriz

Festival de Venecia 1996: mellor guión, mellor música e mellor escenografía

Festival de Sundance 1997: premio Cine Latinoamericano (mención honorable)

Anos corenta. Coral, unha moza enfermeira mexicana, sente unha admiración sen límites polo actor Charles Boyer. Un día descobre nunha revista a Nicolás, o dobre do seu ídolo. Sedúceo e xuntos cometerán unha serie de asasinatos. Baseada na historia real da parella de «corazóns solitarios» Martha Beck e Raymond Fernandez, que nos anos 40 cometeron un rosario de asasinatos.

**CI
NEU
RO
PA**

**RETROSPECTIVA
ARTUR
BRAUNER**

RETROSPECTIVA ARTUR BRAUNER



DER 20. JULI O 20 DE XULLO

Ficha artística

Wolfgang Preiss,
Annemarie Düringer,
Robert Freitag, Fritz Tillmann,
Werner Hinz, Peter Esser,
Wolfgang Büttner,
Hans Zesch-Ballot, Karl Klüsner,
Herbert Wilk, Ernst Lothar.

Música: Herbert Trantow

Producción: Central Cinema
Company Film (CCC)

Datos técnicos

Alemaña / 1955 / 97 min. / drama,
histórico / alemán, francés

Ficha técnica

Dirección: Falk Harnack

Guión: Falk Harnack,
Werner Jörg Lüdecke,
Günther Weisenborn

Fotografía: Karl Löb

Premios

Premios do cine Alemán 1955:
mellor actor (Preiss) e mellor guión

Película sobre o intento de asasinato errado de Hitler, que tivo lugar en 1944 e foi coñecido como a Operación Valkiria.



EINE LIEBE IN DEUTSCHLAND

UN AMOR EN ALEMAÑA

Ficha artística

Hanna Schygulla, Piotr Lysak, Armin Mueller-Stahl, Ralf Wolter, Daniel Olbrychski, Bernhard Wicki, Gérard Desarthe, Elisabeth Trissenaar, Sigfrid Steiner, Erika Wackernagel, Serge Merlin, Thomas Ringelmann, Friedrich G. Beckhaus, Otto Sander.

Música: Michel Legrand

Producción: Gaumont / Stand'art / TF1 Films Production / CCC-Filmkunst

Datos técnicos

Alemaña do oeste, Francia / 1983 / 132 min. / drama / alemán, polaco

Premios

Festival de Venecia 1983: nominada ao León de Ouro
National Board of Review 1984: mellores películas estranxeiras do ano

Ficha técnica

Dirección: Andrzej Wajda

Guión: Andrzej Wajda, Agnieszka Holland, Boleslaw Michalek (Novela: Rolf Hochhuth)

Fotografía: Igor Luther

En maio de 1983, un home de 49 anos, acompañado do seu fillo, viaxa ao pobo da súa infancia, en Baden. O seu desexo é descubrir que lle sucedeu en realidade á súa nai. Os seus recordos son moi borrosos e, ademais, por aquel entón era demasiado pequeno para comprender o que ocorría ao seu redor.



HANUSSEN

Ficha artística

Klaus Maria Brandauer, Erland Josephson, Ildikó Bánsági, Walter Schmidinger, Károly Eperjes, Grazyna Szapolowska.

Datos técnicos

Hungría, Alemaña, Austria / 1988 / 117 min. / drama / húngaro, alemán

Premios

Nominada ao Oscar 1988: mellor película de fala non inglesa
Globos de ouro 1988: nominada mellor película de fala non inglesa
Festival de Cannes 1988: nominada á Palma de Ouro (mellor película)

Ficha técnica

Dirección: István Szabó

Guión: István Szabó, Péter Dobai

Fotografía: Lajos Koltai

Música: György Vukán

Producción: Central Cinema Company Film (CCC)

O austríaco Klaus Schneider foi un soldado que resultou ferido na Primeira Guerra Mundial e recupérase baixo os coidados do doutor Emil Bettleheim. Bettleheim descobre que Schneider posúe uns privilexiados poderes de empatía e clarividencia que poderían axudarlle a tratar aos seus pacientes con impulsos suicidas. Despois da guerra, Schneider decide cambiar o seu nome polo de Eric Jan Hanussen e trasládase a Berlín para traballar como hipnotista e vidente realizando espectáculos en cabarés e teatros. Dada a súa infalibilidade, non tarda en chamar a atención dos dirixentes do Partido Nazi, que acoden a consultarlle polo futuro do seu proxecto.



HITLERJUNGE SALOMON (EUROPA, EUROPA)

Ficha artística

Marco Hofschneider, Julie Delpy, Hanns Zischler, André Wilms, Delphine Forest, Andrzej Mastalerz.

Ficha técnica

Dirección: Agnieszka Holland
Guión: Agnieszka Holland (Autobiografía: Solomon Perel)
Fotografía: Jacek Petrycki
Música: Zbigniew Preisner
Producción: Central Cinema Company Film (CCC), Les Films du Losange, Telmar Film International Ltd

Datos técnicos

Alemaña, Francia, Polonia / 1990 / 112 min. / drama, histórico / alemán, ruso, polaco, hebreo

Premios

Nominada ao Oscar 1991: mellor guión adaptado
Globo de Ouro 1991: mellor película estranxeira
National Board of Review 1991: mellor película estranxeira
Círculo de críticos de Nova York 1991: mellor película estranxeira
Nominada Premios BAFTA 1992: mellor película de fala non inglesa

Baseada na vida de Salomon Perel, un xudeu alemán que sobreviviu ao Holocausto, ao ocultar a súa identidade dentro das filas inimigas. Aos 13 anos as tropas nazis entran na casa dos Perels, pero Salomon logra escapar. Despois réunese cos sobreviventes da súa familia para fuxir a Polonia, pero outro ataque nazi fai que se separen de novo. Finalmente, Salomon vese entre a espada e a parede e contempla como única posibilidade de supervivencia o facerse pasar por un auténtico ario.



LA PASSANTE DU SANS-SOUCI TESTEMUÑA DE MULLER

Ficha artística

Romy Schneider, Michel Piccoli, Helmut Griem, Dominique Labourier, Gérard Klein, Mathieu Carrière, Jacques Martin.

Datos técnicos

Francia, Alemaña / 1982 / 110 min. / drama / francés, alemán

Premios

Premios César 1982: mellor son

Ficha técnica

Dirección: Jacques Rouffio
Guión: Jacques Rouffio, Jacques Kirsner (Novela: Joseph Kessel)
Fotografía: Jean Penzer
Música: Georges Delerue
Producción: Films A2 / CCC-Filmkunst / Elephant Production

Max Baumstein, Presidente do Movemento Internacional de Solidariedade, un organismo con sede en París, réunese co embaixador de Paraguai en Francia para conseguir a liberación dunha moza británica. Pero, despois dun breve intercambio de palabras, Max mata a tiros ao embaixador. Durante o seu arresto, confésalle á súa esposa os motivos da súa acción: en 1933, cando Hitler ascende ao poder, un dos seus secuaces matou ao pai de Max. Acolrido por Elsa, unha cantante de opereta, e polo editor Michel Wiener, Max pasou a súa infancia e adolescencia escondido ata que conseguiu refuxiarse en París.



MORITURI

Ficha artística

Walter Richter, Winnie Markus, Lotte Koch, Hilde Körber, Catja Görna, Josef Sieber, Carl-Heinz Schroth, Klaus Kinski.

Datos técnicos

Alemaña / 1948 / 88 min. / drama / alemán

Premios

Festival de Venecia 1948: nominación ao mellor director

Ficha técnica

Dirección: Eugen York

Guión: Artur Brauner (idea), Gustav Kampendonk

Fotografía: Werner Krien

Música: Wolfgang Zeller

Produción: CCC Film

Chega o fin da Segunda Guerra Mundial e achéganse as tropas do Exército Soviético. Un grupo de prisioneiros dun campo de concentración escapa coa axuda dun médico polaco e escóndese nun bosque onde se atopan con outros fuxitivos, que estiveron alí durante meses. Por temor ás patrullas do exército alemán, non se atreven a saír do bosque e os alimentos comezan a esgotarse.



WEDLE WYROKÓW TWOICH... FUXIDA CARA A LIBERDADE

Ficha artística

Sharon Brauner, Anna Dymna, Günter Lamprecht, Mathieu Carrière, Marian Opania, Ryszarda Hanin, Alicja Jachiewicz.

Datos técnicos

Polonia / 1983 / 101 min. / drama / polaco, alemán

Ficha técnica

Dirección: Jerzy Hoffman

Guión: Jerzy Hoffman, Jan Purzycki

Fotografía: Jerzy Goscik

Música: Andrzej Korzyski

Produción: Zespół Filmowy Zodiak / CCC-Filmkunst GmbH (Berlin Zachodni)

Cando os alemáns invaden Polonia Ruth ten doce ou trece anos de idade. Logra fuxir da persecución dos xudeus que comeza de inmediato. Sen máis compañía que a súa sálvase vagabundeando polo país, atopa axuda, é traizoada, vive co sufrimento que implican o estar permanentemente en perigo, o medo constante de ser descuberta, a fame.

**CI
NEU
RO
PA**

**ESPECIAL
DOMINIK
GRAF**



IN FACE OF CRIME FRONTE AO CRIME

Serie de 10 episodios

Ficha artística

Max Riemelt, Marie Bäumer, Ronald Zehrfeld, Misel Maticevic, Alina Levshin, Mark Ivanir, Arved Birnbaum, Georgii Povolotskiy, Uwe Preuss, Yevgeni Sitokhin, Marko Mandic, Katja Nesyтова, Ulrike C. Tscharre, Karolina Lodyga, Ryszard Ronczewski.

Ficha técnica

Dirección: Dominik Graf

Guión: Rolf Basedow

Fotografía: Michael Wiesweg

Música: Sven Rossenbach, Florian van Volxem

Producción: ARD Degeto Film / Arte / Bayerischer Rundfunk (BR)

Datos técnicos

Alemaña, Austria / 2010 / serie, 10 capítulos, 500 min. / intriga, mafia / alemán, ruso

Título orixinal: Im Angesicht des Verbrechens

Premios

Premios Adolf Grimme 2011: mellor guión, director, fotografía, editor, produtor e actores (Max Riemelt, Ronald Zehrfeld, Misel Maticevic, Marie Bäumer e Alina Levshin)

Premios da Televisión Alemá 2010: mellor película para televisión ou miniserie e mellor fotografía

Aclamada e trepidante serie de televisión dividida en dez partes. A misión principal de Marek Gorsky, membro da policía de Berlín, é acabar coas mafias e as redes de prostitución, asuntos que se van complicando cando a súa irmá Stella casa cun xefe da mafia. Así, entra nunha guerra entre dous clans onde coñece a unha moza ucraina da que se namora a pesar de ser unha prostituta de luxo. "Cita co crime" estreouse no Festival de Cine de Berlín de 2010, dentro do Foro Internacional do Novo Cinema. A pesar de tratarse dunha serie cuxa primeira tempada consta de dez capítulos, a produtora optou por transformala para a ocasión nunha miniserie dividida en dous pases de dúas horas cada un.

EPISODIO 1

Duración: 49 min.

■ 20

Nunha zona rural de Ucraína, á moza Jelena gústalle mergullarse nas augas puras do lago onde, segundo a súa avoa, reflectírase a faciana do home que a amará. Pero ese día, ao regresar á aldea, son o 4x4 e as lentes escuras de Ahmed quen a recibe. Desconfiada, acepta con todo seguilo a Berlín, xunto á súa amiga Svetlana, tentadas pola promesa de traballar como camareiras. Mentres tanto, na capital alemá, unha operación de rutina para Marek Gorsky e o seu compañeiro Sven Lottner, que seguen os pasos dun encubridor á fuga. Nado de inmigrantes rusos, Marek entrou na policía, para desgusto da súa familia, en resposta á morte do seu irmán maior, asasinado dez anos atrás. El ignora que o seu propio cuñado é o xefe dunha das bandas rusas que actúan en Berlín.

EPISODIO 2

Duración: 50 min.

■ 20

Jelena aprende as normas do seu novo oficio: traballar nun bordel, orxías en hoteis de luxo con caviar e cocaína, insultos e golpes. Por deter a Sokolov, matón dunha rede mafiosa, Marek e Sven son recrutados por Röber, xefe da Oficina central de loita contra o crime organizado. Pero Sokolov logra escaparse durante o seu interrogatorio e Marek séguese cara a un lugar familiar: o restaurante Odessa, rexentado polo seu cuñado Mischa, quen se mostra sorprendentemente agradable.

EPISODIO 3

Duración: 49 min.

■ 21

Por orde de Mischa, Dimitri sinala a Marek un almacén onde Sokolov cometerá un roubo. Marek Gorsky transmítelle a información a Röber, o seu novo xefe na Oficina central de loita contra o crime organizado, que decide confiar nel. O día do asalto, as tropas de elite cercan o edificio ...

EPISODIO 4: DER VERRAT

Duración: 49 min.

■ 21

Joska, o líder da banda do asalto, logra escapar da policía. Pero Marek reconece entre as fotos de arquivo da Oficina central de loita contra o crime organizado. Avisado da súa detención inminente, Joska consegue construír unha coartada e facer desaparecer todo o que lle podería incriminar ...

EPISODIO 5

Duración: 49 min.

■ 22

Andreï revela a Joska que foi Mischa, o xefe da banda competidora, quen denunciou o seu plan, confiando en que Joska asumira a idea de vingar a súa banda. Por outra parte, Lottner analiza con Gorsky fotos tomadas durante a noite nunha discoteca rusa e identifican a varios mafiosos detidos durante o atraco. Entre eles, un tal Nikolai, que parece namorado de Larissa, unha das camareiras ...



EPISODIO 6

Duración: 49 min.

22

Á súa saída do hospital, Lenz sobe a un tren con destino a Kiev en compañía da nova prostituta Jelena. Desconcertados, Gorsky e Lottner deciden seguilo e emprenden unha viaxe cara ás fronteiras de Europa ...

EPISODIO 7

Duración: 49 min.

23

Andrei paga a Mischa unha pequena cantidade de diñeiro co obxectivo de converterse no seu socio. Pero Stella non quere pechar máis os ollos ás actividades do seu marido. Marek avanza na súa investigación mentres que a doce Jelena, traumatizada, quere abandonar a prostitución...

EPISODIO 8

Duración: 50 min.

23

Coa axuda de Hollmann e Jaschke, unha parella de policía corruptos, Andrei planea un golpe para neutralizar a Marek e Lottner, que ameazan o seu negocio. Privados de ordes superiores, os dous mozos deciden continuar sós coas súas investigacións. Finalmente, Marek e Jelena volven verse.

EPISODIO 9

Duración: 48 min.

26

Marek Gorsky vaise con Jelena a Bielorrusia para liberar a Svetlana, que se atopa atrapada nun bordel. Tras deixar a Svetlana no seu pobo de Ucraína, Jelena decide volver a Berlín con el. Á súa volta, Gorsky descobre que Lottner segue a pista de dous traficantes e que o seu cuñado está implicado. Pouco despois, este último é vítima dun atentado.

EPISODIO 10

Duración: 49 min.

26

Stella está disposta a tomar a substitución do seu defunto marido e o tío Sascha media entre as bandas mafiosas para terminar co conflito. Tras localizar a Sokolov no cemiterio, Gorsky reúne a Lottner e o equipo da policía nunha fábrica clandestina. Dáse o asalto. Gorsky enfrontarase cara a cara co asasino do seu irmán.

LEMBRANZA
MANOEL
DE OLIVEIRA





VIAGEM AO PRINCÍPIO DO MUNDO

Ficha artística

Marcello Mastroianni, Jean-Yves Gautier,
Leonor Silveira, Diogo Doria, Isabel De Castro,
Cecile Sanz de Alba, Jose Pinto, Adelaide
Teixeira, Isabel Ruth.

Ficha técnica

Dirección: Manoel de Oliveira

Guión: Manoel de Oliveira

Fotografía: Renato Berta

Producción: Madragoa Films / Gemini Films

Datos técnicos

Portugal, Francia / 1997 / 95 min. / drama /
portugués, francés

Premios

Cannes 1997: Premio da Crítica internacional

Un director portugués contrata un actor francés para unha coprodución franco-portuguesa. O pai do actor, de orixe portuguesa, morreu novo, de xeito que o actor foi educado pola súa nai, que era francesa. Porén, durante a rodaxe, o actor empeza a lembrar a seu pai.

LEMBRANZA
**VICENTE
ARANDA**





ASESINATO EN EL COMITÉ CENTRAL

Ficha artística

Patxi Andión, Victoria Abril, Héctor Alterio, Conrado San Martín, José Vivó, Miguel Rellán.

Fotografía: José Luis Alcaine

Música: Manuel Camps

Producción: Morgana / Lolafilms / Acuaris

Ficha técnica

Dirección: Vicente Aranda

Guión: Vicente Aranda

(Novela: Manuel Vázquez Montalbán)

Datos técnicos

España / 1982 / 110 min. / drama / castelán

O Partido Comunista está celebrando un mitin cando de súpeto se apagan as luces e o voceiro do Partido é asasinado. O goberno abre unha investigación oficial e o Partido Comunista contrata a Pepe Carvalho, un detective privado. A medida que as dúas investigacións se van desenvolvendo, as conclusións ás que chegan ambas son moi distintas.

LEMBRANZA TOÑITO BLANCO E CHICHI CAMPOS



TOÑITO BLANCO, SÓ, PERDIDO E VICIOSO

Ficha técnica

Dirección: Nico Campos

Realización: Nico Campos,
Xacobe Sineiro

Guión: Nico Campos, Xosé Zapata

Montaxe: Nico Campos, Xosé Zapata

Producción: Ignacio Benedeti /
Xosé Zapata

Datos técnicos

Galicía / 2013 / 43 min. /
documental, biográfico

O prometedor futuro do cineasta de Toñito Blanco, autor de A matanza caníbal dos garrulos lisérxicos viuse truncado por unha morte prematura. Neste documental descóbrese material inédito, como imaxes da gravación do seu único filme ou entrevistas a familiares e amigos que nos descubren a un complexo ser humano.

PEZAS DE CHICHI CAMPOS PEZAS DE TOÑITO BLANCO DEBATE: OS SEUS AMIGOS

outubro (2015)

- 1 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
- 23 | DESCUBRE UNHA ORQUESTRA
PARA TI, A TÚA!
- 8 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
ANTONIO RUIZ MARELA *Director*
- 15 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CHRISTOPHER KING *Director*
- 23 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
DIEGO GARCIA *Director*
JULIAN FERNÁNDEZ *Chaperón*
- 24 | DESCUBRE UNHA ORQUESTRA
PARA TI, A TÚA!
- 29 | ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
ARTURO TAMAYO *Director*

novembro

- 6 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CHRISTENS SCHLITZ *Director*
WALTER RUIZ *Chaperón*
- 13 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
DIEGO MASSON *Director*
- 19 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
- 26 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
VIRABE-HADNER *Chaperón*

decembro

- 10 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
BEATRIZ LÓPEZ *Chaperón*
MANUEL VUICA *Regente*
ESCUOLA DA CATEDRAL DE SANTIAGO
- 11 | DESCUBRE UNHA ORQUESTRA
PARA TI, A TÚA!
- 16 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
BEN CO OMERU *Director*
MARIA ESPADA *Chaperón*
MARINA COMPAÑAO *Maestro de Coro*
BAN CO INHUA *Coro*
FOLKLORE DE TIRO GALEGO
CORO DA SINFÓNICA DE GALICIA

RFG 1996 2016

xaneiro (2016)

- 5 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CARLOS ORTEGA *Director*
- 14 | SONIA MURRAY *Regente*
CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
- 21 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
MAXIM ZHURAVLEV *Director*
ANDRÉ MORISCH *Chaperón*
- 29 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CIBO NEVES *Director*
JAMES BOND *Chaperón*

febreiro

- 4 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
ANTON WIT *Director*
ALEXANDRA KUIS *Chaperón*
- 13 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
NICOLAS AMSTUTZ *Regente*
JESÚS SARR *Chaperón*
- 26 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
JES TRIVANÇO NETZ *Regente*
- 29 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
HELMUTH RILUNG *Director*
JAUFENT BLATTAU *Chaperón*
JES SOTO *Regente*
JAMES DAL IGREN *Chaperón*
SOPRANOS DE GALICIA
CORO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

marzo

- 3 | SEPTIMIO CHAMPO *Regente*
CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
- 10 | ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
NICOLAS COHEN *Director*
ALEXANDRA SOULIER *Chaperón*

- 16 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
LEON COLOVER *Director*
SANDRA TRASTANA *Chaperón*
JOSÉ ANTONIO DEFEZ *Regente*
BETON TRABA A NUSA
CORO UNIFRATERN

abril

- 1 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
FERNANDO CORTA *Director*
BARBARA SHEL *Chaperón*
- 7 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CHRISTOPHER KING *Director*
JOSE ORTEGA *Chaperón*
- 14 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CHRISTIAN ZACARIAS *Director e Regente*
- 21 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
LUBBOCK VIOU *Director*
STEVEN DESOBRE *Regente*
- 28 | DENIS KOTIKOV *Regente*
CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

maio

- 4 | JAMES BOND *Regente*
CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
- 12 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director e Regente*
CHRISTOPHER KING *Regente*
RUBEN GARCÍA *Chaperón*
CORO HEMANO DO CREFON
TERÇA A NUSA
- 19 | DESCUBRE UNHA ORQUESTRA
PARA TI, A TÚA!
- 26 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
MAXIM ZHURAVLEV *Director*
- 26 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
KAREN KAMUNOK *Director*
JENS PETTER MAINTZ *Chaperón*

xuño

- 2 | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
PAUL DANIEL *Director*
CHRISTINA WIT *Chaperón*
ESTER VUICA *Regente*
- 4 | DESCUBRE UNHA ORQUESTRA
PARA TI, A TÚA!



**CI
NEU
RO
PA**

DISIDENCIAS



AVE Y NADA

Ficha artística

Manuel Pozo (Adán), Antía Costas (Eva).

Ficha técnica

Dirección: Cristóbal Arteaga Rozas

Guión: Cristóbal Arteaga Rozas

Fotografía: Pablo Kaufmann

Operador de Cámara: Pío Criberio,
Pablo Kaufmann

Montaxe: Julián Maguna Lago

Directora de Arte: Cristina
Rodríguez Estévez

Produtor Executivo: Paulo Bouzas

Producción: Anxo Rodríguez

Datos técnicos

España / 2015 / 93 min. / ficción

Festivais

Festival de Cine de Xixón 2015

Adán nace das entrañas dun bosque. Non sabe onde está. Non sabe que ten que facer. Nin como sobrevivir. Na máis absoluta soidade e inmensidade dun planeta habitado por seres salvaxes, deberá ir descubrindo o que significa estar vivo. Pero todo cambiará co nacemento de Eva. Ambos terán que aprender a vivir en harmonía; aínda que a responsabilidade de seren o país da humanidade non tardará en pasarlles a conta.



DIARIO DE UN CORTO

Ficha técnica

Imaxe, son e montaxe: Flavia de la Fuente

Producción: Quintín (Eduardo Antín)

Datos técnicos

Arxentina, Chile, Galicia / 2015 / 18 min. / documental, experimental

Festivals

Filme inaugural FICValdivia 2015
DocLisboa 2015, Competencia Internacional

Festival Internacional de Cine de Mar del Plata 2015



EL NOME DE LOS ÁRBOLES

Ficha técnica

Dirección: Ramón Lluís Bande

Guión: Ramón Lluís Bande

Imaxe: Juan A. García, Vera Robert, Ramón Lluís Bande

Montaxe: Dani Álvarez

Mestura de son: Antonio de Benito

Producción: Vera Robert

Datos técnicos

Asturies (España) / 2015 / 102 min. / documental

Festivals

Festival de Cine de Sevilla 2015

A cineasta galego-arxentina Flavia de la Fuente é convidada a filmar unha curtametraxe para a inauguración de certo festival. A responsabilidade pertúrbaa e abáfaa. Encontra unha solución que resulta un manifesto secreto sobre o cinema frágil e as súas aventuras.

Unha pequena equipa de rodaxe percorre Asturias buscando os sitios onde se desenvolveron as principais emboscadas contra a guerrilla republicana. Nesa viaxe van atopando moitas persoas que comparten con eles os recordos que teñen daquel tempo e daqueles sucesos.



EL PASEO

Ficha técnica

Imaxe, son e montaxe: Flavia de la Fuente

Producción: Quintín (Eduardo Antín)

Datos técnicos

Arxentina, Galicia / 2014 / 63 min. / documental, experimental

Festivais

Festival de Mar del Plata 2014

Bafici 2015

Festival de Cine de Las Palmas 2015

Lima Independiente 2015



EQUÍ Y N'OTRU TIEMPU

Ficha técnica

Dirección: Ramón Lluís Bande

Imaxe: Juan A. García

Montaxe: Dani Álvarez

Mestura de son: Antonio de Benito

Producción: Vera Robert

Premios e festivais

Festival de Cine de Sevilla 2014 – Premio “Resistencia”

Bafici 2015

Datos técnicos

Asturias (España) / 2014 / 71 min. / documental, experimental

Un percorrido case aleatorio, con moitos máis sons ca palabras, polas curiosas fachadas das casas de San Clemente del Tuyú do que resulta que é tan misterioso o que ocorre en cada toma como a mestura de agarimo, ironía e temor coa que está filmada.

Entre os meses de outubro de 1937 e novembro de 1952 centos de militantes republicanos tiráronse ao monte con dous obxectivos: salvar a vida e continuar coa resistencia armada contra o franquismo. Moitos deles morreron no monte. *Equí y n'otru tiempu* propón un desprazamento do documento ao monumento cinematográfico co rexistro en presente dos espazos onde foron asasinados os principais nomes da Agrupación Guerrillera Asturiana.



MEMORIA OCULTA

Ficha técnica

Dirección: Eva Villaseñor

Guión, fotografía e montaxe: Eva Villaseñor

Son: Michelle Garza, Israel Ahumada, Eva Villaseñor

Diseño de son: Iván Pérez

Producción: Henner Hofmann, Karla Bukantz, Centro de Capacitación Cinematográfica

Datos técnicos

México / 2014 / 60 min. / documental

Festivais e premios

Mellor filme (mediometraje)

Festival dei Pópoli 2014

Festival Ambulante 2015

A realizadora válese do cinema para reconstruír un período da súa vida no que perdeu a memoria.



UM DIA NORMAL

Ficha técnica

Dirección: Barbara Reis

Concepto e coordinación: Sérgio B. Gomes

Imaxe: Adriano Miranda, Adriana Alcântara, Ana Almeida, Aurora Ribeiro, Bruno de Almeida, Camila Vale, Enric Vives Rubio, Frederico Batista, Luísa Ferreira, Maria Joao Gala, Nelson Garrido, Paulo Pimenta, Ricardo Rezende, Rui Gaudêncio, Sibila Lind, Vera Moutinho

Datos técnicos

Portugal / 2015 / 60 min. / documental, experimental / portugués

Festivais

DocLisboa

Para celebrar o seu 25º aniversario o xornal portugués Público, entre outras accións, puxo na rede un filme extraordinario de 24 horas de duración, Um dia normal, colección de 1440 planos de 1 minuto que servían para facer un retrato alternativo do país. Un proxecto extraordinario do que xorde agora unha versión diferente, de 60 minutos, presentada en outubro no DocLisboa.

ARREDOR DE NIMBOS, 1



CLASE DE PINTURA

Ficha técnica

Dirección: Pablo Maraví

Imaxe e montaxe: Pablo Maraví

Datos técnicos

Euskal Herria (País Vasco) / 2015 /

4 min. / experimental

Seis pinturas que parten dunha mesma paisaxe concentradas nunha montaxe fragmentada e nerviosa. O trazo da pincelada é sempre o mesmo, o soporte tamén. E así é que o patio da escola se repite até o infinito.



DENA EZ DABIL ONDO TODO NON VAI BEN

Ficha técnica

Dirección: Ander Parody

Imaxe: Ander Parody, Markel Andia

Montaxe: Ander Parody

Datos técnicos

Euskal Herria (País Vasco) / 2015 /
15 min. / experimental

Festivais

Zinebi 2015

Pasaron case 50 anos dende que Godard e Gorin retratasen as folgas obreiras de maio de 68 no seu coñecido *Tout va bien*. Mentres a clase obreira segue explotada da mesma maneira pola política de economía neoliberal, as actividades de loita contra esta cambiaron tanto de forma coma de contido. Ademais, a continua alienación promulgada pola sociedade globalizada fai máis e máis difícil que se creen estruturas de loita sólidas. Por todo isto, a sociedade popular ten a urxente necesidade de encher de obstáculos os camiños marcados coma correctos e trazar os novos.



GAUA BEHARREZKOA DA A NOITE É NECESARIA

Ficha técnica

Dirección: Pablo Maraví

Imaxe e montaxe: Pablo Maraví

Datos técnicos

Euskal Herria (País Vasco) / 2015 /
8 min. / Experimental

Homes cheos de escuridade reproducense en espiral e caen no esquecemento. O chan de madeira renxe a cada paso. Ollada a contraluz cara a ningunha parte, verdadeira orixe do reflexo de Deus. Libre interpretación do poema *A noite é necesaria* de Xosé María Díaz Castro.



INAUSKETA A CERNA

Ficha técnica

Dirección: Ander Parody

Imaxe e montaxe: Ander Parody

Coa colaboración de: Pablo Maravi

Datos técnicos

Euskal Herria (País Vasco) / 2015 /
7 min. / experimental

Festivais

Filmadrid 2015
FIC Valdivia 2015

Guión: Sidney W. Pink, Ib Melchior

Despois de desaparecer sen deixar rastro, unha nave que viaxara a Marte con catro tripulantes retorna á Terra. A bordo só se encontran dous homes, un dos cales está en estado crítico e ten unha extraña substancia verde no brazo. Os científicos someten o outro a hipnose e este revélalles que Marte está habitada por plantas devoradoras de homes, por uns extraños monstros e por un xigante cun só ollo.



THEY CAME TO CORDURA

CHEGARON A CORDURA

Ficha artística

Gary Cooper, Rita Hayworth, Van Heflin, Tab Hunter, Richard Conte, Michael Callan, Dick York, Robert Keith.

Fotografía: Burnett Guffey

Música: Elie Siegmeister

Producción: Columbia Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1959 / 123 min. / western / inglés

Ficha técnica

Dirección: Robert Rossen

Guión: Ivan Moffat (Novela: Glendon Swarthout)

8 de marzo de 1916: Pancho Villa e os seus homes atravesan a fronteira e arrasan o estado de Nuevo México. Ao mesmo tempo, un oficial do exército americano chamado Thomas Thorn recibe, tras ser tachado de covarde polos seus superiores, unha importante misión: levar cinco candidatos á medalla de honor ata Cordura, en Texas. Son homes curtidos na batalla e, suponse, auténticos heroes. Canda eles viaxa unha fermosa expatriada a quen EE UU acusa de pasarlles información aos corruptos mexicanos.



ADVISE & CONSENT

TEMPESTE SOBRE WASHINGTON

Ficha artística

Walter Pidgeon, Don Murray, Charles Laughton, Henry Fonda, Peter Lawford, Franchot Tone, Inga Swenson, Burgess Meredith, Lew Ayres, Gene Tierney, George Grizzard, Paul Ford, Edward Andrews, Paul McGrath, Will Geer, Betty White.

Ficha técnica

Dirección: Otto Preminger
Guión: Wendell Mayes
(Novela: Allen Drury)
Fotografía: Sam Leavitt
Música: Jerry Fielding
Producción: Otto Preminger Films

Datos técnicos

Estados Unidos / 1962 / 139 min. /
drama / inglés

Premios

Festival de Cannes 1962:
candidata á Palma de Ouro (mellor película)
National Board of Review 1962:
mellor actor secundario (Burgess Meredith)
Premios BAFTA 1962: candidata
a mellor actor estranxeiro
(Laughton)

O candidato á Secretaría de Estado debe someterse a unha investigación do Senado que corrobore que está preparado para o cargo. Aíña comezan a saír trapos sucios, como a súa vinculación nos seus anos de mocidade a unha organización comunista.



KING AND COUNTRY

REI E PATRIA

Ficha artística

Dirk Bogarde, Tom Courtenay, Leo McKern, Barry Foster, James Villiers, Peter Copley, Jeremy Spenser.

Ficha técnica

Dirección: Joseph Losey
Guión: Evan Jones (Obra: John Wilson)
Fotografía: Denys Coop

Música: Larry Adler

Producción: American International Pictures

Datos técnicos

Reino Unido / 1964 / 86 min. /
drama / inglés

Premios

Festival de Venecia 1964: Copa Volpi
ao mellor actor (Tom Courtenay)

Aclamado drama antibélico, de argumento semellante a *Sendeiros de Gloria* (Paths of Glory, 1957), que relata a historia dun soldado, acusado de deserción durante a batalla, a quen os seus oficiais superiores castigan coa intención de dar exemplo.



HAWAII

Ficha artística

Julie Andrews, Max von Sydow, Richard Harris, Gene Hackman, Carroll O'Connor, Torin Thatcher, Manu Tupou, Elizabeth Logue, John Cullum, Michael Constantine.

Ficha técnica

Dirección: George Roy Hill
Guión: Dalton Trumbo, Daniel Taradash (Novela: James A. Michener)

Fotografía: Russell Harlan

Música: Elmer Bernstein

Producción: Warner Bros

Un misioneiro de Nova Inglaterra, ríxido e sen ningún sentido do humor, casa coa fermosa Jerusha Bromley e lévaa á illa de Hawai coa intención de establecerse alí e evangelizar os nativos. Non entanto, o choque entre ambas as culturas é demasiado grande.

Datos técnicos

Estados Unidos / 1966 / 189 min. / drama / inglés, hawaiano

Premios

Oscar 1966: 7 candidaturas, incluíndo actriz secundaria (LaGarde) e fotografía
Globos de Ouro 1966: actriz secundaria (LaGarde) e banda sonora



ESPAÑA OTRA VEZ

Ficha artística

Manuela Vargas, Mark Stevens, Marianne Koc, Enrique Giménez 'El Cojo', Luis Serret, Luis Ciges, Joaquín Pujol, Alberto Berco, Alberto Puig, Flor de Bethania Abreu, Manuel Muñiz.

Ficha técnica

Dirección: Jaime Camino
Guión: Román Gubern, Jaime Camino
Fotografía: Luis Cuadrado

Música: Xavier Montsalvatge

Producción: Pandora

Datos técnicos

España / 1969 / 108 min. / drama / castelán, inglés

Premios

Festival de Cannes 1969: candidata á Palma de Ouro

Un antigo brigadista americano chega a Barcelona para participar nun congreso médico. Unha vez na cidade, tentará atopar unha enfermeira que coñeceu durante a Guerra Civil. Camino retoma o tema da Guerra Civil, aínda que a partir dunha situación que transcorre durante o *desarrollismo*; o filme, a pesar das dificultades habituais coa censura, puido estrearse.



TELL THEM WILLIE BOY IS HERE O VAL DO FUXITIVO

Ficha artística

Robert Redford, Katharine Ross, Robert Blake, Susan Clark, Barry Sullivan, Charles McGraw, John Vernon, Shelly Novack.

Ficha técnica

Dirección: Abraham Polonsky
Guión: Abraham Polonsky
Fotografía: Conrad Hall

Música: Dave Grusin

Producción: Universal Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1969 / 98 min. / western / inglés

Premios

Premios BAFTA 1970: mellor actor (Redford) e actriz (Ross)

No afastado Oeste, os habitantes dunha pequena vila quedan conmocionados ao saberen que un dos seus veciños morreu. O seu horror é aínda maior cando descubren que o responsable é un indio. Aterrados e condicionados polos seus prexuízos contra os nativos, un grupo de vaqueiros e cidadáns acordan darlle caza e linchar o indio sen agardar un xuízo.



THE MOLLY MAGUIRES ODIO NAS ENTRAÑAS

Ficha artística

Sean Connery, Richard Harris, Samantha Eggar, Frank Finlay, Anthony Zerbe, Bethel Leslie, Art Lund, Anthony Costello, Philip Bourneuf, Brendan Dillon, Frances Heflin, John Alderson, Malachy McCourt, Susan Goodman.

Fotografía: James Wong Howe

Música: Henry Mancini

Producción: Paramount Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1970 / 124 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Martin Ritt

Guión: Walter Bernstein (Novela: Arthur H. Lewis)

1876, nas minas de carbón de Pensilvania os obreros son explotados. A sociedade secreta chamada «Molly Maguires» aposta por defender os dereitos dos traballadores mediante a violencia. Un detective privado infiltra na mina para desenmascaralos.



THE WAY WE WERE TAL COMO ERAMOS

Ficha artística

Robert Redford, Barbra Streisand, Bradford Dillman, Viveca Lindfors, Herb Edelman, Murray Hamilton, Patrick O'Neal, Lois Chiles, James Woods.

Ficha técnica

Dirección: Sydney Pollack

Guión: Arthur Laurents (Novela: Arthur Laurents)

Fotografía: Harry Stradling Jr.

Música: Marvin Hamlisch

Producción: Columbia Pictures / Rastar Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 1973 / 118 min. / drama / inglés, francés

Premios

Oscars 1973: mellor canción e mellor banda sonora orixinal

Globos de Ouro 1973: mellor canción orixinal

Premios David di Donatello 1973: mellor actriz estranxeira (Barbra Streisand)

Katie Morosky e Hubbell Gardiner namóranse. Katie deixa a política por estar con Hubbell, mais cando este abandona a súa prometedora carreira como escritor de prestixio para ser guionista de Hollywood, a relación comeza a resentirse. Como pano de fondo, o típico estilo de vida americano en tempos de guerra, a prosperidade familiar e a paranoia da era McCarthy en Hollywood.



THE FRONT A TAPADEIRA

Ficha artística

Woody Allen, Zero Mostel, Herschel Bernardi, Michael Murphy, Lloyd Gough, Remak Ramsay, Andrea Marcovicci.

Ficha técnica

Dirección: Martin Ritt

Guión: Walter Bernstein

Fotografía: Michael Chapman

Música: David Grusin

Producción: Columbia Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1976 / 95 min. / drama / inglés

Premios

Candidata ao Oscar 1976: mellor guión orixinal

Alfred Miller, condenado polas súas ideas de esquerdas durante a caza de bruxas hollywoodense, vese obrigado a adoptar outro nome para asinar os seus traballos. Como non pode utilizar un nome falso, págalle a un antigo compañeiro de colexio, Howard Prince, para que lle permita firmar co seu nome.



REDS ROXOS

Ficha artística

Warren Beatty, Diane Keaton, Jack Nicholson, Edward Herrmann, Jerzy Kosinski, Paul Sorvino, Maureen Stapleton, Nicolas Coster, M. Emmet Walsh, Gene Hackman, Ian Wolfe, Bessie Love, George Plimpton.

Ficha técnica

Dirección: Warren Beatty
 Guión: Warren Beatty, Trevor Griffiths
 Fotografía: Vittorio Storaro
 Música: Stephen Sondheim, Dave Grusin
 Producción: Paramount Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1981 / 195 min. /
 drama / inglés, ruso, alemán, francés

Premios

Oscars 1981: mellor director, actriz secundaria (Stapleton) e fotografía
 Globos de Ouro 1981: mellor director
 National Board of Review 1981: mellor película (*ex-aequo*)
 Círculo de Críticos de Nova York 1981: mellor película
 Premios BAFTA 1981: mellor actor secundario (Nicholson) e actriz secundaria (Stapleton)
 Premios David di Donatello 1981: mellor actriz (Diane Keaton) e produtor estranxeiro

Baseada en feitos reais, conta a historia de John Reed, comunista norteamericano, xornalista e activista, durante o período da primeira guerra mundial. Un día coñece a escritora Louise Bryant, unha muller casada que pronto deixa atrás a súa vida normal para comezar un romance con Reed e que se converte nunha importante figura do movemento feminista. As súas convicións lévanos ata Rusia durante a Revolución de Outubro de 1917, cando os comunistas alcanzaron o poder. A parella volve a Estados Unidos cargada de ideas para liderar a súa propia sublevación.



DANIEL

Ficha artística

Timothy Hutton, Mandy Patinkin, Lindsay Crouse, Edward Asner, Ellen Barkin, Julie Bovasso, Tovah Feldshuh, Joseph Leon, Carmen Mathews, Norman Parker, Amanda Plummer, Lee Richardson, John Rubinstein, Colin Stinton, Peter Friedman.

Ficha técnica

Dirección: Sidney Lumet
 Guión: E.L. Doctorow
 (Novela: E.L. Doctorow)

Fotografía: Andrzej Bartkowiak

Música: Bob James

Producción: Paramount Pictures /
 World Film Services

Datos técnicos

Estados Unidos, Reino Unido /
 1983 / 130 min. / drama / inglés

Daniel Isaacson quedou orfo cando só era un neno, despois de que os seus pais fosen executados na década dos cincuenta acusados de seren espías rusos. Tratando de descubrir a verdade sobre os incidentes acontecidos naquela época, Daniel comeza a entrevistar os seus familiares e a calquera persoa que coñecese os seus pais.



RED DAWN

AMENCER VERMELLO

Ficha artística

Patrick Swayze, C. Thomas Howell, Lea Thompson, Charlie Sheen, Darren Dalton, Ben Johnson, Harry Dean Stanton, Powers Boothe.

Fotografía: Ric Waite

Música: Basil Poledouris

Producción: Metro-Goldwyn-Mayer

Datos técnicos

Estados Unidos / 1984 / 114 min. / bélico / inglés, ruso, castelán

Ficha técnica

Dirección: John Milius

Guión: Kevin Reynolds, John Milius

Un bonito día de outono, centenares de paracaidistas, baixo as ordes do coronel Ernesto Bella, asaltan a cidade de Calumet en Colorado. Os cubanos, aliados cos soviéticos, van poñer en marcha as hostilidades contra Estados Unidos.



RUNNING ON EMPTY

UN LUGAR EN NINGUNHA PARTE

Ficha artística

Christine Lahti, Judd Hirsch, River Phoenix, Martha Plimpton, Jonas Abry, Ed Crowley, L.M. Kit Carson, Augusta Dabney, Steven Hill.

Música: Tony Mottola

Producción: WB / Lorimar Film Entertainment

Datos técnicos

Estados Unidos / 1988 / 116 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Sidney Lumet

Guión: Naomi Foner

Fotografía: Gerry Fisher

Premios

Globos de Ouro 1989: mellor guión

Cando Arthur Pope e a súa muller Annie, antigos militantes radicais dun grupo violento, voaron un laboratorio de napalm en Vietnam en 1971, convertéronse en fuxitivos de por vida, xa que este accidente causou graves feridos. Acompañados polos seus fillos, a parella foi sempre un paso por diante da lei, fuxindo de estado en estado, de traballo en traballo e de identidade en identidade para evitaren ser localizados polo FBI. Agora, o seu fillo máis vello, Danny, fartouse de fuxir dun pasado que non é o seu. Danny quere empezar a vivir de forma independente, pero para conseguilo poida que non volva ver a súa familia de novo.



THE HOUSE ON CARROLL STREET

A CASA DE CARROLL STREET

Ficha artística

Kelly McGillis, Jeff Daniels, Jessica Tandy, Mandy Patinkin, Jonathan Hogan, Kenneth Welsh, Christopher Rhode, Remak Ramsay.

Ficha técnica

Dirección: Peter Yates

Guión: Walter Bernstein

Fotografía: Michael Ballhaus

Música: Georges Delerue

Producción: MGM / UA

Datos técnicos

Estados Unidos / 1987 / 111 min. / intriga / inglés



GUILTY BY SUSPICION

CAZA DE BRUXAS

Ficha artística

Robert De Niro, Annette Bening, George Wendt, Patricia Wettig, Sam Wanamaker, Luke Edwards, Chris Cooper, Ben Piazza, Gailard Sartain, Barry Pimus, Stuart Margolin, Martin Scorsese.

Ficha técnica

Dirección: Irwin Winkler

Guión: Irwin Winkler

Fotografía: Michael Ballhaus

Música: James Newton Howard

Producción: Warner Bros. Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1991 / 105 min. / drama / inglés

Emily Crane perdeu o seu traballo de xornalista como editora fotográfica dunha revista por unha simple razón: é de esquerdas e iso choca coa ideoloxía reinante na Norteamérica dos anos 50, na que a persecución dos comunistas ou de calquera que simpatice con eles supón entrar en listas negras como a que propugnou MacCarthy no mundo do cine, e como se nega a dar nomes ante o comité do Senado perde o seu traballo en *Life Magazine*. Será ela a que descubra un complot no que están implicados uns criminais de guerra nazis que están escondidos nos Estados Unidos.

Empezou unha caza de bruxas. Non son feixes de alborotadores que andan á espreita con fachos nas mans. Os cazadores son uns políticos ante os flashes das cámaras en audições públicas convocadas polo Comité de Actividades Antiamericanas. Hollywood está sendo xulgado e a David Merrill pídenlle que dea nomes. Merrill é un director que encabeza a lista negra e que pode salvar a súa estancada carreira se testifica contra os seus amigos sospeitosos de ser comunistas.



CITIZEN COHN

CIDADÁN COHN

Ficha artística

James Woods, Joe Don Baker, Joseph Bologna, Ed Flanders, Frederic Forrest, Lee Grant, Pat Hingle, John McMartin, Josef Sommer, Daniel Benzali, Tovah Feldshuh, John Finn, Frances Foster, Allen Garfield, David Marshall Grant.

Ficha técnica

Dirección: Frank Pierson
Guión: David Franzoni (Novela: Nicolas von Hoffman)

Fotografía: Paul Elliott

Música: Thomas Newman

Producción: Home Box Office (HBO)

Datos técnicos

Estados Unidos / 1992 / 111 min. /
biográfico / inglés

Premios

Emmy 1993: 3 premios e 12
candidaturas, incluíndo mellor
telefilm e dirección

Unha dura mirada á vida e á obra de Roy Marcus Cohn a través de escenas retrospectivas namentres agoniza por mor da sida nun hospital de Nova York.



CRADLE WILL ROCK

ABAIXO O TELÓN

Ficha artística

John Cusack, Susan Sarandon, Vanessa Redgrave, John Turturro, Rubén Blades, Joan Cusack, Philip Baker Hall, Bill Murray, Emily Watson, Cherry Jones, Angus Macfadyen, Cary Elwes, Paul Giamatti.

Ficha técnica

Dirección: Tim Robbins
Guión: Tim Robbins
Fotografía: Jean-Yves Escoffier

Música: David Robbins

Producción: Havoc

Datos técnicos

Estados Unidos / 1999 / 132 min. /
drama / inglés, italiano

Premios

Festival de Cannes 1999:
candidata á Palma de Ouro
(mellor película)

Película coral na que un Orson Welles mozo tenta estrear unha obra titulada *Cradle will rock* na época da Gran Depresión norteamericana.



ANGELS IN AMERICA

ANXOS EN AMÉRICA

Ficha artística

Al Pacino, Meryl Streep, Emma Thompson, Patrick Wilson, Mary-Louise Parker, Melissa Wilder, Howard Pinhasik, Ben Shenkman, Justin Kirk, Jeffrey Wright, James Cromwell, Fatima Da Silva, Florence Kastner, David Zayas, Michael Gambon, Simon Callow.

Ficha técnica

Dirección: Mike Nichols

Guión: Tony Kushner (Obra: Tony Kushner)

Fotografía: Stephen Goldblatt

Música: Thomas Newman

Producción: HBO Films presenta unha produción Avenue Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos, Italia / 2003 / 352 min. / drama, fantasía / inglés, hebreo, francés

Premios

Emmys 2004: 11 galardóns, incluíndo mellor miniserie, actor (Pacino) e actriz (Streep)

Globos de Ouro 2003: mellor miniserie, mellor actor, mellor actriz, actor secundario e actriz secundaria

Critics' Choice Awards 2003: mellor película para TV

Unha radiografía dos primeiros estertores do virus da SIDA na comunidade homosexual de Nova York no ano 1985, coas reaccións dos afectados e os seus achegados ante un elemento descoñecido que lía mudar as súas vidas por completo.



GOOD NIGHT, AND GOOD LUCK

BOAS NOITES, E BOA SORTE

Ficha artística

David Strathairn, George Clooney, Robert Downey Jr., Jeff Daniels, Frank Langella, Patricia Clarkson, Thomas McCarthy, Matt Ross, Tate Donovan, Ray Wise, Alex Borstein, Grant Heslov, Robert Knepper.

Ficha técnica

Dirección: George Clooney

Guión: George Clooney, Grant Heslov

Fotografía: Robert Elswit

Música: Dianne Reeves

Producción: Warner Independent Pictures / 2929 Entertainment / Participant Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 2005 / 93 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Venecia 2005: mellor actor (David Strathairn), guión e FIPRESCI

Coa firme vontade de informaren dos feitos e de ilustraren a audiencia, Murrow e o seu incondicional equipo (capitaneado polo seu produtor Fred Friendly e Joe Wershba dende a sala de redacción da CBS) fan fronte ás presións corporativas e dos patrocinadores para examinar as mentiras e as tácticas alarmistas perpetradas por McCarthy durante a súa «caza de bruxas» comunista. Cando o senador reacciona acusando o presentador de ser comunista, levántase unha enorme indignación pública.



TRUMBO

TRUMBO E A LISTA NEGRA

Ficha artística

Christopher Trumbo, Michael Douglas, Joan Allen, Donald Sutherland, Liam Neeson, Nathan Lane, Brian Dennehy, Paul Giamatti, Josh Lucas, David Strathairn, Danny Glover.

Datos técnicos

Estados Unidos / 2007 / 96 min. / documental / inglés

Ficha técnica

Dirección: Peter Askin

Guión: Christopher Trumbo

Producción: Samuel Goldwyn Films

Hollywood, anos 50. Documental biográfico da vida e obra do escritor Dalton Trumbo, aclamado guionista e director que pasou 10 anos no ostracismo por culpa da «caza de bruxas» do senador McCarthy. Un repaso aos tempos da lista negra e á vida de Trumbo, quen deixou unha gran cantidade de misivas —lidas por actores da categoría de Donald Sutherland, Michael Douglas ou Liam Neeson— onde ceiba os seus medos, os seus odios e as súas certezas.



AYN RAND: IN HER OWN WORDS

Ficha artística

Phil Donahue, Ayn Rand, Mike Wallace.

Ficha técnica

Dirección: Robert Anderson, John Little

Sonido: James Roberts

Música: Roy Milner

Producción: Robert Anderson, John Little

Datos técnicos

Estados Unidos / 2011 / 74 min. / documental / inglés

O documental explora a personalidade e carreira da escritora obxectivista Ayn Rand a través da súa propia obra, descubríndonos as perspectivas políticas e persoais que influiron na súa escritura. A película narra tamén a vida da autora, dende a súa nenez en Rusia ata o seu éxito como voceira da filosofía obxectivista.



THE COMPANY YOU KEEP

PACTO DE SILENCIO

Ficha artística

Robert Redford, Shia LaBeouf, Nick Nolte, Julie Christie, Richard Jenkins, Chris Cooper, Susan Sarandon, Sam Elliott, Anna Kendrick, Brendan Gleeson, Terrence Howard, Brit Marling, Stephen Root, Stanley Tucci, Keegan Connor Tracy.

Producción: Sony Pictures Classics / Voltage Pictures / Wildwood Enterprises / Kingsgate Films / Brightlight Pictures / TCYK North Productions

Datos técnicos

Estados Unidos, Canadá / 2012 / 125 min. / intriga / inglés

Ficha técnica

Dirección: Robert Redford
Guion: Lem Dobbs (Novela: Neil Gordon)
Fotografía: Adriano Goldman
Música: Cliff Martinez

Premios

Festival de Venecia 2012: sección oficial de longametraxes (fóra de competición)
Festival de Toronto 2012: candidata ao premio do Público (mellor película)

Jim Grant levou unha vida escondida durante trinta anos a causa da súa militancia política nos Weather Underground. Foi perseguido polo FBI, que o mantivo nas súas listas dos máis buscados durante todo este tempo, pero el conseguiu pasar desapercibido e levar unha existencia paralela máis ou menos normal. Porén, un xornalista mozo, Ben Shepard, comezou a investigar o seu caso e ameaza con destruír todo o que durante tanto tempo tardo Jim en edificar ao seu arredor para se protexer.

CINEUROPA

**ARTHUR
MILLER:
CENTENARIO**

ARTHUR MILLER: CENTENARIO



ALL MY SONS TODOS ERAN OS MEUS FILLOS

Ficha artística

Edward G. Robinson, Burt Lancaster, Mady Christians, Louisa Horton, Howard Duff, Frank Conroy, Lloyd Gough, Arlene Francis.

Datos técnicos

Estados Unidos / 1948 / 95 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Irving Reis

Guión: Chester Erskine (Obra: Arthur Miller)

Fotografía: Russell Metty

Música: Chester Erskine

Producción: Universal Pictures

Joe Keller é un acomodado empresario sen aparentes remorsos nin máis pantasmas no seu pasado que a desaparición de Larry, un dos seus dous fillos, durante a segunda guerra mundial. Porén, ao seu antigo socio as cousas fóronlle peor. Durante un reencontro da familia Keller, o pasado, que todos crían unha ferida case cicatrizada, volve supurar, trastornando os sonhos e esperanzas duns e rachando os veos de ruindades sobre os que outros construíran a súa vida.



DEATH OF A SALESMAN (1951)

MORTE DUN VIAXANTE

Ficha artística

Fredric March, Mildred Dunnoek, Kevin McCarthy, Cameron Mitchell, Howard Smith, Royal Beal, Don Keefer.

Ficha técnica

Dirección: László Benedek

Guión: Stanley Roberts (Obra: Arthur Miller)

Fotografía: Franz Planer

Música: Alex North

Producción: Stanley Kramer Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 1951 / 115 min. / drama / inglés

Premios

Globos de Oro 1951: 5 galardóns, incluíndo mellor director e actor (March)

National Board of Review 1951: top 10 mellores películas

Festival de Cine de Venecia 1952: mellor actor (Fredric March)



DEATH OF A SALESMAN (1966)

MORTE DUN VIAXANTE

Ficha artística

Stanley Adams, Edward Andrews, Lee J. Cobb, Albert Dekker, Mildred Dunnoek, James Farentino, Marc Fiorini, June Foray.

Ficha técnica

Dirección: Alex Segal

Guión: Obra: Arthur Miller

Música: Robert Drasnin

Producción: Columbia Broadcasting System (CBS)

Datos técnicos

Estados Unidos / 1966 / 100 min. / drama / inglés

Premios

Emmy 1967: mellor programa dramático, dirección e premio especial a Miller

Willy Loman é un viaxante de comercio que, ás portas da vellez, se sente perseguido por un pasado mediocre. As lembranzas lévano a facer un exame das relacións que tivo coa súa muller, Linda, comprensiva a pesar de todo, e cos seus dous fillos, que agora o fan de menos e que noutro tempo o admiraban.

As últimas vinte e catro horas na vida dun viaxante de sesenta e tres anos chamado Willy Loman mediante un maxistral retrato duns personaxes que, sendo testemuños dunha época, son, por riba de todo, únicos e singulares, nunha atmosfera onírica, desacougante e emotiva.



EVERYBODY WINS

TODO O MUNDO GAÑA

Ficha artística

Nick Nolte, Debra Winger, Will Patton, Judith Ivey, Jack Warden, Kathleen Wilhoite, Frank Converse, Frank Military.

Datos técnicos

Reino Unido / 1990 / 97 min. /
drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Karel Reisz

Guión: Arthur Miller, baseado na
súa propia obra

Fotografía: Ian Baker

Música: Mark Isham, Leon
Redbone

Producción: Orion Pictures

Nunha pequena comunidade de Connecticut, un home é xulgado e encarcerado por un crime que non cometeu. Unha misteriosa muller da vila contrata un detective para resolver o caso. Ao longo da investigación, irá desenmascarando unha profunda trama de corrupción e a verdadeira identidade da súa cliente, da que se irá namorando.



NONE WITHOUT SIN

NINGUÉN SEN PECADO:

ELIA KAZAN E ARTHUR MILLER

Ficha artística

Warren Beatty, Walter Bernstein,
Marlon Brando, Steve Centola,
Patricia Bosworth, Christopher
Bigsby.

Música: Joel Goodman

Producción: Educational
Broadcasting Corporation

Datos técnicos

Estados Unidos / 2003 / 120 min. /
documental / inglés

Ficha técnica

Dirección: Michael Epstein

Guión: Michael Epstein

Cando a Elia Kazan, director de películas máximas como *Ao Leste do Edén* ou *Esplendor na herba*, se lle concedeu en 1999 un Oscar honorífico a toda a súa carreira, o asunto xerou unha gran polémica no mundo cinematográfico. En 1952, Kazan dera os nomes de oito compañeiros e amigos que militaran con el no partido comunista, nomes que pasaron a engrosar a lista negra do senador McCarthy, o que significaba a morte civil dos implicados. O escritor Arthur Miller, autor de *Todos eran os meus fillos*, *A morte dun viaxante* ou *Panorama dende a ponte*, foi un deles.



THE CRUCIBLE

Ficha artística

Daniel Day-Lewis, Winona Ryder, Paul Scofield, Joan Allen, Bruce Davison, Rob Campbell, Jeffrey Jones, Peter Vaughan, Karron Graves, George Gaynes, Charlayne Woodard, Frances Conroy, Elizabeth Lawrence, Rachael Bella.

Ficha técnica

Dirección: Nicholas Hytner
 Guión: Arthur Miller (Obra de teatro: Arthur Miller)
 Fotografía: Andrew Dunn
 Música: George Fenton
 Producción: 20th Century Fox

En 1692, na puritana cidade de Salem (Massachusetts), un grupo de rapazas é acusado de practicar a bruxería. Unha delas, Abigail Williams, procesada por esta razón, presenta pola súa banda cargos contra John Proctor e a súa esposa Elizabeth para se vingar deles: cando foi a súa criada, tivo unha aventura con John, que acabou rexeitándoa para volver coa súa muller.

Datos técnicos

Estados Unidos / 1996 / 124 min. / drama / inglés

Premios

Premios BAFTA 1996: mellor actor secundario (Scofield)
 Critics' Choice Awards 1996: mellor actriz secundaria (Joan Allen)
 Festival de Berlín 1997: sección oficial de longametraxes



THE MISFITS VIDAS REBELDES

Ficha artística

Clark Gable, Marilyn Monroe, Montgomery Clift, Eli Wallach, Thelma Ritter, Estelle Winwood, James Barton, Kevin McCarthy.

Ficha técnica

Dirección: John Huston
 Guión: Arthur Miller
 Fotografía: Russell Metty
 Música: Alex North
 Producción: United Artists / Seven Arts Productions

Datos técnicos

Estados Unidos / 1961 / 124 min. / western / inglés

Roslyn Tabor, unha moza que chega a Reno (Nevada) para divorciarse, coñece un vaqueiro veterano e decide pasar uns días con el na súa casoupa. Pouco despois, el atopa nas montañas unha manda de cabalos salvaxes e acorda capturalos para vender a carne, contando coa axuda dun vaqueiro especialista en rodeos.

**Lugares para alojarte,
comer o reunirte en Santiago**





Hotel Virxe da Cerca
Hotel Pombal
Hotel Airas Nunes
Hotel San Clemente



Porta Faxeira
O Boteco
Picho da Cerca



Pazo de Lestrove
Monasterio de Aciveiro
Aldea de Sestelo

**CI
NEU
RO
PA**

**CICLO
AMOS
KOLLEK**



BRIDGET

Ficha artística

Anna Thompson, David Wike, Lance Reddick, Julie Hagerty, Arthur Storch, Mark Margolis, Thom Christopher, Saul Stein, Russ Russo.

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Ed Talavera

Música: Joe Delia

Producción: F.R.P./
Cinema Parisien / Euro Space

Datos técnicos

Francia, Xapón, Estados Unidos /
2002 / 90 min. / drama / inglés

Premios

Festival de Berlín 2002: Sección oficial de longametraxes

A historia dunha moza cun pasado tormentoso a quen dez anos antes, a raíz do brutal asasinato do seu home, separan do seu neno Clarence. Depois diso, fará todo o posible por volver vivir co seu fillo. De Midwest a Nova York, de Miami a Oriente Medio, e novamente a Nova York, sempre buscando diñeiro, a súa traxectoria é una serie de experiencias nun mundo de luces e sombras. Un día coñece a Hawk e este faillle unha estraña proposta...



FAST FOOD, FAST WOMEN

COMIDA RÁPIDA, MULLERES ACTIVAS

Ficha artística

Anna Thomson, Jamie Harris, Louise Lasser, Victor Argo, Robert Modica, Lonette McKee, Angelica Tom, Austin Pendleton, Valerie Geffner, Mark Margolis.

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Jean-Marc Fabre

Música: David Carbonara

Producción: Fast Productions LLC /
Lumen Films / Orly Films

Datos técnicos

Estados Unidos, Francia, Italia /
2000 / 98 min. / comedia / inglés

Premios

Festival de Cannes 2000:
Candidata á Palma de Ouro (mellor película)

Bella, que está a piques de cumprir trinta e cinco anos e é camareira nunha cafetería neoiorquina, arrastra dende hai anos unha relación sen futuro cun home casado. Cando a súa nai, que vive a milleiros de quilómetros, lle propón que coñeza unha persoa, Bella accede sen facerse moitas ilusións. O home chámase Bruno, é taxista e escribe novelas que os editores lle rexeitan. O encontro transcorre ben, pero Bella, decidida a non facelo fuxir cos seus sonhos de casar e formar unha familia, dille que odia os nenos; un duro golpe para Bruno que, aínda que é mullereiro, ten que se ocupar dos seus dous fillos, que a súa ex-muller deixou ao seu cargo.



FIONA

Ficha artística

Anna Thomson, Felicia Maguire, Alyssa Mulhern, Anna Grace, Bill Dawes, Mike Hodge, Christopher McCann, Matthew Powers, Noel Robichaux, Michele Santopietro.

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Ed Talavera

Música: Alison Gordy

Producción: AMKO Productions Inc.

Fiona só ten tres meses cando a súa nai a abandona nunha rúa de Nova York. No seu paso por varias familias adoptivas, Fiona é vítima de abusos de todo tipo e convértese en prostituta na adolescencia. Algúns anos máis tarde, atopa á súa nai.



FOREVER LULU

Ficha artística

Hanna Schygulla, Deborah Harry, Alec Baldwin, Annie Golden, Paul Gleason, Raymond Serra, George Kyle.

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Lisa Rinzler

Música: Paul Chihara

Producción: Bayerischer Rundfunk (BR) / Lulu Productions / TriStar Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1987 / 85 min. / comedia / inglés

Unha moza alemá chamada Elaine Hines viaxa a Nova York soñando con se converter en escritora. Elaine enrédase nun misterio e acaba por ter problemas cun grupo de gánsters que a farán vivir unha serie de tolas aventuras.



NOWHERE TO GO BUT UP (HAPPY END)

Ficha artística

Audrey Tautou, Justin Theroux,
Jennifer Tilly, Laila Robins,
Catherine Curtin, Frank Pellegrino,
Jenna Lamia, Juan Carlos
Hernández, Bruce MacVittie, Joe
Zaloom.

Producción: F.R.P. / Forensic Films /
Studio Canal

Datos técnicos

Estados Unidos, Francia,
Alemania / 2003 / 98 min. /
comedia / inglés

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Ken Kelsch

Val ten 23 anos e adoece por atopar o seu lugar no mundo. Co soño de chegar a ser unha boa actriz, a moza viaxa a Nova York, chea de ilusións e optimismo. Sen embargo, despois dun tempo na cidade decátase de que o camiño vai ser máis complicado do que pensaba; o traballo non aparece e a moza atópase soa e esfameada, percorrendo rúas que non coñece. Na gran cidade, Val tenta facer amigos, pero todo o mundo que coñece está demasiado preocupado por atopar o seu camiño, coma ela, e non lle dan moita importancia á amizade. Un día, a rapaza está a punto de tirar a toalla, desesperada, cansa e moi soa. Está sentada no portal dun edificio cando entra no campo de visión dun bo escritor que hai tempo que perdeu a súa inspiración. Nada máis vela, o escritor sabe que Val é especial, a súa musa.



RESTLESS

Ficha artística

Moshe Ivgy, Ran Danker, Karen
Young, Phyllis Somerville, Michael
Moshonov, Tzahi Grad, Arnon
Zadok, Ethan Gould, Albert Iluz,
Miri Mesika, Udi Rothchild, Yosef
'Joe' Sweid, Nadia Gilot, Adrian
Blaze, Yuval Daniel, David Gozlan.

Música: Delphine Measroch

Producción: Pie Films / Twenty
Vision Filmproduktion
GmbH / Hamon Hafakot

Datos técnicos

Israel, Alemaña, Francia, Canadá,
Bélxica / 2008 / 100 min. / drama /
inglés, hebreo, árabe

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Amos Kollek

Premios

Festival de Berlín 2008: Sección
oficial de longametraxes

Moshe está esgotando todas as súas posibilidades. Ningunha das cousas que fixo ata o de agora dende que chegou a Nova York lle dá resultados. Hai vinte anos, Moshe era un escritor de certo éxito en Israel, pero a súa obra non acadou o recoñecemento que el mesmo coidaba que merecía. Cando naceu o seu fillo comezou a pensar que caera nunha trampa. Desilusionado, emigrou aos EE.UU. na procura de fama e diñeiro, sen pensar nin por un intre nas cousas que abandonaba. Tzach é un soldado dunha unidade de elite do exército israelita. O seu comportamento, temerario alén do razoable, semella revelar a existencia dun conflito interior. Un día, cando morre a súa nai, descubre entre uns papeis o enderezo do seu pai, ao que nunca coñecera. De súpeto, toda a rabia acumulada durante aqueles anos estoupa e decide chamalo.



SUE

SUE, PERDIDA EN MANHATTAN

Ficha artística

Anna Thompson, Matthew Powers, Tahnee Welch, Tracee Ellis Ross, Austin Pendleton, John Ventimiglia, Edoardo Ballerini, Matthew Faber.

Datos técnicos

Estados Unidos / 1997 / 91 min. / drama / inglés

Premios

Berlín 1998: Premio Fipresci

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Ed Talavera

Música: Chico Freeman

Producción: Castle Hill Productions

Sue deixou a súa terra, a súa familia e amigos para se instalar en Nova York. Pasan os anos, está na trintena e vive soa; perdeu o seu traballo como secretaria e non pode facer fronte ao alugueiro. Sue está desacougada e abafada e non sabe como saír da situación, ata que coñece nun restaurante a Ben, un mozo xornalista que parece que vai poñer fin á súa dor.



WHORE 2

Ficha artística

Marla Sucharetza, Robert Kerbeck, Phil Parolisi, Nancy McPherson, Pat 'Delightful' Kelly, Sylvia Hill, Mari Nelson, Stacy Goodwin, Abelardo 'Chino' Coimbre, Gilbert Giles, Kathy White, Alicia Miller, Erin McMurtry, Jessica Sager.

Guión: Amos Kollek

Fotografía: Ed Talavera

Música: Mark DeSimone

Producción: Five Girls

Datos técnicos

Estados Unidos / 1994 / 85 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Amos Kollek

Jack múdase ao Hotel St James para traballar no seu libro sobre a prostitución en Nova York. Polo camiño coñece a Mary Lou e a súa relación vaise estreitando.

**CI
NEU
RO
PA**

**FILMADAS
EN 1965**



BABY THE RAIN MUST FALL

A ÚLTIMA TENTATIVA

Ficha artística

Lee Remick, Steve McQueen, Don Murray, Paul Fix, Josephine Hutchinson, Ruth White, Charles Watts, Carol Veazie.

Producción: Columbia Pictures

Datos técnicos

Estados Unidos / 1965 / 100 min. / drama / inglés

Ficha técnica

Dirección: Robert Mulligan

Guión: Horton Foote

Fotografía: Ernest Laszlo

Música: Elmer Bernstein

Henry Thomas, un convicto ao que lle conceden a liberdade condicional, volve a unha pequena vila de Texas onde actúa como cantante dunha banda. A súa nai insístelle para que deixe de cantar e retome os seus estudos. A súa muller, Georgette, e mais a súa filla volven para vivir de novo co el, pero o seu forte temperamento porá en perigo a súa liberdade.



HEITAI YAKUZA

HOODLUM SOLDIER

Ficha artística

Katsu Shintaro, Tamura Takahiro, Awaji Keiko, Nakamura Takashi.

Datos técnicos

Xapón / 1965 / 103 min. / drama / xaponés

Ficha técnica

Dirección: Yasuzo Masumura

Guión: Ryuzo Kikushima. Novela: Yoriyoshi Arima

Fotografía: Setsuo Kobayashi

Música: Naozumi Yamamoto

Producción: Daiei Studios

Un mozo, obxector de conciencia intelectual, vese obrigado a servir co exército xaponés en Manchuria. Alí úneselle un ex-mafioso de poucas luces que intenta desertar.



IO LA CONOSCEVO BENE EU COÑECÍAA BEN

Ficha artística

Stefania Sandrelli, Mario Adorf, Jean-Claude Brialy, Nino Manfredi, Ugo Tognazzi, Robert Hoffmann, Joachim Fuchsberger, Enrico Maria Salerno, Karin Dor, Franco Fabrizi, Franco Nero, Veronique Vendell.

Ficha técnica

Dirección: Antonio Pietrangeli

Guión: Antonio Pietrangeli, Ruggero Maccari, Ettore Scola

Fotografía: Armando Nannuzzi

Música: Benedetto Ghiglia, Piero Piccioni

Producción: Les Films du Siècle / Roxy Film / Ultra Film

Datos técnicos

Italia, Alemaña do Oeste, Francia / 1965 / 99 min. / drama / italiano

Premios

Festival Mar del Plata 1966: mellor director

Adriana, unha moza que vive no campo, trasládase a Roma para buscar fortuna no mundo do espectáculo. Unha vez na capital colecciona amantes e oficios, dende anuncios ata pequenos papeis no cine. É guapa e inxenua, polo que moitos homes tentan aproveitarse dela.



LÁSKY JEDNÉ PLAVOVLÁSKY OS AMORES DUNHA LOIRA

Ficha artística

Hana Brecjchova, Vladimír Pucholt, Vladimír Mensík, Jiří Hrubý, Josef Sebanek.

Ficha técnica

Dirección: Milos Forman

Guión: Milos Forman, Jeroslau Papoušek, Ivan Passer

Fotografía: Miroslav Ondříček

Música: Evžen Ilčin

Producción: Barrandow

Datos técnicos

Checoslovaquia / 1965 / 90 min. / comedia negra / checo

Premios

Oscar 1966: candidata a mellor película de fala non inglesa

Globos de Ouro 1966: candidata a mellor película de fala non inglesa

Unhas mozas obreiras viven nunha pensión de Zruc, entre elas Andula. A escaseza de homes na vila preocúpalles aos funcionarios da fábrica de zapatos, xa que as mozas están decididas a irse de Zruc, precisamente por esta razón. Para evitalo, utilizan as súas influencias para conseguir que se instale na vila unha gornición militar. Porén, para desilusión das rapazas, os soldados son todos veteranos.



LE BONHEUR

A FELICIDADE

Ficha artística

Jean-Claude Drouot, Marie-France Boyer, Claire Drouot, Olivier Drouot, Sandrine Drouot.

Ficha técnica

Dirección: Agnès Varda

Guión: Agnès Varda

Fotografía: Jean Rabier, Claude Beausoleil

Música: W. A. Mozart

Producción: Parc Film

Datos técnicos

Francia / 1965 / 79 min. / drama / francés

Premios

Berlín 1965: Oso de Prata - Premio Extraordinario do Xurado

François é un carpinteiro mozo casado e con dous fillos. A pesar de que a súa vida conxugal con Thérèse é pracenteira, cando coñece a Emilie non pode evitar sentirse atraído por ela e acaban tendo unha aventura. O verdadeiro problema é que non dá aclarado os seus sentimentos: ama a súa muller tamén a súa amante, pero non sabe a cal das dúas ama máis.



PARIS VU PAR...

PARÍS VISTO POR...

Ficha artística

Jean-Pierre Andréani, Stéphane Audran, Nadine Ballot, Claude Chabrol, Jean-François Chappey, Gilles Chusseau, Serge Davri, Micheline Dax, Marcel Gallon, Philippe Hiquilly, Claude Melki, Gilles Quéant, Jean-Michel Rouzière, Dany Saril, Barbet Schroeder, Joanna Shimkus, Barbara Wilkin.

Ficha técnica

Dirección: Claude Chabrol, Jean Douchet, Jean-Luc Godard, Jean-Daniel Pollet, Éric Rohmer, Jean Rouch

Guión: Claude Chabrol, Jean Douchet, Jean-Luc Godard, Jean-Daniel Pollet, Éric Rohmer, Jean Rouch, Georges Keller

Fotografía: Néstor Almendros, Micheline Dax, Alain Levent, Albert Maysles, Jean Rabier

Producción: Les Filmes du Cypres / Les Films du Losange

Datos técnicos

Francia / 1965 / 95 min. / drama, comedia / francés

Película concibida polo produtor Barbet Schroeder e composta por seis curtametraxes dirixidas por algúns dos mellores directores franceses da época. Os títulos corresponden a barrios parisienses. Godard roda unha comedia romántica en Montparnasse; Rouch segue unha rapaza pola Gare du Nord; Claude Chabrol mostra unha infeliz familia burguesa en La Muette; Jean-Daniel Pollet conta unha historia esmendrellante sobre o encontro dun home tímido cunha prostituta na Rue Saint-Denis; Jean Douchet narra a historia dunhas mozas americanas que saen de paseo cuns franceses por Saint-Germain-des-Prés, e Éric Rohmer segue un vendedor que se encerella nunha pelexa cun borracho na Place de l'Étoile e teme telo matado.



REKOPIS ZNALEZIONY W SARAGOSSIE

O MANUSCRITO ATOPADO EN ZARAGOZA

Ficha artística

Zbigniew Cybulski, Iga
Cembrzyńska, Elżbieta
Czyżewska, Gustaw Holoubek,
Stanisław Igar, Joanna Jedryka,
Janusz Klosinski.

Fotografía: Mieczysław Jahoda

Música: Krzysztof Penderecki

Producción: Kamera Film Unit

Datos técnicos

Polonia / 1965 / 182 min. /
fantástico / polaco

Ficha técnica

Dirección: Wojciech Has

Guión: Tadeusz Kwiatkowski
(Novela: Jan Potocki)

O capitán das tropas napoleónicas, Alfonso van Worden, que acaba de chegar a Madrid, descobre grazas a dúas princesas mouriscas que está destinado a grandes empresas, polas cales deberá superar numerosas probas. Comezará daquela unha sucesión circular de aventuras desenvolvidas baixo a influencia dun cabalista un matemático.



SHADOWS OF FORGOTTEN ANCESTORS

OS CORCEIS DE LUME

Ficha artística

Ivan Mikolajchuk, Larisa
Kadochnikova, Tatyana Bestayeva,
Spartak Bagashvili, Nikolai Grinko,
Leonid Yengibarov, Nina Alisova,
Aleksandr Gaj.

Fotografía: Viktor Bestayev,
Yuri Ilyenko

Música: Miroslav Skorik

Producción: Dovzhenko Film
Studios

Ficha técnica

Dirección: Serguei Paradjanov

Guión: Serguei Paradjanov, Ivan
Chendej (Historia: Mikhaylo
Koysyubinskiy)

Datos técnicos

Unión Soviética / 1965 / 97 min. /
drama / ucraino

Dende a súa máis tenra infancia, Ivan e Marichka viven un apaixonado e romántico amor a pesar da inimidade que acaba enfrontando as súas familias. Mesmo cando se ven obrigados a separarse, hai no ceo unha estrela que permite que se lembren o un do outro.



SHUNPU DEN

STORY OF A PROSTITUTE

Ficha artística

